



Resumo de literatura

*2º de bacharelato
4º da ESO*

Fichas sobre os autores e autoras máis
relevantes dos séculos XX e XXI e escolma

MARZO DE 2025

-

Autor
O XANDRE DE PONTEVEDRA

-

Especialidade
LINGUA GALEGA E LITERATURA

-

RESUMO DE AUTORES PARA A MATERIA DE LINGUA GALEGA
E LITERATURA COMPOSTO SOBRE TIPOGRAFÍAS MINION
PRO, PLAYFAIR DISPLAY E MONTSERRAT PARA O INTERIOR E
MONTSERRAT PARA A CUBERTA

Declaración de intencións

*Este é o momento inmediatamente anterior a.
No seu silencio,
intúese o ruxir crecente do futuro que se está formando
miles de quilómetros mar adentro.*

MARÍA LADO

Unha das nosas tarefas como docentes de Lingua Galega e Literatura de ensino medio consiste en transmitirle ó alumnado ese futuro que roxe silenciosamente nas palabras do noso país, en procurar acubillo nas entrañas dos e das discentes para a semente da curiosidade, a lectura, a interpretación e a reflexión crítica acerca da literatura. Alén disto, **apostar pola cooperación, o apoio mutuo e a transmisión dun coñecemento que, ante todo, sexa libre, gratuito e accesible é un deber que non se pode esquecer baixo ningún concepto.** No mundo individualista e competitivo en que vivimos, é máis necesario ca nunca traballarmos xuntos, *proa e rella sempre*, partir da axuda desinteresada e, grazas a iso, dar todo pola lingua e a cultura propias.

Con base nisto, este documento pretende ser un resumo máis ou menos fiel, máis ou menos acertado e máis ou menos coherente do panorama literario en lingua galega durante os séculos XX e XXI. Evidentemente, como en calquera escolma, hai moitas voces e moitas pezas que quedan relegadas ao silencio. No entanto, isto non implica que as persoas e as obras que falten sexan accesorias ou secundarias.

Desta maneira, tivéronse en conta historias da literatura galega, antoloxías de todo tipo e apuntamentos xerais de varias fontes. Fóronvos unhas cantas horiñas de traballo copiando cousas, moitas veces co teclado directamente dende o papel (porque isto tamén é o que teñen as linguas minorizadas, que procures poemas de Chus Pato, Yolanda Castaño ou Olga Novo a través da Rede e atopas unicamente poemas traducidos ao castelán).

Espero, por tanto, que o produto final sexa do voso agrado.

AVISO PARA O ALUMNADO

Isto vai para o alumnado que poida ler isto (pouco será, pero alguén sempre cae): moito ánimo preparando a literatura e, en xeral, 2º de bacharelato. É un curso que se pode chegar a facer duro, pero de todo se sae. **Non perdades as ganas, tede boas lecturas, defendede a vosa lingua e a vosa cultura e desfrutade, que para algo estamos aquí.**

Índice de temas (preme) 



Amor, eterna inqueda,
pon nos meus beizos doídos
o cáliz da Saudade!
RAMÓN CABANILLAS

Tema 1

*A poesía das Irmandades da Fala.
Características, autores e obras
representativas*

Lista de autores:

1. Noriega Varela
2. Ramón Cabanillas



Antonio Noriega Varela

Tema 1. A poesía das Irmandades da Fala

Obras

- *Montañesas*
- *Do ermo*

Temas e liñas

- Liña ruralista
- Liña costumista
- Liña intimista e culta

Estilo

- Franciscanismo: atracción polo humilde
- Relixiosidade
- Mestura entre formas cultas (sonetos) con populares
- Emprego abundante do sufixo “-iño”
- Mestura de recursos cultos con populares

Contexto

- Galicia rural e movementos agraristas
- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista *Nós*, editoriais como *Lar* ou *Céltiga*)
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Saudosismo portugués

Toda humilde beleza...

Noriega Varela, *Do ermo*

Vago xirón de brétema, atavío
soberbio da irta xesta, reidora,
fulgurante doíña de rocío
(pazo do sol e lágrima da aurora);

raiola de lunar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora.

É un vermiño de luz o amigo caro
do meu nume saudoso... Antes reparo
na nudez adorable dunha estrela

que nas rosas dos vales, que sorríen,
que nos mantos dos pinos, que se engríen,
que nas blondas do mar, que se rebela.

Como chove miudiño...

Noriega Varela, *Do ermo*

Vagaroso chover... Este zarzallo
que alxófares espalla, de mansiño,
é bendición de Dios i é un irmauciño
das lágrimas, da brétema e do orballo.

O ceio inda non ten outro agasallo
mellor pra demostra-lo seu cariño
ás froliñas da urce i ás do espiño,
i á ramaxe pomposa do carballo.

E Galicia, sin par, onde eu nacera,
tralo rico presente, quizá espera
do irmau sol, rei da luz, unha raiola...

¡Quizá!, pois xa notou a ialma miña
que, si adoita de estar na cruz soliña,
ó sentirse feliz, non quer ser sola.



Ramón Cabanillas

Tema 1. A poesía das Irmandades da Fala

Obras

- Etapa de formación ou pregaleguista: poeta anticaciquil e cívico
 - » *No desterro* (1913)
 - » *Vento mareiro* (1915)
- Etapa decisiva: poeta cívico e galeguista
 - » *Da terra asoballada* (1917)
- Etapa mítico-saudosista
 - » *O mariscal* (1926, teatro)
 - » *Na noite estrelecida* (1926): recuperación do pasado lendario
 - » *A rosa de cen follas* (1927): poesía intimista e amorosa
- Etapa de segunda madurez: intimismo e existencialismo
 - » *Da miña zanfona* (1954)
 - » *Samos* (1958)

Temas, liñas e fontes

- **Fontes:** é un poeta que recolle a obra dos tres poetas do Rexurdimento (Rosalía, Curros e Pondal), mais tamén a poesía clásica, o romanticismo, o modernismo ou o saudosismo
- **Temas:** intimista (amor, natureza), cívica (agrarismo e galeguismo), costumista e narrativa (materia da Bretaña)

Estilo

- O seu estilo depende moito da obra
- **Na noite estrelecida:** poemas narrativos, recursos da épica (epítetos, hipérbatos) e verso longo alexandrino
- **Temática cívica:** poemas directos, apelacións e exclamacións

Contexto

- Galicia rural e movementos agraristas
- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista Nós, editoriais como Lar ou Céltiga)
- Auxilio do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Saudosismo portugués

¡En pé!

Da terra asoballada (1917)

¡Irmáns! En pé sereos
a limpa fronte erguida,
envoltos na brancura
da luz que cae de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira de Galicia,
¡cantémo-lo dereito
á libre nova vida!

Validos de traidores
a noite de Frouseira
á patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo
xa afrouxan as cadeas...
¡Irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,
ergámo-la bandeira azul e branca!
E ó pé da enseña da nación galega
cantémo-lo dereito
á libertá da Terra!

¡Irmáns no amor a Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡En pé dispostos
a non morrer sen loita!
¡O día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
á libre, honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
¡A oliva nunha man, a fouce noutra,
berremos alto e forte:
“A nosa terra é nosa”.

O cabaleiro do Sant Grial

Na noite estrelecida (1926)

No castelo que se alza nun rochedo da serra,
onde esquece os traballos e os estrondos da guerra,
Rei Artur, fazañoso, xunta os seus cabaleiros,
en virtude os mellores e na loita os primeiros,
amparo dos humildes, espellos de lealdade,
sonados de valentes en toda a cristiandade.

Poema I (extracto)

A rosa de cen follas (1927)

Amor, eterna inqueda,
pon nos meus beizos doídos
o cáliz da Saudade!

Dáme a diviña tristeza
da nave que vai sin rumbo
sobre do mar da incerteza!

Silenzo (2ª madurez)

Vagaroso chover... Este zarzallo
que alxófares espalla, de mansiño,
é bendición de Dios i é un irmauciño
das lágrimas, da brétema e do orballo.

O ceio inda non ten outro agasallo
mellor pra demostra-lo seu cariño
ás froliñas da urce i ás do espiño,
i á ramaxe pomposa do carballo.

E Galicia, sin par, onde eu nacera,
tralo rico presente, quizá espera
do irmau sol, rei da luz, unha raiola...

¡Quizá!, pois xa notou a ialma miña
que, si adoita de estar na cruz soliña,
ó sentirse feliz, non quer ser sola.



E ficamos nós sós
Sin o Mar e sin o barco
nós

MANUEL ANTONIO

Tema 2

*A poesía de vangarda. Características,
autores e obras representativas*

Lista de autores:

1. Álvaro Cunqueiro (neotrobadorismo)
2. Luís Amado Carballo (hilozoísmo)
3. Manuel Antonio



Álvaro Cunqueiro

Tema 2. A poesía de vangarda

Estilo

- Innovación e afán de ruptura
- **Cubismo** (*Mar ao norde*)
 - » Poemas breves e evocadores (relación co haiku)
 - » Ruptura da sintaxe e ausencia de puntuación
 - » Disposición gráfica chamativa
 - » Esencialización (eliminación dos verbos e predominio do substantivo para amosar a esencia da paisaxe e o poeta)
 - » Descricións irracionais ou alegóricas e recursos de pensamento
- **Surrealismo** (*Poemas do si e non*)
 - » Poemas inzados de recursos de pensamento (metáforas, símbolos)
 - » Poemas moi narrativos (historia de amor contada en terceira persoa)
 - » Simetría na estrutura do libro
 - » Aparente sinxeleza que agocha temas profundos
- **Neotrobadorismo** (*Cantiga nova que se chama riveira, Dona do corpo delgado*)
 - » Temas, recursos e léxico extraído das cantigas medievais
 - » Recursos de repetición (paralelismos, leixapréns, anáforas etc.) e de acumulación (amplificacións, por exemplo)

Contexto

- Irmandades da Fala e proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista Nós, editoriais como Lar ou Céltiga)
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Referencias da literatura universal
- Relación coas vangardas europeas (futurismo, cubismo, dadaísmo, surrealismo, creacionismo ou ultraísmo)
- Manifesto “Máis alá!” de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro
- Revistas vangardistas como *Alfar*, *Ronsel*, *Yunque*, *Resol* ou *Cristal*

Obras

- Cubismo
 - » *Mar ao norde* (1932)
- Surrealismo
 - » *Poemas do si e non* (1933)
- Neotrobadorismo (tamén un pouco neopopularista)
 - » *Cantiga nova que se chama riveira* (1933)
 - » *Dona do corpo delgado* (1950)

Vangardas do autor

- **Cubismo:** paisaxe marítima, tempo, reflexión sobre a fragmentación da vida
- **Surrealismo:** amor e morte (o amor chega a ser ironicamente cursi)
- **Neotrobadorismo:** temáticas propias da lírica medieval

Porto, I (cubismo)

Mar ao norde (1932)

SOL:
Cinco fiestras colgadas
da mesma alba rosa:
vivas,
intactas,
núas,
con arelas de mans,
coma espellos de mastros.

SOMBRA:
Cinco fiestras colgadas
da mesma alba turba:
quedas,
cháas,
duras,
sin afáns de presenza,
sin afáns de fuxida.

SEMPRE:
Cinco fiestras: soio.

3 (neotrobadorismo)

Cantiga nova que se chama riveira (1933)

Con auga de sede vella
namorar eu namoreina,
meu amigo!

Con unha herba lixeira
namorar eu namoreina,
meu amigo!

Namorar eu namoreina
con unha cantiga leda
meu amigo!

Namorar eu namoreina
con áer da primaveira,
meu amigo!

Ela, Poema 4 (surrealismo)

Poemas do si e non (1933)

Ela andaba á beira da súa fiestra, tan cursi!,
que tiña laranxas verdes e un abano con paxaros.

—Que vidro nasceu naquela goteira que toda a
noite soa a vals?

Ela tiña unha alma inxel chea de pontas de dedos
e no branco dos ollos levaba un horizonte de
tangos de
acordeón.

Ela andaba a namorar.

Ela i el, Poema 4

Poemas do si e non (1933)

Nas fiestras das fervenzas mudáranse os ollos
distantes dos menceiros.

Ela comenzaba a porse por máis acó das mazás
conservadas en neve fría.

Ollábase o tornar do movemento nas naturezas
mortas
e a casa estaba toda chea de anacos de espello
pra disimular a cegueira da carne indecisa.

El tiña xa unha sorriso meditativa
e a luz era coma un gran arbore pendurado do
seu maxín.

Esto era cando ela andaba a decir verbas occi-
pitais
e despois morreu.



Luís Amado Carballo

Tema 2. A poesía de vangarda

Obras

- *Proel*
- *O galo*

Temas, liñas e fontes

- Poesía hilozoísta, imaxinista ou animista
- A natureza como ente vivo
- Reflexión dos sentimentos do poeta na natureza (“Noite”, “Spleen”)

Estilo

- Mestura entre elementos innovadores e tradicionais
- Tradición:
 - » Poemas paisaxísticos e descritivos
 - » Elementos naturais
- Modernidade
 - » A natureza aparece viva
 - » Constantes personificacións e sinestesias (mesturar diferentes sentidos)
 - » Desaparece o eu lírico (pasa a agocharse baixo os elementos naturais) e aparece o humorismo nalgúns poemas (“Noite”)

Contexto

- Galicia rural e movementos agraristas
- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista *Nós*, editoriais como *Lar* ou *Céltiga*)
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Relación coas vangardas europeas (futurismo, cubismo, dadaísmo, surrealismo, creacionismo ou ultraísmo)
- Manifesto “Máis alá!” de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro
- Revistas vangardistas como *Alfar*, *Ronsel*, *Yunque*, *Resol* ou *Cristal*

Spleen

Proel

O día amarelo
aboiaba morto
nas ágoas do ceo.

Noite

Proel

A cidade pesca á ardora
e diante da súa rede
de luces de ouro tomado
foxe a lúa como un peixe.

Canción do temporal

Proel

Os berros dos mazaricos
rachan as sedas do mar,
no carro das mouras nubes
vén do sur o temporal.

Nas barras e nos peiraos
rompen as foulas cristadas
de lóstregos azuados
das estrelas afogadas.

Púxose o ceo de loito
polos que van afogar
as centellas como trallas
baten no lombo do mar.

Pontevedra

O galo

No dondo colo do vento
quedouse a choiva durmida.
Lonxe as casas da cidade
baixan a beber na ría.
Dos beizos escoa a copla
Pontevedra é boa vila.

Cando o sol cae nas pedras
pescudando un grolo de ágoa
a sombríña abren as árbores
para o paxaro ximnasta.
Fervendo luz de lúa fresca
dá de beber a quen pasa.

Choutando polos clocheles¹
entrou o Corpus na vila.
Chora esquecida na rúa
a gaita recién nacida.
Ó ceo vai como un foguete
a fonte na Ferrería.

Trema no berce da tarde
a vella voz de guitarras.
Ó pé da rexa amorosa
veu morrer o toque de Ánimas,
que bota a pastar nas nubes
San Bartolomeu na praza.



Manuel Antonio

Tema 2. A poesía de vangarda

Obras

- Manifesto “Máis alá” xunto con Álvaro Cebreiro (1922)
- *Con anacos do meu interior*
- *Foulas*
- *Sempre e mais dispois*
- *De catro a catro* (libro máis relevante do autor)
- *Viladomar*

Temas, liñas e fontes

- **Poesía creacionista**
- **Temas existenciais e intimistas:** a viaxe vital, a morte, o paso do tempo, a vida, a rutina, a monotonía da vida, o pesimismo e o fatalismo
- Poesía marítima e alegórica

Estilo

- Estilo puramente vangardista, orixinal, innovador e rupturista:
 - » Disposición gráfica chamativa e ausencia de puntuación
 - » Ausencia de ritmo e rima / Versolibrismo
 - » Léxico mariñeiro, léxico técnico e estranxeirismos
 - » Ruptura da sintaxe
 - » Imaxes visionarias e gusto pola metáfora impura (moitas veces preposicional)
 - » Estrutura do poemario fechada (comezo da singradura, desenvolvemento, recalada e regreso a terra)

Contexto

- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista Nós, editoriais como Lar ou Céltiga)
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Relación coas vangardas europeas (futurismo, cubismo, dadaísmo, surrealismo, creacionismo ou ultraísmo)
- Manifesto “Máis alá!” de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro
- Revistas vangardistas como *Alfar*, *Ronsel*, *Yunque*, *Resol* ou *Cristal*

“Máis alá”

- Manifesto vangardista
- Refuga a repetición de estéticas pasadas e critica os galegos que escriben en castelán
- Defensa da orixinalidade, o individualismo, a liberdade e a innovación
- Compromiso con Galicia
- Chamada á acción

Simboloxía do autor

- Barco → Eu lírico
- Mar → Vida, mundo
- Reloxo → Tempo
- Proa → Futuro
- Popa, ronsel → Pasado
- Foulas, follas do caderno → lembranzas, recordos

Travesía


De catro a catro (1928)

Troqueles reiterados
o reloxe e o Sol
alcuñaron moedas efímeras
que repetían todas
a mesma cara e a mesma cruz
A costa e o Mar
escamotearon unánimes dorsos
permutadores d’a mesma
lonxincua evasión
Temos un estrangoad diagrama
repasado por todol-os novelos d’horizonte
que viraron a proa e a Rosa d’os Ventos
N-a fasquía d’os barcos anónimos
postos a flote pol-a madrugada
estraviados n-o roteiro d’o serán
persistiron sempre
a mesma foula e o mesmo ronsel
Ese intertroque de radiogramas
que reeditaron os faros e as estrelas
dou-nos a multiplicación monótona
d’as mesmas letras d’o mesmo morse
Foi a derradeira rafega d’o vento
quen nos desfollou de total-as lembranzas?
O Mundo
que xa non sabe
mais que repetir unha volta consabida
rachou clandestinamente
as follas imprevistas d’os almanaques
C’as nosas mans suicidas
espallaremos n-o carroussel d’os ventos
os catro puntos cardinais
Mentras
o timoel
arrumará proa a Ningures
Repetiremol-os cansos corazóns
cronometrando monotonías
N-as velas indecisas
follea o vento un indelébel
álbum de leit-motiws
O minuteiro (tic-tac)
asumeu o compás d’as travesías.

Recalada

De catro a catro (1928)

Atoparemos n-o peirán
as follas evadidas
d’o almanaque d’os nosos soños
As novas ruas de sempre
eishibirán o escaparate
d’as mesmas noivas inéditas
Fumaremos n-as pipas despetivas
total-as transeúntes
hostilidades mudas
O vaso desbicado n-outro porto
remataemol-o eiquí n-o mesmo bar
cabo d’o mariñeiro desconecido
que nos repite a mesma
ubicua sorriso loira
N-os burdeles xa saben
que a nosa moeda
ten o anverso de ouro
e o reverso sentimental
Os ecos imprevistos
d’o noso cantar sonámbulo
apagarán os focos d’a madrugada
Mañán despertaremos
n`-a ausencia d’esta xornada
Esquivouse unha folla
d’o diario efusivo
Eramol-os espeutadores
n-a prestidixitación
d’unha hora artificial.



Miroume, fite a fite, cos ollos
mergullados en bágoas, e ao pasar
a carón dela bisboume con voz
estremecida estas palabras:

—Meu bailador!

CASTELAO

Tema 3

*A prosa do primeiro terzo do XX: as
Irmandades, vangardas e Grupo Nós*

Lista de autores:

1. Vicente Risco
2. Ramón Otero Pedrayo
3. Castelao
4. Rafael Dieste





Vicente Risco

Tema 3. A prosa do primeiro terzo do século XX

Obras

- *O porco de pé* (1928)
- *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros* (esoterismo)
- Relatos simbólicos
 - » *A velliña vella*
 - » *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*
 - » *O lobo da xente*

Temas

- **Crítica e parodia social** (*O porco de pé*, *Os europeos en Abrantes*)
- **Temáticas folclóricas** (lobishome, mouras) e **esotéricas**
- **Nacionalismo galego** (ensaio)

Estilo

- *O porco de pé*:
 - » Humor (retranca, ironía e crítica social aceda) e parodia
 - » Animalización do personaxe principal e contraposición co doutor Alveiros
 - » Espazo urbano
- Relatos simbólicos
 - » Alegoría (a vella como Galicia, os camiños da cova como os destinos de Galicia etc.)

Contexto

- Galicia rural e movementos agraristas
- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista Nós, editoriais como Lar ou Céltiga)
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Risco como voceiro do nacionalismo da época (Teoría do Nacionalismo galego)
- Posteriormente, coa Guerra Civil, silencio e asimilación

Evolución do Grupo Nós (sen Castelao)

- Obras que recollen a evolución
 - » “Nós, os inadaptados”, Risco
 - » “Dos nosos tempos”, Cuevillas
 - » *Arredor de si*, Otero Pedrayo
- Antes da chegada ao nacionalismo
 - » Nostalxia polo pasado e a tradición
 - » Refugan a modernidade
 - » Decadentismo e exotismo (en Risco, orientalismo)
 - » Cosmopolitismo, individualismo e irracionalismo
- Posteriormente, chegada ao nacionalismo galego

O porco de pé (fragmentos)

Vicente Risco, 1928

Na posguerra, D. Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou coma o fol da gaita. Agora é presidente da Xuntanza Cidadá e de Outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla e petit-gris. Fixeron casa nova e teñen outro automóbil. Aínda podían ter máis.

(...)

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no verán súao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada había atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mesturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

(...)

Do seu trato coa política, sacou don Celidonio moito proveito. Chegou a se enteirar de que existía unha sorte de aparatiños, ou cousa así, chamados libros, da feitura dos que tiña na tenda o seu tenedor, mais que en troques de teren números escritos á man, tiñan letra de imprenta, igual que os periódicos eses que traen as noticias, e que serven para empacar e para outros usos reservados e traseiros. E aqueles aparatiños —case todos eran moito máis pequenos que os da tenda —algúns señores refollaban e lían neles como el tiña visto que outros facían tamén cos periódicos. Claro está que había moitos que non os tiñan máis que por gusto de telos, enringleirados en alzadeiros coma os da súa tenda.

(...)

Por iso, non deixou de chamarlle a atención a D. Celidonio aquilo dos libros. E púxose a matinar canto gañarían os frabricantes de libros. Cando soubo que os facían os impresores, inda se pasmou máis; moito debían sabe-los impresores para faceren libros que o mesmo falan de comercio, que de política, que de inventos, que de todo, ¡ata de toros! E logo que ata os fan en linguas estranxeiras, en francés, en inglés... ¡son capaces de facelos en chino!



Evolución do Grupo Nós (sen Castelao)

- Obras que recollen a evolución
 - » “Nós, os inadaptados”, Risco
 - » “Dos nosos tempos”, Cuevillas
 - » *Arredor de si*, Otero Pedrayo
- Antes da chegada ao nacionalismo
 - » Nostalgia polo pasado e a tradición
 - » Refugan a modernidade
 - » Decadentismo e exotismo (en Risco, orientalismo)
 - » Cosmopolitismo, individualismo e irracionalismo
- Posteriormente, chegada ao nacionalismo galego

Ramón Otero Pedrayo

Tema 3. A prosa do primeiro terzo do século XX

Obras

- » *Os camiños da vida* (1928)
- » *Arredor de si* (1930)
- » *O mesón dos ermos* (1936)
- » *Devalar*
- » *Fra Vernerio*

Temas

- **Temáticas sociais:** decadencia da fidalguía e do sistema aristocrático, aparición dos comerciantes, introdución de novas dinámicas na Galicia rural etc.
- Defensa do **tradicionalismo e o conservadorismo**
- **Adquisición da conciencia galeguista**

Estilo

- Novelas históricas (*Os camiños da vida*)
 - » Oracións longas e gusto pola subordinación
 - » Recursos de amplificación
 - » Descricións minuciosas, sobre todo paisaxísticas e arquitectónicas, e moi recargadas
 - » Mestura entre léxico técnico e tradicional
- Estilo épico ou impresionista (*Arredor de si*)
 - » Oracións curtas (maior dinamismo)
 - » Enumeracións e esencializacións (desaparición dos verbos)
 - » Reflexión do personaxe principal

Contexto

- Galicia rural e movementos agraristas
- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista *Nós*, editoriais como *Lar* ou *Céltiga*)
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Risco como voceiro do nacionalismo da época (*Teoría do Nacionalismo galego*)
- Posteriormente, coa Guerra Civil, depuración

Os camiños da vida

Ramón Otero Pedrayo (1928)

Indiferente, a aldea recollía os froitos do farto outono. Os grandes milleirás de rega amañeceran perolados de orballo, e o vento do serán contaba entre a forza verdecente das outas camas unha profecía de noite, brétema e friaxe. Facía tempo que privados do pendón e ben regados polo traballo dos bimbastros, concentraban na espiga os millores zumes do torrón amorosamente estercoado, da auga vital decorrendo como unha cobra polo eido amolecido e do sol alquimista do setembro, sabio creador das puras esencia vexetales. Xa as follas murchas penduraban cun longo desespero soando bicadas polo ar do solpor cun marmullar decrebadiño; os millos levaban como nais chorosas o neno loiro da espiga gardado no mol fatelo do cosco. Polas quebradas abrigosas aquiles milleirás inda recolleron os derradeiros soles de setembro. Xa o millo das herdades fora levado nos carros priguizosos, cun longo salaiar polos camiños, entre a zunida dos avellós amigos das silveiras. Nos días devecidos e craros, a aldea fixaba seu amor apaixonado nos dous froitos gloriosos, labourentos e fartos, sona dos camiños empareados e das encostas mansas das Campás Abaixo: o millo de rega e o viño pai, señor e patrón. Nos eidos descubertos a tódolos ventos, nos caos ergueitos da parroquia, verdecián os outonizos nos cadabullos e nos sucos xa vellos do centeo, e sóilo estaba no ar agarimada pola forza petrual da follateira, agardando pola maina madurez e polas chuvias desfiadas de Santos, a colleita montesía, rexa, cuáseque inverniza, dos castiñeiros.

Arredor de si (fragmentos)

Ramón Otero Pedrayo (1930)

Nacía, coa mañá, a terra de Ávila. Luz estraña ós sucos infindos, xeados. Brillar ceibe do día. Dous chopos esquemáticos: a idea do chopo. Puro pensamento materializado na mañá. Pesadelo dunha misticidade obrigada. Desexo de cabalgar todo o día por aqueles chans, bebendo luz, sentindo decorrer o sangue polo corpo. Erguemento azul da serra na planura. Soben e baixan os fíos do telégrafo. Contraste da quentura, un pouco de alcoba de enfermo, de noite acugulada e durmiñenta no vagón, co brillar do día.

Adrián lía, novamente, ós poetas que de neno o fixeran chorar, non sabía por que. Despois, en Madrid, tivera vergonza dalquelas bágoas. Agora Solovio sabe moi ben a razón das bágoas e non ten que se avergonzar delas. De noite, á luz dunha candeia, acompañado pola música da chuvia nos vidros, Adrián percorría un a un os poemas dos “Queixumes”. En Europa, en cuartos confortables, ó pé das rúas onde se fai a actualidade do mundo, Adrián lera os poetas novos. Non lle producían a impresión do pequeno libro esquecido na alcoba da casa vella, perdida na campía galega. Xurdía unha afirmación de raza e de lingua.



Castelao

Tema 3. A prosa do primeiro terzo do século XX

Obras

- Estampas
 - » *Álbum Nós, Milicianos, Atila en Galicia, Galicia mártir* etc.
- Política e ensaio
 - » *Sempre en Galiza*
 - » *As cruces de pedra na Bretaña, As cruces de pedra na Galiza*
- Relatos
 - » *Cousas, Cousas da vida, Retrincos, Un ollo de vidro*
- Novela
 - » *Os dous de sempre*
- Teatro
 - » *Os vellos non deben de namorarse*

Temas, liñas e fontes

- **Temas sociais e populares:**
 - » Denuncia social (caciquismo, emigración, defensa das clases populares etc.)
 - » Morte (*Os vellos...* ou no relato “O retrato”)
 - » Esoterismo (*Un ollo de vidro*)

Estilo

- Sinxeleza (procura chegar a un público amplo)
- Poética do silencio (di máis co que cala que co que escribe)
- Humorismo (sátira, retransa, ironía)
- Fusión entre diferentes artes (*Cousas*, estampas etc.)

Contexto

- Galicia rural e movementos agraristas
- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista *Nós*, editoriais como *Lar* ou *Céltiga*)
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Posteriormente, coa Guerra Civil, exilio

Sabela

Castelao (*Retrincos*, 1934)

Cando eu andaba no estudo era un mozo das romerías, bailador e divertido. Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando coma un trompa esgaravelleiro. Ai, aqueles vales, aquelas mazurcas, aquelas polcas e aquelas habaneras! Entón o agarradiño aínda era un pecado venial, e bailábase con tino, para que os vellos non refungasen.

As mozas acorazaban o corpo con xustillos e non consentían o arrimo; pero arrecendían a roupa gardada con mazáns e a carne lavada con xabrón de rosas. Os mozos bailábase por darlle gusto ás pernas, e contentábase co cheiro...

Había na vila unha rapaza do meu tempo, xeitosa de corpo, feitiña de cara, leda de xenio, traballadora de condición, pescantina de oficio e limpa de conducta; pero picante nos decires...

As súas verbas tiñan o labio salgado dos mariscos. Os decires escintilaban contentamento, e nos seus arredores non podía medra-la tristura. A risa facíalle goios de amor nas fazulas, poñíalle pintiñas de malicia nos ollos e brillo de nacra nos dentes. Os andares, arfados e velaíños, facían no aire ronseles de gracia. Andaba descalza, e os engados da súa carne non tiñan segredo para os ollos de ninguén. Os pés lenes, as pernas brancas, os brazos redondiños. O corpo era un gran corazón prisado. Cantaba coma un xílgaro e bailaba coma un argadelo.

Era a rapaza máis fermosa da vila, e dábbase conta do seu poderío. Escarolábase, bulrona, cando os señoritos forasteiros lle facían a rosca e revíase, compasiva, cando os mozos do seu igoal criaban o pasmo.

Ela gustaba de contar na ribeira os perigos en que se metía, e as pescas estordegábanse de risa cos ditos da rapaza, que descubría, de miúdo, tódalas súas enchoiadas amorosas. Ela gustaba de alcender fogueiras e logo apagalas, e nos seus feitizos de serea morrían os fumes dos señoritos e as olladas dos mozos mariñeiros. Era dona de si e viveu sempre ceibe de marmuracións.

Nos días de festa parecía outra. A saia longa, a chombra de f[r]oles, o pano de oito puntas. Unha lazada verde na trenza do pelo. A cara con certo remilgo de señoritinga. Os andares coucados, por mor dos zapatos... Deica bailar tres veces non xurdía na súa face a risa escachada dos días soltos. No retorno da festa entraba na casa cunha cantiga nos beizos e cos zapatos na man.

A primeira vez que bailei foi con ela.

Eu adicábame, nos meses de vacacións, á vida de gandaia, e cando me fixen mozo quixen ser un tunante; pero non sabía bailar de modo. Eu reloucaba por deprender ben o agarradiño e locirme nas romerías; pero non lle daba xeito ás pernas.

Unha noite atrevínme:

- ¿Qués que botemos esta polca?
- ¿E ti sabes?
- Imos ver.

A rapaza comprometeuse a ensenarme, i eu pagáballe coa miña ledicia de estudante. Empecei dando voltas á dereita. Ela levábame... «Agora dous pasiños de lado». «Agora outra volta». «Dálle máis aire ó corpo». «¡Non saímos do sitio! ». «Ai, que burro! ». «Así, home, así». «Agora vai ben».

Pouco a pouco fun deprendendo, e non tardei en bailar vales e mazurcas con certa maestría. Dispois xa me fixen bailador e aproveitaba tódalas tocatas; pero afeito á miña compañeira non tiña gusto en bailar con outras. De remate os dous fixemos unha das mellores parellas.

A rapaza e mais eu estábamos unidos polo baile. Ela seguía bulrándose dos namorados, i eu ríame, a cachón, dos seus ditos. Queríamonos ben; pero non sentíamos desacougos amorosos. Se chegase a poñer ollos na súa fermosura bulrariábase de min coma dos demais.

Con todo a miña nai reprendíame:
— Ti non es para comparar coa Sabela. ¿Por que non bailas con todas? Sempre coa mesma, sempre coa mesma! Pois nen ti lle fas favor a ela nen ela cho fai a ti .
— Baila moi ben ¿sabe, miña nai?
— Bailará; pero ela é unha pesca e ti es un estudante. O baile é cousa do demo e Sabela é unha boa rapaza. Probe de ti como non a respetes.

Miña nai, como tódalas nais, coidaba que o seu fillo era un Tenorio; pero a honradez de Sabela gardábase detrás de catro muros de canteiría.

Marcheime da vila cangado cun tiduo universitario, e as preocupacións do meu vivir arredáronme das troulas. Perdín a mocidade, fíxenme home; o baile chegou a parecerme cousa de parvos, e fai moitos anos que nin tan siquiera vexo bailar.

Do tempo de estudante non gardei un recuncho para as lembranzas de romería, e Sabela esvaéuseme da memoria.

Cando se proclamou a República lanceime á política e saín Diputado das Constituíntes. A miña vila quixo agasallarme e alá fun eu.

Desembarquei baixo o estrondo das bombas e antre o entusiasmo dos vellos amigos, que acugulaban o peirán e a ribeira. O azougamento non me deixaba camiñar, e se sodes sentimentaes comprenderedes a miña emoción, porque a vila natal non é coma tódalas vilas.

Cheguei á casa de meus pais, e na veira da porta vin a unha muller... Era gorda de ventre, de pernas e de brazos; a cara inflada e vermella; a boca sen dentes; a postura de regateira.

Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas, e ó pasar a carón dela sioume con voz estremecida estas verbas:

— ¡Meu bailador!

Pontevedra, 1934

Pequena escolma de estampas de Castelao



—A túa filla xa será unha moza, eh?
(Álbum Nós)



—A nosa terra non é nosa, rapaces.
(Álbum Nós)



—Todo pol-a patria, a relixión e a familia.
(Atila en Galicia)



A derradeira leición do mestre (homenaxe a Alexandre Bóveda) (Galicia mártir)



Rafael Dieste

Tema 3. A prosa do primeiro terzo do século XX

Obras

- *Dos arquivos do trasno* (1926 / 1962)
- *A fiestra valdeira* (teatro, 1927)

Temas e liñas

- Especial predilección pola temática fantástica
- Fusión de temas tradicionais e costumistas con aqueloutros máis maravillosos ou fantásticos

Estilo

- Teoría do conto baseada en dous principios:
 - » **Unidade de efecto:** o relato curto ten que ter potencia de seu e non desenvolver temas secundarios
 - » **Esencialidade do remate:** os contos deben ter un final sorprendente
- Variedade de narradores (incluso unha peza dramática)
- Relatos case sen marcas temporais e espaciais (hai excepcións)
- Sinxeleza á hora de expresarse, procura ser entendido
- Recursos extraídos do oral (apelacións, conto contado etc.)

Contexto

- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista *Nós*, editoriais como *Lar* ou *Céltiga*)
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Relación coas vangardas europeas (futurismo, cubismo, dadaísmo, surrealismo, creacionismo ou ultraísmo)
- Manifesto “Máis alá!” de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro
- Revistas vangardistas como *Alfar*, *Ronsel*, *Yunque*, *Resol* ou *Cristal*

Técnicas de verosimilitude

- Emprego de datos exactos (numerais, por exemplo)
- Atribución de fontes de información
- Introducción de citas dos personaxes
- Detalles secundarios
- Descrición minuciosa de elementos accesorios
- Historias que se van cruzando

Limiar

Rafael Dieste, *Dos arquivos do trasno* (1926)

“A unidade emotiva consíguese no conto pola obsesión do que ten que sobrevivir.

O remate debe ter a virtude de facer simultáneas no espírito as imaxes que foron sucesivas.

A presenza do remate debe estar atafagada, pero latexando con forte resonancia en tódolos currunchos do relato.

O remate é unha imaxe que fai estoupar o conto nas palabras derradeiras, despois de inzalo poderosamente.

O conto é unha pelica na que se sente o pulso dunha imaxe contida. O conto é un remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas todas mergulladas na mesma luz.”

O neno suicida

Rafael Dieste, *Dos arquivos do trasno* (1926)

Cando o taberneiro rematou de ler aquela nova inqueda -un neno suicidárase pegándose un tiro na sen dereita- falou o vagamundo descoñecido que acababa de xantar moi pobremente nun curruncho da tasca mariñeira, e dixo:

-Eu sei a historia dese neno.

Pronunciou a palabra neno dun xeito moi particular. Así foi que os catro bebedores de augardente, os cinco de albariño e o taberneiro calaron e escoitaron con xesto inquiridor e atento.

-Eu sei a historia dese neno -repetiu o vagamundo-. E, tras dunha solerte e ben medida pausa, encomezou:

-Alá polo mil oitocentos trinta, unha beata que despois morreu de medo viu saír do camposanto florido e recendente da súa aldea a un vello moi vello en coiro. Aquel vello era un acabado de nacer. Antes de saír do ventre da terra nai escollera el mesmo ese xeito de nacemento. ¡Canto mellor ir de vello para mozo que de mozo para vello!, pensou sendo espírito puro. A Noso Señor chocoulle a idea. ¿Por que non face-la proba? Así foi que, co seu consentimento, formouse no seo da terra un esqueleto. E despois, con carne de verme, fíxose a carne do home. E a carne do home aformigou a caloriña do sangue. E como todo estaba listo, a terra-nai pariu. Pariu un vello en coiro.

De como despois o vello topou roupa e mantenza é cousa de moita risa. Chegou ás portas da cidade e como aínda non sabía falar, os ministros, despois de lle botaren unha capa enriba, levárono a diante do xuíz coma se tivesen sido testemuñas: Aquí lle traemos a este pobre vello que perdeu a fala coa tunda que lle deron uns ladróns entrañados. Nin roupa lle deixaron.

O xuíz deu ordes e o vello foi levado a un hospital. Cando saíu, xa ben vestido e mantido, dicíanlle as monxiñas: Vai feito un bo mozo. Ata parece que perdeu anos.

Daquela xa aprendera a falar algo e fíxose esmoleiro. Así andou moitas terras. Alá en Lourdes estivo dúas veces; da segunda tan amozado que, os que o coñeceran da primeira, coidaron fora milagre da Virxe.

Cando adquiriu experiencia de abondo pensou que o mellor era manter secreta aquela extraña condición que o facía mías mozo cantos máis anos corresen. Así, non o sabendo ninguén -non sendo un ou dous amigos fieis- podería vivir mellor a súa verdadeira vida.

Traballou de vello e fíxose rico para folgar de mozo. Dos cincuenta ós quince anos a súa vida foi a máis feliz que se pode imaxinar. Cada día gustaba máis ás mozas e andou enleado con moitas e coas máis bonitas. E ata disque unha princesa... Pero diso non estou certo.

Cando chegou a neno encomezou a vida a se lle ensarillar. Dáballe medo a sorpresa con que o vían entrar tan ceibe nas tendas a mercar lambetadas e xoguetes. Algún rateiro de viseira calada teno seguido ó longo de moitas rúas tortas. E algunha vez ten comido as súas lambetadas a tremer de anguria, coas bágoas nos ollos e o almibre nos beizos. A derradeira vez que o topei -tiña el oito anos- andaba moi triste. ¡Pesaban, ademais, tanto no seu espírito de neno os recordos da súa vellice!

Logo encomezou a lle escravellar día e noite unha obsesión tremenda. Cando pasasen algúns anos recolleríano en calquera calexa extraviada. Quizais algunha señora rica e sen fillos. Despois... ¡Quen sabe o que pasaría despois! A lactancia, os paseos nun carriño, cunha soalla de axóuxeres na maniña tenra. E ó remate... ¡Ou! O remate poñía espanto.

A luz en silencio

Rafael Dieste, *Dos arquivos do trasno* (1926)

Eu ben sei que o meu caso non debe dar pé a ningunha nova metafísica, e si, soamente, ás análises dalgún médico sutil. Pero se eu fose afeizoadado ás trupias de concepto diríavos que aquela noite foi cando por primeira vez sentín a carón meu a terrible presenza baldeira do Señor Ninguén. Lonxe de min a intención de metervos medo, xa que, polo demais, a cousa non tivo importancia.

Direivos como foi.

Dende había algúns anos vivía na cidade. Alá na viliña onde eu nacera e finaran meus pais, quedaban do herdo familiar algunhas leiras, unha casa e, na casa, uns cantos trastos vellos...

Un labrador fiel de toda a vida, termaba de todo. Foi el quen me urxiu, nunha carta de letra revesgada, para que fose alá. Facía falta que eu mesmo remexese nos seculares feixes de escrituras para desenliar unha discordia por cuestión de extremas.

Ceguei case de noite no coche estrangoadado que facía de cote a viaxe entre o meu pobo e a cabeza de partido por onde pasaba o tren. Dúas horas a oírlos berros do tralleiro e as couces que daba nas táboas do pescante para espabilar ós cabalos cativos e desventurados.

Na casa un intre de conversa co labrador, entremetres engulía a cea que me serviu a súa

muller.

Despois quedei só a remexer papeis nun van amplexo —que fora sala nalgún tempo— separado da miña alcoba por un longo corredor...

Sempre tiven propensión ó sobresalto. A soedade, as tebras, o silencio, aínda hoxe me inquantan.

Aquela noite, ó me quedar só —¿por que non dicilo?— o desacougo encomenzou a escarabellar no meu maxín.

A casa, de muros balorentos e madeiras vellas, que xa de neno me impuña certo medo, agora chea de vagalumes de lembranza, parecíame aínda máis labiríntica.

Os teitos baixos, de trabes mal arrefeitadas, daban á sala unha falsa longura.

Ademais a luz ruín do anaco de cirio con que me alumeaba, facía máis imprecisos os límites do van e máis turdios tódolos currunchos.

As tebras do corredor entraban no van en frías bafaradas e amontoábanse a rentes das paredes, estreitando o seu cerco esmorecido para afogar mainamente, coma os criminais voluptuosos, a luz chea de sono.

O latexar da chama escorrentaba por vegadas o asedio das sombras, pero de novo asolagaban os currunchos en mestas moreas.

Folleando as escrituras decateime de que tiña que examinar unhas notas que deixara na miña alcoba. Erguinme e saín da sala deixando nela o cirio aceso.

Polo corredor as mil poutas das tebras, como picos de silveira prendíanme a roupa. Pero non fixen caso. Un home asisado non debe facer caso, anque o latexar do peito sexa un barullo de fragua. Sen respingar pasei por diante de moitas portas abertas.

Soamente ó chegar á miña alcoba saquei a caixa de mistos e rasquei un na lixa. Rasquei tres con toda serenidade. O terceiro prendeu. Para defende-la chama, que un ventíño traidor estivo a rente de matar, fíxenlle pantalla coa man. Despois mirei arredor, desafiante... Ninguén.

Apañei as notas, guindei o misto e funme cara á sala polo corredor.

¿Quen estaba alí agora?

Eu non vía a ninguén. Non vía máis que o resplandor do cirio enchendo o vao da porta. Mais aquel resplandor «non podía estar só». ¿Comprendedes? Aquela luz roxa, inqueda, enmarcada na porta, dábame, non sei por que, a extraña seguranza de que dentro había alguén, absorto en pensamentos de lóxica inaccesible. Quizais ó me sentir entrar erguese a testa para me dirixir esa ollada perplexa con que son acolleitos os intrusos. Porque aquel resplandor «xa non era meu». Era seu.

A luz roxa nin podía estar soa nin me pertencía.

Non sei se me dixen todo o que levo dito. Mais cando me dispuxen a entrar na sala, ía resolto a soste dignamente aquel ollar perplexo...

Entrei. Un trallazo de espanto deixoume entalecido... Na sala, silandeira e triste, non había ninguén.

Eu non teño fachenda da pobreza.
Escoita: ter sido mariñeiro é para
min algo máis, moito máis, que
ter deixado de ser probe. Pero ti
non o entendes.

RAFAEL DIESTE (*A fiestra valdeira*)



Tema 4

*O teatro do primeiro terzo do XX: as
Irmandades, vangardas e Grupo Nós*

Lista de autores:

1. Ramón Cabanillas
2. Vicente Risco
3. Ramón Otero Pedrayo
4. Castelao
5. Rafael Dieste



Ramón Cabanillas

Tema 4. O teatro do primeiro terzo do século XX

Obra dramática

- *A man de Santiña*
- *O mariscal* (xunto con Villar Ponte, 1926)

Temas

- *A man de Santiña*: comedia amorosa
- *O mariscal*: temática mítico-cívica (como *Na noite estrelecida*), reconstrución do pasado glorioso de Galicia a través do mariscal Pardo de Cela, afirmación da identidade galega fronte a Castela, fusión entre a figura relixiosa do mártir e Pardo de Cela

Estilo

- *O mariscal*:
 - » Obra de tese, isto é, moi densa ideoloxicamente
 - » Escrita en verso e estilo semellante á poesía da etapa mítico-saudosista de Cabanillas
 - » Diálogos con intervencións extensas
 - » Personaxes entre o histórico e o mítico

Contexto

- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista *Nós*, editoriais como *Lar* ou *Céltiga*)
- Creación do Conservatorio Nazonal do Arte Galego
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Saudosismo portugués

O mariscal (fragmento)

Ramón Cabanillas e
Antón Villar Ponte

ACTO TERCEIRO. XORNADA PRIMEIRA. PRIMEIRO CADRO

Un calabozo na cadea de Mondoñedo. No fondo, á esquerda, un Santo Cristo ó pé do que prega de xoellos Frei Rosende; á dereita unha fenestra enreixada, ó través da que se ve o ceo, alumeado por un fío de luz.

PEDRO

Que está mirando ó través das grades da fenestra
Vén o día! Na raia da montaña
a crarexar comenza.

MARISCAL

Tras da escurada desta noite triste,
tras destas irtas, medoñentas trebas,
ten de chegar a luz da liberdade
a abrir as portas e a tronzar cadeas;
a levarnos alén, onde o repouso
os corazóns magoados asosega.
Libertade da morte,
como ningunha de baril e rexa,
contra a que nada poden mando e forza
deses reises tiráns!

MIRANDA

Dor é que seia
a liberdade nosa, escravitude
desta adourada malferida terra!

(...)

MARISCAL

Doce Galiza, patria benamada,
tronco, berce e solar dunha nobreza
que nos campos de loita foi espello
prez e honor da Iberia!



Evolución do Grupo Nós (sen Castelao)

- Obras que recollen a evolución
 - » “Nós, os inadaptados”, Risco
 - » “Dos nosos tempos”, Cuevillas
 - » *Arredor de si*, Otero Pedrayo
- Antes da chegada ao nacionalismo
 - » Nostalxia polo pasado e a tradición
 - » Refugan a modernidade
 - » Decadentismo e exotismo (en Risco, orientalismo)
 - » Cosmopolitismo, individualismo e irracionalismo
- Posteriormente, chegada ao nacionalismo galego

Vicente Risco

Tema 4. O teatro do primeiro terzo do século XX

Obra dramática

- *O bufón d’El Rei*

Temas

- O segredo
- A natureza humana
- A loita entre idealismo e pragmatismo

Estilo

- Obra curta e diálogos dinámicos
- Personaxes simbólicos (Bufón, Guindamor)
- Inversión da personalidade do Bufón, que pasa a ser asisado
- Ambientación en tempos remotos que nos levan ao pasado medieval

Contexto

- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista Nós, editoriais como Lar ou Céltiga)
- Creación do Conservatorio Nazonal do Arte Galego
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Risco como voceiro do nacionalismo da época (*Teoría do Nacionalismo galego*)
- Posteriormente, coa Guerra Civil, silencio e asimilación

O bufón d’El Rei (fragmento inicial)

Vicente Risco

PASO PIRMEIRO. ESCEA PIRMEIRA

No parque, O BUFÓN, O CAPITÁN. Guindamor, capitán da guarda d’El Rei, vén pola vereda, levando no puño un azor encapuchado. O BUFÓN, sentado nun poial de pedra, está lendo nun libro.

GUINDAMOR
Bos días nos dea Deus, señor Bufón... se non é imprudencia truba-lo voso lecer.

O BUFÓN
Farta cortesía malgastades cun tolo, señor Capitán!

GUINDAMOR
Cun tolo que adica á sabencia o seu vagar...

O BUFÓN
Parvo son todo o día. Por que non hei ter uns instantes de siso? Cordo sodes Vós o día enteiro, Guindamor; cómpre que agora fagade-lo parvo un instante. Cordo e parvo Vós, parvo e cordo eu, o Capitán i o Bufón diferéncianse no emprego que lle dan ás súas necedades (...).

GUINDAMOR
O que me pasma é o voso siso.

O BUFÓN
Na Corte somentes falan asisadamente os bufóns, aunque todo cortesao teña a súa vena de tolo i a súa miga de bufón.

GUINDAMOR
Se eu fora rei, non habiades se-lo meu bufón, senón o meu físeco ou o meu astrólogo

O BUFÓN
Coidei que esas dinidades eran prós que son parvos de certo

GUINDAMOR
Señor Bufón, as vosas razóns son sempre bulras!

O BUFÓN
Falo coa liberdade que goza a loucura no pazo dos reis. Decote cómpre acharse moi outo pra ser libre.



Evolución do Grupo Nós (sen Castelao)

- Obras que recollen a evolución
 - » “Nós, os inadaptados”, Risco
 - » “Dos nosos tempos”, Cuevillas
 - » *Arredor de si*, Otero Pedrayo
- Antes da chegada ao nacionalismo
 - » Nostalgia polo pasado e a tradición
 - » Refugan a modernidade
 - » Decadentismo e exotismo (en Risco, orientalismo)
 - » Cosmopolitismo, individualismo e irracionalismo
- Posteriormente, chegada ao nacionalismo galego

Ramón Otero Pedrayo

Tema 4. O teatro do primeiro terzo do século XX

Obra dramática

- *A lagarada*

Temas

- **Temáticas sociais:** decadencia do sistema social tradicional, amor entre clases diferentes
- Defensa do tradicionalismo e o conservadorismo
- Aparición do sobrenatural e folclórico

Estilo

- Mestura tradición e modernidade (como nos fragmentos)
- Personaxes e espazos do rural
- Obra que ten lugar durante o tempo da vendima (“Lembranza dunha tristeira vendima”)
- Personaxes humanos e non humanos (obxectos que actúan como personaxes no segundo fragmento)
- Gran cantidade de personaxes

Contexto

- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista Nós, editoriais como Lar ou Céltiga)
- Creación do Conservatorio Nazonal do Arte Galego
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Risco como voceiro do nacionalismo da época (*Teoría do Nacionalismo galego*)
- Posteriormente, coa Guerra Civil, depuración

A lagarada (fragmento)

Ramón Otero Pedrayo

ACTUS PRIMUS

VENDIMADORES e VENDIMADORAS. Sentados a carón do lume, na cociña, cean servidos pola Balbanera e pola Basilisa de Quelle. O xenro e a nora e mailo Venerando están calados e soilo se falan cos ollos desconfiados de raposos.

UN HOME

Non sabedes a cousa nova que anda pola parroquia? Pois nantronte pola noitiña, chegou o Canalegas.

ALGÚNS

Quen é Canalegas, larpeiro? Ti sempre andarás escudriñando nomeadas e alcuñas.

(...)

O HOME

Prá vosa língoa, centelludas. Pois o Canalegas échevos un homiño que pra falar co il cómpre axustar os calzós. Din que lle cain sete pesos cada día, mais coido que no Banco ha ter máis. Non hai cabaleiro de eiquí que gaste un gabán coma o seu.

ACTUS SECUNDUS. ESCEA PIRMEIRA

Pola mañanciña ó romper o día. Inda durme a xente. Fai pouco que parou de chiar a noitébrega nos loureiros que verdegan detrás da bodega. Fai noite pecha no local escuro cheo de bafo do viño que ferve agurgullante. A cubaxe figura un acugulamento de sombras mouras, abombeadas, pantasmás, cunha grande manada de mostros disformes. Nun recuncho a alquitara vella parés o dibuxo elemental dun home.

A PIPA ARCADA DE CARBALLO

Estou farta de abrir a miña boca, miña boca sin dentes. Xa nin me enchen nin me deixan coma outros anos, baleira. Agora téñenme de auga prós culeiros derradeiros. Eu que son a tradiceón, a velliña centearia, feita con pau das carballas da carballeira dos frades, labrada por carpinteiros que apodreceron fai séculos. Agora vou caducada. Soilo a alquitara esquencida que alí está no seu rincón sabe algo da miña vida. Os viños que hoxe se crían na panza oca do castaño son froxos, moles e tristes como hoxe o vivir da aldea (...). Noutro tempo podería entrar un home xunta a nós cando agurgullaba o viño cun tolo ferver de lava? O viño entón era un Deus (...). O Fidalgo e o señor chegaban chapeu na mau e para probar a pinga había tantas etiquetas como para falar co El Rei



Castelao

Tema 4. O teatro do primeiro terzo do século XX

Obra dramática

- *Os vellos non deben de namorarse*

Temas, liñas e fontes

- **Temas sociais e populares:**
 - » Denuncia social, comicidade das relacións entre vellos e rapazas e tópico da morte igualatoria
 - » Morte, incluso como personaxe (esoterismo)

Estilo

- Sinxeleza (procura chegar a un público amplo)
- Poética do silencio (di máis co que cala que co que escribe)
- Humorismo (sátira, retranca, ironía)
- Fusión entre diferentes artes
- Concepción da obra dramática como un todo (dálle importancia a elementos como a iluminación, o movemento, os decorados ou as máscaras)
- Influencia do teatro da arte ou do expresionismo

Contexto

- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista Nós, editoriais como Lar ou Céltiga)
- Creación do Conservatorio Nazonal do Arte Galego
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Posteriormente, coa Guerra Civil, exilio

Castelao

Os vellos non deben de namorarse

O ángulo dun durmidoiro. Unha cama e, na cabeceira, unha fiestra pechada. Unha candea acesa enriba da mesa de noite. O vello está despíndose (...). Ao lonxe canta un mozo.

Mozo
Ela casouse cun vello,
non sei que estaba pensando!
O vello, funga que funga,
toda a noite está roncando.

VELLO
Roncar e fungar...! Sofrir, digo eu...
O vello rosma cousas que non se entenden. Sigue despíndose e, cando queda en camisa e vai sacar os pantalóns, sopla a candea e o teatro queda ás escuras. Aproveitase a escuridade para meter no leito un moneco, idéntico ao vello, e cunha careta igoal á que el leva posta. O vello agáchase. O mozo volve a cantar dende lonxe.

Mozo
Dime, casadiña nova,
como che vai de casada.
—O meu home está moi vello,
non me sirve para nada.
Ábrese a fiestra, pouco a pouco, coma se a empurrasen dende fóra, e o luar vai entrando no durmidoiro, caendo enriba da cama. Aluméase a escea. Aparece o moneco, a durmir, coma se fose o señor Fuco. Na fiestra asómase a Morte, a ollar o moneco, abalando as manxadoiras. O vello, que se agachou, pega un pulo e ponse enriba do moneco. Bótalle as mans á gorxa e forcexea para afogalo. O actor que represente o vello imitará os estertores da morte que proveñen do moneco. O mozo canta por terceira vez.

Mozo
Anque che vexo casada,
eu non che perdo cariño,
que vas a quedar viúda,
e podo casar contigo.
Cando “morra” o moneco desaparecerá a Morte que asexaba na fiestra. O vello (...) vírase cara o público e saca a careta que leva posta, guindando con ela. Entón aparecerá demudado de Morte, véndoselle a caveira que tiña debaixo da careta de vello. Fuxe dispois pola esquerda, por diante do telón negro que cerra o cadro desta escea.



Rafael Dieste

Tema 4. O teatro do primeiro terzo do século XX

Obras

- *Dos arquivos do trasno* (relatos, 1926 / 1962)
- *A fiestra valdeira* (teatro, 1927)

Temas e liñas

- Temas sociais: a identidade propia, a memoria das orixes, a conciencia de clase, a acción colectiva, o poder da educación

Estilo

- Peza simbolista: a fiestra co peirao que aparece no cadro é a identidade cultural, social e política de Galicia, mais tamén unha metonimia da clase social da que saíu don Miguel
- Ao final, grazas ao consenso, o conflito resólvese
- Sinxeleza á hora de expresarse, procura ser entendido
- Comunicación fluída e dinámica

Contexto

- Obra representada por primeira vez por un grupo de mariñeiros
- Irmandades da Fala
- Proxectos culturais e defensa da lingua (Seminario de Estudos Galegos, Revista *Nós*, editoriais como *Lar* ou *Céltiga*)
- Auxe do galeguismo ata a creación do Partido Galeguista
- Relación coas vangardas europeas (futurismo, cubismo, dadaísmo, surrealismo, creacionismo ou ultraísmo)
- Manifesto “Máis alá!” de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro
- Revistas vangardistas como *Alfar*, *Ronsel*, *Yunque*, *Resol* ou *Cristal*

A fiestra valdeira

Rafael Dieste (1927)

DONA BALBINA

Raposón! Vaia, ti queres ou non que lle quiten a fiestra ao cadro?

DON MIGUEL

Donosiña non me falou de lle quitar a fiestra.

DONA BALBINA

(*Fuxindo de preitos*) Supoñamos que non. Fáloche eu. Canto mellor non lle quedaría un fondo de xardín fidalgo ou cousa de xeito semellante! Ademais esa fiestra, véndose as lanchas, o peirao, as redes...

DON MIGUEL

Gústame moito.

DONA BALBINA

(*Seria, reconcentrada e agarimosa*) Porque tes os ollos pechados. Ninguén, non sendo ti –que se non es rudo, es confiado de máis– ignora o que o pintor vén dicindo con esa fiestra.

DON MIGUEL

E que vén dicindo?

DONA BALBINA

(*Reprochadora e cariñosa*) Babián, babián... Vaia dunha vez: vén dicindo que fuches mariñeiro. Iso é.

DON MIGUEL

(*Moi abraiado pola dialéctica, pero comprendendo*) E non o fun? E non o son aínda por dentro?

DONA BALBINA

Contigo non hai quen poida. Mellor verías a casa asolagada polas bágoas de Donosiña que darlle gusto en cousa tan pequena. (*Confidencial*) Ti coidas que sería ben, cando deamos consentimento para que Mariñas entre na casa, ao lle mostrar ese retrato con esa fiestra que o está dicindo todo? Ben certo é que Mariñas está perdido pola nosa nena, pero as cousas...

(...)

ADELAIDA

(*Medio a cantar como por burla mimosa*) Quero que en troques desa fiestra, que xa sabemos o que vén dicindo, leve o cadro outro fondo máis señor.

Agora
eu son sólo pra choiva
UXÍO NOVONEYRA

Tema 5

A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais

Lista de autores:

1. Aquilino Iglesia
2. Celso Emilio
3. Antón Tovar
4. Luz Pozo
5. Manuel María

6. Uxío Novoneyra
7. Bernardino Graña
8. Méndez Ferrín
9. Antón Avilés de Taramancos



Xeración do 36

Aquilino Iglesia Alvariño

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975

Obras

- *Cómaros verdes* (1947) - primeira obra relevante en lingua galega tras a Guerra Civil
- *De día a día*
- *Lanza de soledá*

Temas e liñas

- Liña ruralista e costumista
- Liña intimista e existencial (dor, morte, paso do tempo etc.)

Estilo

- Clasicismo formal
 - » Gusto por formas estróficas clásicas
 - » Recursos como o hipérbato, a metáfora ou o símbolo
 - » Poesía moi depurada
- Loita moitas veces entre a Luz e a Sombra (igual que en poetas como Díaz Castro ou Luís Pimentel)

Contexto

- Guerra Civil e posguerra
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Existencialismo (momento de desasosiego no mundo occidental despois da II GM)
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Estaba asolagado

Aquilino Iglesia Alvariño

*Estaba tan soa!
Nin bote nin lancha
nin velas nin remos*
ROSALÍA

Estaba asolagado coma un limo.

Estaba asolagado aló no fondo
dunha poza de noite.
Asolagado coma un limo.

Estaba asolagado nunha lagoa grande
de auga parada e morna,
coma un limo
que abanearan amodo
ondas dondas de sono, moi grandes e vacentas.

Nunha lagoa de sono,
nunha lagoa de noite desorada,
coma un limo,
asolagado.

E sabía que fóra,
e casemente á man,
había unha mañá noviña.
Unha mañá sen ninguén,
grande e guapa.

E no aire,
unha ponla de pexegueiro chea de flores,
unha ponla ben leda
e un paxaro.



Celso Emilio Ferreiro

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975

Temas, liñas e fontes

- **Liña intimista:** amor (bitácora amorosa con Moraima en *Onde o mundo se chama Celanova*), sentimentos (“O medo”, por exemplo) ou evocación da emigración
- **Liña satírica:** crítica aceda, irónica e humorística (epitafios de *Cimiterio privado*)
- **Liña social-realista:** denuncia social e política, inxustizas, temas de actualidade (“Poema nuclear”, “Digo Viet-nam e basta”). *Longa noite de pedra* é a obra máis importante e abre esta liña dentro do país

Estilo

- **Estilo social-realista:**
 - » Sinxeleza expresiva
 - » Importancia máis o que se di que a forma de dicilo (predominio do contido fronte á forma)
 - » Mensaxes de denuncia
 - » Mestura de métricas cultas e populares, pero predominio do verso libre
- **Recursos do estilo social-realista:**
 - » Repeticións: anáforas, catáforas, paralelismos etc.
 - » Acumulacións: enumeracións, amplificacións, expolicións etc.
 - » Ironía, retransca, humor, dobres sentidos e esaxeracións (hipérboles) etc.

Contexto

- Guerra Civil, posguerra e represión
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Marxismo e internacionalismo
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Xeración do 36

Obras de Celso Emilio

- Poesía intimista
 - » *O soño sulagado*
 - » *Onde o mundo se chama Celanova*
- Poesía satírica
 - » *Cimiterio privado*
 - » *Viaxe ao país dos ananos*
 - » *Cantigas de escarño e maldecir*
- Poesía social-realista
 - » *Longa noite de pedra*
 - » *Antipoemas*

Longa noite de pedra (liña social-realista)

Longa noite de pedra (1962)

*No meio do caminho tinha uma pedra
tinha uma pedra no meio do caminho
tinha uma pedra
no meio do caminho tinha uma pedra.*
CARLOS DRUMMOND DE ANDRADE

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

O neutro (liña satírica)

Cimiterio privado (1973)

Diante das aldraxes
e as inxustizas,
lavou as mans.
Era un porcallento moral

Xaneiro, 1972 II (liña intimista)

Onde o mundo se chama Celanova (1975)

Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a esperanza.
Digo Moraima
e ponse azul a alba.

Cando quero soñar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a noite é pechada.
Digo Moraima
e ponse a luz en marcha.

Cando quero chorar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a anguria me abafa.
Digo Moraima
e ponse a mar en calma.

Cando quero sorrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é crara.
Digo Moraima
e ponse a tarde mansa.

Cando quero morrer
non digo nada.
E márame o silencio
de non decir Moraima.



Promoción de enlace

Antón Tovar

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975

Obras

- *Arredores*
- *Non*
- *O vento no teu colo* (aparece o amor)
- *Calados esconxuros*
- *Berros en voz baixa*

Temas e liñas

- **Liña existencialista:** vida, morte, paso do tempo, procura de alivio existencial, infancia perdida, paraíso perdido etc.
- **Liña intimista (amorosa)**
- **Liña social-realista (non tan principal)**

Estilo

- Conxuga formas tradicionais e cultas
- Gusto por recursos de pensamento (metáforas, símbolos, imaxes)
- Contradicións, paradoxos, oxímoros (*Berros en voz baixa*)
- Nihilismo, decadencia e pesimismo: calquera clase de ilusión ou esperanza (a infancia, a idea de Deus, o símbolo da Luz) aparece negada
- Poemas sinxelos de entender

Contexto

- Guerra Civil, posguerra e represión
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Marxismo
- Existencialismo e pesimismo radical de posguerra
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

o tempo

Antón Tovar, *Non*

Fogueirada do tempo, fogueirada
sin flamas, sin presencias polo sangue.
“Han volver os días máis felices,
todo será de luz como denantes”.
O tempo vai dicíndonos:
“vide xogar, meniños, máis adiante”,
o tempo vai falándonos
con invisibles fitos e sinais.
“Eiquí será. Eiquí. Vinde outra vez,
eiquí será esa luz pola que orades”.
I o tempo vaise espindo
da poeira de cinzas, da follaxe
que un intre figuraban rosas, froitos,
latexos, corazós, pedras durábeles.
Vide, sigue dicindo,
“aixiña, vide aixiña, camiñantes”.
Os nosos limpos corazós cansados
vanse erguendo no amor pra outros combates.
“Vide —segue dicindo— vide, vide”,
cal se estivese afora un dios brillante.
E vamos e seguimos
na mesma soidade, no mesmo cárcere.



Promoción de enlace

Luz Pozo Garza

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975

Obras

- *Códice calixtino*
- *O paxaro na boca*
- *Vida secreta de Rosalía*

Temas e liñas

- **Liña intimista (amorosa):** angustia, desamor
- **Liña existencial:** vida, morte, paso do tempo, perda da inocencia
- **Liña social** (“Poemas de Gernika”)

Estilo

- Conxuga formas tradicionais e cultas
- Gusto polo verso libre
- Recolle a tradición intimista que vén dende Rosalía
- Recursos variados: metáforas, símbolos, recursos de repetición
- Poemas sinxelos de entender
- Ás veces fala dende un eu lírico (1ª persoa), pero outras agóchase baixo unha 3ª persoa

Contexto

- Guerra Civil, posguerra e represión
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Existencialismo e pesimismo radical de posguerra
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Far blues


Luz Pozo Garza, *Códice Calixtino* (1986)

Naquela cidade
onde unha rapaza escribía un diario secreto
na noite
mentres o soño desvalido semellaba finxir
silencios compartidos
nesa vella cidade do norte
o primeiro poema de amor flutuaba
coma un blues nostálxico na noite.

Só quería saber
por qué as cordas permanecen vibrando coma labios
e qué queda do diario secreto
na noite desvalida.

Querería saber daquel río esvaído do soño
tal unha despedida sen retorno,
do silencio curvado nunha praza deserta e antiga.

¿Onde vai o primeiro poema de amor
a materia sonora dun blues fuxidío
a inocencia primeira?



Manuel María

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975

Obras relevantes

- *Muiñeiro de brétemas* (1950)
- *Morrendo a cada intre* (1952)
- *Terra Chá* (1954)
- *Documentos personaes* (1958)
- *Versos pra un país de minifundios* (1969)

Temas e liñas

- **Escola da tebra:** existencialismo, desasosego, nihilismo. Temas como o paso do tempo, a morte ou a vida (*Muiñeiro de brétemas*)
- **Poesía do cotián:** recolle tipos de textos existentes (bando, por exemplo) e dálles unha volta poética
- **Poesía social-realista:** mesmo estilo que Celso Emilio
- **Outras liñas** (poesía ruralista en *Terra Chá*, poesía satírica, poesía intimista)

Estilo

- Moita variedade de estilos, dependen da temática

Contexto

- Posguerra e represión
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Marxismo
- Existencialismo e pesimismo radical de posguerra
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Xeración do 50 ou das Festas Minervais

Feitos comúns da xeración dos 50

- Festas Minervais (certame de poesía)
- Influencias de fóra do Estado
- Nacionalismo de esquerdas
- Colección Illa Nova en Galaxia
- Grupo Brais Pinto
- Publican no xornal *La Noche*

Sen título


Manuel María, *Muiñeiro de brétemas* (1950)

Eu son para min
toda-as interrogacións,
total-as estatuas,
todol-os misterios,
e total-as cumes xeadas de evanxeos.
Os ollos contémprame
Na impura prata dunha soma
Moendo ó vello sembrante
Que borra ó indecible desta morte
Chea de agonías e de bágoas”.

Bando

Manuel María, *Documentos personaes*

Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque si
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia pra voar.
Prohíbese a lúa
andar ceiba de noite polo ceo.
A lúa é unha tola que anda espida
dando mal exemplo ás nenas castas
i ós fillos de familia.
Pagarán trabucos os poetas.
Prohíbese soñar de 10 a 11.
Prohíbese tamén derramar bágoas.
Pódese chorar tan só cando hai sequía
pra que non fiquen baldeiros os pantanos.
Un só se pode emocionar
os Xoves e Domingos
cando toca
a banda do Concello no quiosco.
Están fóra da Lei
as estrelas, a primaveira,
as flores i os paxaros.
Dase este bando en tal e cual
pra que se cumpra
de orde do Alcalde.
Firmado e rubricado.



Xeración do 50 ou das Festas Minervais

Feitos comúns da xeración dos 50

- Festas Minervais (certame de poesía)
- Influencias de fóra do Estado
- Nacionalismo de esquerdas
- Colección Illa Nova en Galaxia
- Grupo Brais Pinto
- Publican no xornal *La Noche*

Uxío Novoneyra

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975

Obras

- *Os eidos*

Temas e liñas

- **Liña existencial, intimista e paisaxística:** Novoneyra conxuga a visión da paisaxe coa reflexión íntima e metafísico-filosófica. Reflexiona sobre temas como o panteísmo (unión do todo, “Chove para que eu soñe...”), a soidade do ser humano ou temas como o paso do tempo e a morte
- **Liña social-realista** (“A letanía de Galicia”, “Vietnam canto”)

Estilo

- Estilo sinxelo que agocha reflexións profundas
- Gusto pola brevidade
- Emprego do verso libre e disposición gráfica especial
- Recursos fónicos (“O lobo / o lombo do lobo”): aliteracións, fonosimbolismos

Contexto

- Posguerra e represión
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Existencialismo e pesimismo radical de posguerra
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Varios poemas

CHOVE maina e calada.
Veinse os fiús da auga
contra as bandas das penas...
En soutos e devesas
as pingoadas esvaran e baixan
petando de folla en folla.
Por veces
co vento da ruxidoira
medra i esvaece
en ondas que un alonga...

Agora
eu son só pra choiva.

VENDO i ouvindo o río
vaise o tempo sin sentilo.

Naz’a auga su as abrairas
entr’as penas sombrizas
roxe e baixa
de pincheira en pincheira
e corre entretecida...

/

Esta auga da presa
son eu ou é ela?

CHOVE para que eu soñe...

CANTA o cuco cala e canta
dos castiñeiros do val.
Pasa o tempo e non di nada
e volta o cuco a cucar.

Uxío Novoneyra, *Os eidos*

Vietnam canto (fragmento inicial)

CUMES CUMES CUMES COM’ESTES EN-
CHEN
UNHA VEZ POR CADA MORTE

VIETNAMMMMMMMMMMM
VIETNAMMMMMMMVIETNAMMMMMMM
VIETNAMMMMMMMMMMM


metan na casa a verba na cociña na mesa
na cama xa está
e calar calarcalaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaa
aaaaaaaaarr
hastr'o berro que te acusa USAUSAUSAU-
SAUSAUSAUSA

un morte
dous mortos
tres / trinta mortos
trescentos / tres mil mortos
OFENSIVA DO TEIT 22000 / 100000 MOR-
TOS
tódalas os se volven ceros
00000000000000000000
baixo de cada un 10 / 100 / 1000 / 10000
mortos á máquina
difuntiños que a noite acolle entre cañas
baixo o torbón
do monzón
na lua do TEIT

dá vergonza vivir
dá vergonza estar vivo e ver a PRIMAVERA

cándo remata un pobo?
un pobo nace sempre
non remata nuncanuncanuncanuncanun-
canuncanunca

seino por vós
pobo como o meu
GALICIA pequeniña
sola cousa de todos



Xeración do 50 ou das Festas Minervais

Feitos comúns da xeración dos 50

- Festas Minervais (certame de poesía)
- Influencias de fóra do Estado
- Nacionalismo de esquerdas
- Colección Illa Nova en Galaxia
- Grupo Brais Pinto
- Publican no xornal *La Noche*

Bernardino Graña

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975

Obras

- *Poema dun home que quixo vivir* (existencial)
- *Profecía do mar*
- *Non vexo Vigo nin Cangas*

Temas e liñas

- **Liña intimista e existencial (“Final”)**: é o poeta do amor e o mar
- **Liña social-realista**
- **Liña costumista (“O gato da tasca mariñeira”)**

Estilo

- Variedade de estilos e formas
- Poemas moi dinámicos e innovadores (“O gato da tasca mariñeira”) e outros máis clásicos

Contexto

- Posguerra e represión
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Existencialismo e pesimismo radical de posguerra
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Bernardino Graña,
Profecía do mar

O gato da tasca mariñeira

Aquí non hai silencio porque hai homes
falan os homes falan
aquí non pasa o vento esa fantasma
os homes falan falan
e fórmase outro vento outro rebumbio
unha fantasma feita deste fume
este fumar sen tino estas palabras
e pasa un suave gato que é da casa.

Beben viño coñac
berran discuten contan chistes mascan
un pouco de xamón tal vez chourizo
o gato ulisca cheira mira agarda
vai á cociña ven ao mostrador quixera
un anaquiño de boa carne un chisco
de tenrura algún queixo unha migalla.

Aquí non hai vagadas nin roncallos
non se ven os cabezos nin as praias
o taberneiro bole saúda cobra serve fala
cambea mil pesetas chama á muller a berros
e contesta ao teléfono ás chamadas
e os homes berran moito cheos de ira
e rin e danse a man e nada pasa.

O gato calandiño ergue as orellas
ten maino tan suavísimo sen gana
cruza por entre as pernas entre as botas
altas botas de caucho contra as augas co seu
rabo
arrequichado e duro e tan el calma
e aquí non hai silencio que hai vinte homes
e están ben lonxe os mares que arrebatan.

Se acaso o gato mira os ollos do home
guicha en suspenso escoita en paz agacha
unha orelliña aguda e indiferente
lambe teimudo e calmo unha das patas
e se acaso durmiña e abre un ollo
e ve que os homes beben fuman discuten
moito non se cansan
de ensaladilla callos mexilóns anchoas

e viño e viño e viño tinto e branco en tantas
tazas
e esgarran cospen entran saen empuxan
brindan cantan
e a radio está acendida e óese música
e o gato pasa indemne comprendendo tan
costume son os homes
non se espanta.



Xosé Luís Méndez Ferrín

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975

Obras

- *Voces na néboa* (Escola da tebra, existencial)
- *Antoloxía popular* (social-realismo)
- *O fin dun canto*
- *Con pólvora e magnolias* (abre novos horizontes despois da morte do ditador e é referencia para a poesía dos 80)

Temas e liñas

- **Liña existencial e intimista:** morte, vida, paso do tempo e outros como o erotismo (“Posturas pra copular en homenaxe”) e a violencia (tamén na narrativa)
- **Liña social-realista comprometida co galeguismo**
- **Gusto polo tratamento de tópicos universais**

Estilo

- Abundantes referencias culturais
- Gusto polo verso libre e a innovación a todos os niveis
- Moita depuración técnica nalgúns poemas
- Gusto por recursos como o símbolo, a metáfora ou a imaxe rompedora

Contexto

- Posguerra e represión
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Existencialismo e pesimismo radical de posguerra
- Marxismo e galeguismo
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Xeración do 50 ou das Festas Minervais

Feitos comúns da xeración dos 50

- Festas Minervais (certame de poesía)
- Influencias de fóra do Estado
- Nacionalismo de esquerdas
- Colección Illa Nova en Galaxia
- Grupo Brais Pinto
- Publican no xornal *La Noche*

Sen título

Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (1976)

Saudemos á morte;
na palma da man non sosteñamos ónices.

Chamémoslle:
libro de silencio,
pórtico terminal da escravitude,
escritura feliz da opacidade,
luz que desata e nome da ledicia.

Saudemos á morte;
non deamos pousada a Bach ou Joplin.

Contemplemos
o seu fremoso rostro á nosa beira.

Reclamo a liberdade pró meu pobo (fragmentos)

Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (1976)

Nos camiños fechados, nos abertos,
nos que levan ás casas dos homes nosos de cada día,
nos transportes por ferrocarril,
nos irmáns que gobernan as máquinas do mar
e os cameóns na alta noite
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Na fogueira de Londonderry, en cada palabra,
en cada palabra do noso tío Ho Chi Minh, coma un ouriol
enchendo a tarde de lus nacionalista e líquidos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos ríos, nas folgas, nas romaxes,
nas protestas nos muros, nos escritos,
nas gaitas, nas areas de Espasante acaso
reclamo a liberdade pró meu pobo.



Poeta da Xeración dos 50, mais relacionado cos 80

Avilés de Taramancos

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975

Obras

- *O tempo no espello* (1982)
- *Cantos caucanos* (1985)
- *As torres no ar* (1989)
- *Última fuxida a Harar* (1992)

Temas e liñas

- **Liña existencial e intimista:** morte, vida, paso do tempo, amor, lembranza da infancia ou da figura da nai
- **Asunción da vida como unha viaxe (comuñón co personaxe de Ulises)**
- **Gusto polo tratamento de tópicos universais**
- **Liña evocativa:** a experiencia na emigración/exilio

Estilo

- Abundantes referencias culturais, sobre todo a Ulises
- Gusto polo verso libre e a innovación a todos os niveis
- Moita depuración técnica nalgúns poemas
- Gusto por recursos como o símbolo, a metáfora ou a imaxe

Contexto

- Posguerra e represión, mais tamén as primeiras décadas de democracia (morre no 92)
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Emigración/exilio
- Galeguismo
- Ten moita relación con escritores como García Bodaño e actúa como ponte entre a xeración dos 50 e as xeracións posteriores (80, 90)

Primeiro amor primeira morte

Antón Avilés de Taramancos,
O tempo no espello

*A Fina Bárrios, como epílogo do meu libro
“Pequeno Canto” (1959)*

Todo canto amei perdéuseme contigo:
a luz clara e vibrante da miña xuventude,
os bosques entrañables perfeitos de quietude
onde o vento vivía con un lecer antigo.

Entón era o silencio o meu mellor amigo,
era eu un namorado de todo canto vía
vivir era unha leda, fermosa moradía
onde o mencer entraba recendendo a pantrigo.

De súpeto viñeches con esa lonxanía,
caraveliño feble en terra ventureira
e eu abrín outra nova fiestra para o día.

E todo canto amei foi unha lumieira,
foi a fouce tan íntima que de cote se afía
para ceifar dun pulo brutal a primaveira.

Sen título

Antón Avilés de Taramancos,
As torres no ar

Na outra banda do mar constrúen o navío:
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben
que están a construír a torre de cristal da miña infancia.
Non saben que cada peza, cada caderna maxistral
é unha peza do meu ser. Non saben
que no interior da quilla está a médula mesma
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer
está o perfume máxico da vida.
Que cando no remate ergan a vela, e a enxarcia
tremole vagarosamente no ar
será o meu corazón quen sinta o vento,
será o meu corazón.

Sen título

Chamo á porta do amor na noite escura
e está o teu corazón coa luz prendida,
a túa man socórreme a ferida
e cúrame o teu labio a desventura.

A auga que me dás tan fresca e pura
é da fonte limpísima da vida:
mel da túa roseira florecida
entre as coxas, as sedas, a espesura...

E xa por sempre irei de ti cautivo
pois dásme a vida e dásme a sepultura
dun amor imposíbel e furtivo.

Como me doe a túa fermosura
da que devezo e ando fuxitivo
pois sei que o mal que teño non ten cura!

Sen título
(dous poemas)

Antón Avilés de Taramancos,
Última fuxida a Harar

Meu capitán, é hora, é hora
de limpar os fanais, os astrolabios,
de abrir as caixas de ébano,
de polir bronces, de airear
as bandeiriñas do pañol e ver
esas charnas no ar de proa a popa.

É hora de prender lume na tarde!

Ter outra vez aquela hora intensa
na que era o ceo unha fogueira viva
e estaba o corazón aloumiñado
por ese instante único.

A onde se van as horas luminosas?

Só ten o corazón un cofre intacto
onde se gardan como postais vellas
esas felicidade de outro tempo
e o proer das feridas que nos deron.

É a hora capitán, collamos rumbo
de cara o tempo que ficou no olvido,
ese espello de brétemas que ás veces
se ilumina no fondo da memoria
e fai brillar en lampos unha tarde
que nunca volverá. Pero está viva.

Anxo da noite, cazador no escuro
que vés flamíxero a me expulsar do soto:
o varal está listo, a andália posta,
o corazón afeito ao longo exilio.

O mundo que eu criei foi só de sombras,
soños foron os froitos, as vendimas,
e só o amor brillou, brillou acaso
tamén o lar da pátria sempre aceso
que me mantén o sangue enaltecido.

Mais a palabra, si, foi sempre viva,
foi espada e arado e cotovia,
lanza de señardá, ai meu amigo,
derrota e singradura. O artificio
é o que me leva agora a este desterro:
quero volver á simples moradia
que un día fixen no dintel do vento,
á terra de labor, xa feito cinza
para pular na saiva, e ter de novo
os paxaros na man... Ese outro tempo!



A máis diso, tiven moitas vegadas
o “pensamento”, que me veu moi
seguido, e daquela é coma si me
ceibasen do tempo e de todo,
coma si estivese e non estivese...

EDUARDO BLANCO AMOR

Tema 6

*A prosa entre 1936 e 1975: os
renovadores da prosa (Fole, Blanco
Amor, Cunqueiro e Neira Vilas)*

Lista de autores:

1. Ánxel Fole
2. Eduardo Blanco Amor
3. Álvaro Cunqueiro
4. Neira Vilas



Ánxel Fole

Tema 6. A prosa entre 1936 e 1975

Obras

- *Á lus do candil*
- *Terra brava*
- *Contos na néboa*
- *Historias que ninguén cre*

Temas e liñas

- **Relato popular e costumista:** relatos baseados no folclore e nas tradicións galegas
- **Escritor de contos e relatos**
- **Temas**
 - » Crenzas e lendas
 - » Relatos fantásticos
 - » Relatos humorísticos
 - » Relatos de detectives, policiais ou de aventuras

Estilo

- Recursos da literatura oral
 - » A historia dentro da historia (encadeamento de historias)
 - » Apelacións ao receptor
 - » Realismo de xénero con marcas de verosimilitude
 - » Reprodución de rexistros coloquiais
- Gusto por espazos rurais (sobre todo, de zonas como o Courel)
- Situacións marco (como n' *Á lus do candil*, uns personaxes quedan fechados pola neve e contan contos)

Contexto

- Posguerra e represión
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Existencialismo e pesimismo radical de posguerra
- Predominio da narrativa realista e fantástica
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Técnicas de verosimilitude

- Emprego de datos exactos (numerais, por exemplo)
- Atribución de fontes de información
- Introducción de citas dos personaxes
- Detalles secundarios
- Descrición minuciosa de elementos accesorios
- Historias que se van cruzando

Técnica do conto contado ou do conto popular

- Captatios e apelacións ao oínte-lector
- Sintaxe sinxela
- Encadeamento de historias
- Historias dentro doutras historias (A - B - C - A)
- Estruturas lineais

Os lobos

Á lus do candil, Ánxel Fole

Moitas veces ouvín decir que os lobos non atacan ás persoas. E isto non é certo. O segredo de Caldas foi comido por iles cando voltaba da feira de Viana. Algús dixeron que o mataran por arroubalo, e que despois o comeran os lobos; mais a douscentos metros de ondia o comeran foi atopado un lobo morto coa gorxa afurriada por unha bala.

Aquiles días viran os pastores unha manada de dez cunha loba con tres lobecos. Era tempo de neve, e baixaran da serra da Moá. Ó parecer, despois de esgotados os cartuchos, quixo subirse a un albre, mais non puido. Alí estaba o seu carón, o revólver con seis cartuchos baleiros no lombo. Era un bon revólver americano. Ó sentirse feridos algús lobos, todos se botaron enriba dil. Si tivera un bon foco elétrico cecais se salvara. Ós lobos se non se lles fire de morte é peor. Eu matei un con dous tiros de postas. Foi morrer tres cantos máis aló de ondia o asegundara. Atináralle na testa e no fuciño, e iba deixando un regueiro de sangue. Arrincaba cos dentes os cañotos das xestas. Cecais non se me arrepuxo porque era de día.

(...)


Todos coñecedes coma min o Emilio, o castrador de Rugando. Atendede ben e xa sabereis que é certo todo canto levo dito encol dos lobos. E vostedes tamén, señoritos...

(...)

Polas primeiras horas todo foi ben. Non viu amosas de lobos por ningures. Parouse a acender un pitelo inantes de chegar á lindeira da devesa de Bonxa. Mais de alí a un pouquichiño ouviu patuxar nun trollo. Xa sabedes que é un terreo fondal ondia se encora a iauga. Unha miaxiña dispois ouviu un longo aulido. I outro lle respondeu da outra banda da valgada.

(...)

Dous lobos grandismos fórono acompañando. Iban sempre de par dil, ás dúas maos. Cáseque parecían dous cas que foran con seu amo. Se il se paraba, tamén iles se paraban. Algunhas veces púñanselle diante. Entón, o capador guindáballes un coio. E batíalles. Os lobos desaparecíanse. No máis fondal dunha congostra tivo que pasar un pontigo. Había esgotado as pedras que trouguera nos petos. Xa lle quedaban poucos fósforos. Do outro lado do pontigo viu unhas luces coma de vagalumes. Acendeu un fósforo. Non había pedras no camiño. Tivo que coller bulleiro coas maus e tirarllo ós lobos, o mesmo tempo que berraba moi forte. Ergueuse un e deixouno pasar. Cecais foran seis. A todos lles relocían os ollos. Un diles botoulle os dentes á cachaba i arrincoulla da mao. Íbanse metendo nil cada vez máis. Hastra lle fustrigaban as pernas cos rabos. Acendeu, un tras outro, os tres fósforos que lle quedaban. Gracias a isto puido coller un coio. Atinoulle a un lobo no peito. Regañaban todos os dentes coma cando se van a botar sobor das ovellas. Xa sentía que se lle esmorecían os pulsos, que se iba quedando sen forcia. Os lobos seguían a chamarse us ós outros. Tremaba coma un vimbio. Xa non os podía escorrentar nin siquiera berrar. Íballe a estoupar o corazón. Unhas cantas lancañadas máis e xa estaría na casa. ¿Podería dalas? De sutaque, viu tremelar unhas luces na tébrega; ladraban us cas ó lonxe. Meteu os dedos na boca i asubiou. Chamábano de lonxe. Estourou un tiro de escopeta.



Eduardo Blanco Amor

Tema 6. A prosa entre 1936 e 1975

Obras

- *A esmorga*
- *Os biosbardos*
- *Xente ao lonxe*

Temas e liñas

- **Realismo social:** denuncia e crítica social
- **Lembranza da infancia e perda da inocencia** (*Os biosbardos*)
- **Temas sociais**
 - » Alienación do proletariado (clase traballadora)
 - » Sexo, violencia, alcohol, denuncia da represión policial (*A esmorga*)
 - » Mundo sindical organizado como opción do proletariado (*Xente ao lonxe*)

Estilo

- Experimentación
 - » Técnica telefónica (*A esmorga*)
 - » Xogo de narradores
 - » Fragmentación temporal e espacial
- O tempo e os espazos cobran gran relevancia (a tormenta d'A *esmorga*, por exemplo). Obras ambientadas en Auria (Ourense)
- Protagonistas da clase traballadora ou do lumpenproletariado
- Estilo realista e reprodución de falas coloquiais

Contexto

- Posguerra e represión
- Vive o exilio
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Existencialismo, loita de clases
- Predominio da narrativa realista e fantástica
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

A esmorga (fragmentos)

Eduardo Blanco Amor (1959)

Conque afundín as maus nos petos da zamarra e apretando os dentes, polos con-
danados dos sabaños que se me apegaban e desapegaban ás zocas, e mais polo
estámago que me ardía como si levara un torgo nil, segúin o meu camiño con
carraxe. Cando ía nistas, cavilando na “perra vida del trabajador”, como di o Serantes
nisas xuntanzas de homes de traballo que agora se estilan e que se chaman “mitís”, e non
lle falla razón, aínda que non sexa máis que carpinteiro de obra, pois socedeu que ó lonxe
vin, polo entremedio do neboeiro, dous vultos de home que se querían eisí coma disimu-
lar nun dos grosos negrillos que aló hai, a par da carreteira (...).

Ao chegar a min, deixaron caír a manta, escachando a rir, e resultaron ser o Bocas e
mais o Milhomes.

—

—Si, señor, si; os mesmos. O Juan Fariña e o Eladio Vilarchao, que están eí nos papeis,
son o Bocas e o Milhomes polos alcumes, que é como eiquí nos conecemos todos e que
non ofenden a ningún (...).

—Non, señor, non; só era pra írmonos entendendo, pois xa me vou deprocatando que
vostede non é deiquí...

—

—Non, señor, non; non é que me importe senón pra que me entenda, pois tamén lle
tivemos un capataz, que era das partes dos murcios, que aínda falándolle na súa fala non
nos entendiamos... Pois indo ó asunto, eran Xanciño o Bocas, ou o Alifante, ou o Peito-
demacho, e mais Aladio o Milhomes, ou Papaganduxos, ou o Setesaías, ou o Maricallas,
tamén como a vostede lle pete, que eiquí todos temos onde escoller...

Feitos? Feitos sonlle todos, tanto os que pasan fóra dun coma os que pasan dentro
dun. O que pasou, pasou. E arestora xa ren queda do que pasou fóra dun, senón
dentro dun. Agora todo está dentro de min, e si non me peta de me baleirar do que
teño dentro, pois o que pasou queda coma se non tivera pasado.

—

—Deus lle me libre! Téñolle todo o respecto que vostede merez. Pro tamén teño que de-
cir as cousas como sei decilas e non podo decilas doutro xeito, por máis voltas que lle dea.
A máis deso, os feitos, coma vostede me enséña, por máis que faga non me veñen á mamó-
ria uns detrás dos outros, todos en fía, senón todos xuntos e mesturados, coma si o tempo
se mesturase tamén e todas as horas se tivesen mesturado sen se querere asoparar unhas
das outras (...). Amais diso, tiven moitas vegadas o “pensamento”, que me veu moi segui-
do, e daquela é coma si me ceibasen do tempo e de todo, coma si estivese e non estivese...

Xente ao lonxe (fragmentos)

Eduardo Blanco Amor (1972)

Xa antes de aquí houbera outro, cántas veces o contaban, o Perfeutiño. Mellor dito íanlle poñer perfeuto por terse chamado eisé un irmán do meu pai que se fora de noviño pra o Brasil, que non se soupo máis, que tamén era moito o que o lembraban, xa como morto.

E non se chegara a poñerllo porque nasceu nas últimas;

que eu digo, e ben que me acorde, que aquilo non era nacer, que nin se chegou a tempo pra lle botar a auga de socorro que se mandou por ela á parroquia da Trindade, que polo visto era onde a abenzoaban mellor, que a auga de socorro hai que bendecila doutro xeito que a de...

que a mandara procurar de por si, e cando viu que era do caso, a señora Andrea (que fora estampeira e rosareira pola parte do segundo home, e tamén garnía roupa branca de embozo, por encargo, e sabía de escapularios de seda e fío de ouro, que menos coser, broslar e cociñar todo o resto adeprendéao do seu segundo home; anos despois, botara mormente sona de parteira;

que a sobradita alugaba aquí baixo, que era baixo de moradía, non de tenda, perto de nós, a carón da rúa do Tecelán que daba de esguello á porta norde da Catedral, que decote a viamos na fiestriña, a meio altar da rúa, coas bambinelas de randas i entredoses do seu feitío (que tamén se lle daban os traballos de palilleira) que descorría un anaquiño, non de todo, ás mañás pra a limpeza, ou cando se sentaba a traballar, nas tardes de inverno, até o serán que acendía o quinqué;

que non se sabía como lle duraban atal de brancas como si ninguén lles botase a man nin o áer borralento de A. Ilas lixase como lixaba todo, até as pedras das casas e o cristal do ceio;

no bo tempo uns testos, con pés de albaiaca, de malvela e de amenta, no peitoril da fiestriña co aquí fresco arrecendo cando un pasaba;

cabelo tamén branco, que non lle casaba coa faciana nin eran anos pra tanto, que llo ouviamos á miña avoa que por algo o sabería;

a garnir no bastidor, os dedos afiados indo e vindo como peteiros de paxaro; ou co dálle que dálle, asegún, aos rosarios, non de rezar sinón de facelos, cos alicates, prisprás, tan a ponto e lixeiro, trincando no aramio sin xiquera ollar pra a tarefa, ensarillando pérolas de nacre, adoas de abaloiros, oui eisé como chicharos pardentos ou negros, como si todo se movese de seu, traballando de seu como as formigas ou ises outros bichos sabidos e miúdos, a bulir, a bulir que;

que tamén, cada vez máis, a foran chamando pra os partos cando non había outra ou non había tempo, que as outras dúas eran a señora Dorinda, que xa coasi non vía, e Remedios a Cachona que había que ila procurar nos arrabaldos da cidade; (...)

A Evanxelina marchouse a dormir (dormía coa mamai i eu co papai na cama grande) sin dar as boas noites.

Fun levando a louza pra a cociña, que á mamai gorentáballe que fixeramos as obrigas de axuda sin térnolo que pedir, e aínda eu llas facía de millor gaña dende que se lle acabara aquilo de "xa verás cando chegue o teu pai", "xa te entenderás co teu pai".

Víase ben que a carta o preocupaba e somelloume que a lía unha e outra vez.

(...)

A mami estaba a poñer a louza no vasar moi de vagariño, estendendo o tempo, ollando de esguello, dándose conta de que aquela carta... Eu notaba que meu pai erguía a mirada do papel e ollaba pra min seguido, seguido, tan seguido que eu xa me vía acorar coa impaciencia...

Meu pai ergueuse de socato, despartando a cadeira dun couce desconsiderado, e guindou a carta pra o chan feita un nobelo. Veuse pra min (coidei que me iría a bater) i eu erguinme.

—Xesús (a que viña chamarme Xesús? A mamai quedou coas mans quedas no vasar.

—Diga, mi padre.

—Queres ou non entrar na Laira, pra o Comercial?

—Vaia unha pregunta, papai... Xa llo veño pidindo fai non sei canto...

—Mañá vaime agardar ao traballo; ás doce.

O gremio de carpinteiros acordou que non fosen á Ursaira, ou millor dito que non voltasen, os seus afiliados. O quintín Amor tívoos que procurar, en número que dobraba aos outros, no Centro Católico de Obreros que o bispo vello fundara pra coartar o avance do Centro de Sociedades Obreras, de corte socialista.

Sáiron en tres coches ao romper o día. En total eran catorce homes. De víspera xa saíra un carromato de seis mulas con escaleiras, aparellos de roldaina e táboas de andamio. Todo ía previsto pra rematar o máis axiña posíbel; polo menos deixar o baldaquino, e partes duns altares que tamén se propuñan traeren, en disposición de acarrexo pra o día seguinte.

De noite aínda, saíra tamén un piquete formado por dez números de acabalo con máuser e cornetín de ordes, ao mando do tenientiño...

Xa de víspera se correra por A. que ista forcia ía por orde do gobernador e "consentida" polo señor bispo.

Era, supúxose, o acostumado despliegue dos medios de coacción que se adoitaban pra as grandes manifestacións e folgos de traballadores nas cidades e zonas industriais, e non se acertaba a supor qué se propuñan facer dez homes con dez fusiles de guerra fronte a aquela desaxeitada xuntanza de labregos, que sobrava a presenza, supúxose, dunha parexa da pé para espaxelos sin máis trámites.



Álvaro Cunqueiro

Tema 6. A prosa entre 1936 e 1975

Obras

- *Merlín e familia*
- *Si o vello Sinbad volvese ás illas*
- Libros de retratos
 - » *Escola de menciñeiros*
 - » *Xente de aquí e acolá*
 - » *Os outros feirantes*

Temas e liñas

- **Temática fantástica (semellante ao realismo máxico)**
 - » Loita entre realidade e ficción
 - » Decepción ante a vitoria da realidade ante a ficción
 - » Caracterización de personaxes especiais

Estilo

- Convivencia de feitos reais e fantásticos
- Emprego de técnicas de verosimilitude que fan que o relato pareza real
- Abundancia de referencias a obras da literatura universal (Merlín, Sinbad) e a outras obras do autor

Contexto

- Posguerra e represión
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Predominio da narrativa realista e fantástica
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Técnicas de verosimilitude

- Emprego de datos exactos (numerais, por exemplo)
- Atribución de fontes de información
- Introducción de citas dos personaxes
- Detalles secundarios
- Descrición minuciosa de elementos accesorios
- Historias que se van cruzando

Técnica do conto contado ou do conto popular

- Captatios e apelacións ao oínte-lector
- Sintaxe sinxela
- Encadeamento de historias
- Historias dentro doutras historias (A - B - C - A)
- Estruturas lineais

"Melle de Loboso"


Escola de menciñeiros,
Álvaro Cunqueiro

Un tal Melle, veciño de Loboso, partido de Mondoñedo, decidiu, cando xa cumprira setenta anos, aprender a ler e a escribir, e en menos dun mes o mestre houbo de dalo por útil. Os que lle preguntaban a qué viña tomarse aquel traballo ós seus anos, contestaba que ó mellor podía mandar algún recado dende o outro mundo, e entón sempre sería mellor por escrito que de palabra. Para que non houber dúbida de que era el quen mandaba novas, deixaría denantes de morrer unha amosa de letra en papel de barba. E mandou Melle que cando morrese, que lle meterán no peto da chaqueta papel, sobres, e lapis tinta.

Loboso é o máis alto de Pastoriza, e fai honra ó nome: montes avesios, xesteiras ata carón das casas, hortas pobres, folgados contentos nos que malmedra o centeo, brañas isoladas e o lobo vagante. A xente de Loboso é alta e roiba, e o pelo dourado das mozas é a única flor en toda aquela soidade.

Finou Melle, e enterrárono co recado de escribir que pedira, e o lapis tinta afiado polos dous cabos, e aínda lle meteron no peto unha navalliña por se crebaba puntas, que apertaba moito ó escribir... Pasou o tempo e non chegaba recado ningún de Melle e a xente de Loboso íase esquecendo da ocorrencia. Pasaron dous longos invernos e dous ledos e pequenos veráns. Un sobriño de Melle, por Pascua, mercou na feira de Meira un par de galiñas, unha negra castelá e outra de pescozo pelado, e ó soltalas na eira miroulles o ovo, e esta derradeira viña con el na punta, tanto que o puxo deloutro día cediño, e cacarexouno ben. Era un ovo longo, longo, coa casca morena e manchada. O sobriño de Melle pensou que tragaría dúas xemas, e antollóuselle de almorzo unha torreznada, e, cando xa se engurraban os liscos na tixola, partiu o ovo nun prato para batelo, e o ovo, por dedentro, estaba baleiro de clara e xema, e soamente gardaba un sobre, no que estaba escrito con letra de lapis tinta —letra comprobada do finado Melle— esto: “Amañai la chimenea. Tu tío que lo es Vitoriano Melle!! E, so o nome, un solemne rubricado. E ben se vía que o Melle tiña mollado a punta do lapis máis de dúas veces escribindo o recado.

Deu a nova o sobriño a voces, acudiron os veciños e foi lido cen veces o sobre. Cando o sobriño foi ó galiñeiro buscar a galiña do pescozo pelado, atopouna morta. E o aviso do finado chegara a tempo se fose atendido, que dúas noites despois un vendaval que viña tolo levou a cheminea dos Melle. E isto é todo. Os Melle de Loboso conservan a carta do tío. Hai veciños de seu que din que aínda recibiron outras, e todas por ovos ou camiños máis secretos aínda, pero que esas cartas non as amosan porque tratan de intereses e consellos en preitos.



Xosé Neira Vilas

Tema 6. A prosa entre 1936 e 1975

Obras

- *Memorias dun neno labrego*
- *Cartas a Lelo*
- *Xente no rodicio*
- *Pan*

Temas e liñas

- **Realismo social:** denuncia e crítica social das condicións materiais e históricas (emigración, exilio, loita de clases, problemas da vida rural, represión, miseria)
- **Infancia no rural** (*Memorias dun neno labrego*)

Estilo

- O espazo adoita ser rural
- Protagonistas rurais, ben adultos, ben nenos
- Estilo realista que intenta reproducir fielmente a fala das persoas ou a ambientación

Contexto

- Posguerra e represión
- Vive o exilio
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Existencialismo, loita de clases
- Predominio da narrativa realista e fantástica
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Memorias dun neno labrego

Xosé Neira Vilas (1961)

Como veredes, este texto ten unha clara **función emotiva**, xa que o narrador emprega a **primeira persoa** e fala sobre todo dos seus **pensamentos**, os seus **desexos**, as súas **sensacións** e as súas **emocións**.

Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen dis, un ninguén. E ademais, probe. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa miña.

No vrao **ando** descalzo. O pó quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha pra espetáreme nos pés. Érgome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañán, pra ir co gando, restrevar ou xuntar monllos. Cando amanece xa me doi o lombo e as pernas. Pero o día comenza. Sede, sol, moxardos.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os brazos son coma espeteiras pra encolgar farrapos. Murnas, fridas, dedos sin tentos.

Que saben destos os nenos da vila!

Eles iñoran **o que eu penso** mentras boto ó corpo un gurruncha de caldo con broa. Ou **o que sinto** cando estou no monte pingando, atecido, vendo por entre a chuvia un pantasma bretemoso en cada árbore.

A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cás ouvean e a xente morre “cando está de Deus”, como di a madriña. Os rapaces **somos** tristes. Enredamos, corremos tras dos foguetes e hastra rimos, pero somos tristes. Temos a probeza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

Eu quixera andar mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nascín e crieime na aldea, pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle podo contar a ninguén. Algús non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por eso escribo. E dempois durmo coma unha pedra. Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enriba un bocoi. Cousas miñas! E tamén de Smith, o capitán que estivo na guerra e cando volveu prá casa púxose a escribir todo o que lle acontecera. Así está nun libro que me trouxo o Landeiro.

Se eu fixese un libro! Nin falar. Oxalá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é pra menos. Porque nel deborco **todo o que sinto**. Moi pouca xente o fai. Todos abren o peteiro pra dúas cousas; pra decir a verdade ou pra arredarse dela.

Na miña casa non me comprendían. E outro tanto acontéceme na do Landeiro. Eso é o peor que lle pode suceder a ún, pero a moita xente non se lle dá.

"O muiñeiro"

Xosé Neira Vilas,
Xente no rodicio (1965)

De seguro que moitos coidan que estou tolo. Pero non se me dá. Alá eles. Que imaxinen canto queiran. Se alguén saíse por aí adiante berrando: "toleou Fermín!", "toleou o muiñeiro!", divertiríame moito. Non sería eu quen o negase. Para que? Todos saben que negar a propia tolemia é coma declararse tolo de vez. E amais deso, ten certas avantaxes. Os tolos son respectados e temidos; apóñenlles sempre algún xenio ou sabencia.

Se pensan que estou tolo, estareino. Cadaquén é o que a xente diga. Todos os que fan algo fóra da rotineira establecida, xogan con ese risco. Ti mesmo, estás cavilando... Vaite, sigue o teu camiño. Chegarás tarde á obra. Os outros carpinteiros pasaron hai un anaco. Xa deben estar alá. Déixame.

Por que durmo na porta do muíño? Ti es novo na aldea. Non sabes nada. Non entendes nada. O muíño e mais eu somos unha mesma cousa. Pero, que lle importa a Carme? Ela argallou todo á súa comenencia. Nin sequera tivo en conta que son un vello.

O pai de Carme foi quen me puxo aquí de muiñeiro. Deso hai unha chea de anos. Era eu un mociño novo. Sempre nos levamos ben. Pagábame cunha parte da maquía, como é uso. Non tiven endexamais outro oficio, nin outro xorne.

O muíño tense en pé polas forras e remendos que eu lle leve posto. As paredes e mais o cumio están acabadas; as madeiras, comestas polo tempo. Temos envellecido xuntos. Máis de catro enchentas colléronme nel. Nunha delas por pouco afogo. Salveime agarrado nun ame-neiro. O río medraba e medraba. Ten quedado o muíño enteiro debaixo da auga avolta; coma se non existise. Despois da enchenta seguía algún tempo apeado, pero sempre saíu triunfante daquelas loitas.

Carme nada sabe desto. Para ela, o muíño que herdou é unha renda, un choio. E nada máis. Hai un ano botoume del. Sen motivo algún. Coma quen mata a un home para velo deitado. No meu lugar puxo, como ti sabes, a Arturo, o novo muiñeiro. A xente di que se entenden os dous, e que por eso...

Botaron a rolar que estou tolo. Pode ser certo. Xa che dixen que non farei ningún esforzo para negalo. Tampouco deixarei de durmir aquí. Non podo entrar, pero o camiño é de todos. E todos me chaman "O Muiñeiro". Para moitos non teño outro nome, nin outra identidade. A chaqueta e o pucho que veño usando, seguen brancos. Teñen derriba anos longos de fariña. Todo eu estou enfariñado. Sinto a foula no sangue.

Tolo... Poida que si. Ou tal vez non. Quen pode medir a tolemia? Cando me botaron do muíño coidei que de certo estalaba algo dentro de min. Ti non podes entender. Ninguén o entende. Foi coma se me arrincasen un anaco; coma se me tivesen baldeirado, deixándome só un pelexo de espantallo. Un mundo estraño xurdiu para min. Na casa non podía durmir. Estrañaba o trengueleo da cangalleira, a danza do rodicio, o ruxir da auga. Todos eses barullos mesturados foran a miña música de sempre. Non me decatei mentres estiven no muíño, pero arredado dela íaesme o folgo. A vida non tiña obxecto. Os días eran longos, e as noites rodeábanme cun silencio de campa.

"O delito de Tomás"

Xosé Neira Vilas,
Xente no rodicio (1965)

Os nenos pobres non teñen xoguetes. nin comen compango, nin poden escorrentar o frío no inverno. Ben o sabía Tomás. Os nenos pobres non se queixan. Saben dende cativos que os laios nada resolven. Afanse a aturar; vóltanse duros dende o mesmo berce.

Tomás era un neno pobre pedíalle á súa nai, cada vez que ela iba á feira, que lle mercase algo para enredar. Un trompo, unha pelota de goma, un pínfano. Calquera cousa. O que menos custase. Ensináranlle a rezar e rezaba pola noite, coas mauciñas ergueitas, pedindo un xoguete. Un día cansouse e non rezou máis. Déuselle por cavilar que os santos non están da banda dos pobres. Súa nai non podía mercarlle nada. Cando levaba algo para vender (unha pita, ovos, un bolo de manteiga), apenas xuntaba pra a contribución e pra atender á rapaza amalada.

Pode dicirse que os rapaces pobres non tiveron nenez. Algúns son abelenciosos e fan carros de pau, paxareiras, asubiotes. Outros nin eso. Pero todos na aldea sinten degaro dun chirim-bolo mercado. Algo que verdadeiramente mereza chamarse xoguete.

—E por qué os nenos de Torres teñen xoguetes a treu? —díxolle Tomás á súa nai.

—Porque eles son ricos —respondeulle ela.

—¿E logo, por qué son ricos?

Non era doado expricalo. Hai cousas que se non abonda con dicilas, tampouco se pode chegar máis lonxe. E menos falando cun neno.

Razón lle asistía ó pequecho. Ós fillos de Torres chovíanlle xoguetes. Canciños peludos, bonecos, avións, carabinas... de todo. E cantos máis tiñan, máis esnaquizaban. Tomás arredaba coa mao o pelo que lle acochaba a testa, e quedábase panpo, mirando todo aquilo dende a cancela, coa cabeciña torta, choscando un ollo con saudade. Ás veces, en cada fazula relócialle unha bágoa, que atallaba coa lingoa. E namáis.

Aquelo aconteceu unha tardiña, polo vrao. Foi soio un instante. Calquera está certo de que algún día tiña que pasar. Os nenos de Torres saíran. Non había ninguén na casa. Hastra o can, aquel cadelo branco de xente que pode, levaran consigo. Tomás axexaba, coma sempre, por entre os barrotes da cancela. E os ollos batéronlle naquela regalía. Metéu unha mao e viroú o tarabelo. Tremábanlle as pernas coma xostras. Puido coller moitas cousas, pois de todo había, pero abondáballe co pínfano. Rispóuse con el, e na casa gardóuno detrás dunha rateira vella, no faiado.

Cando iba pra o monte percuraba andar soio pra poder estrebillar naquel canavelo feituco sin que o visen. E tamén se lle daba por fuxir pra entre o millo. Estaba ledó. Malia que non llo podía decir a ninguén. E os rapaces de Torres nin se decataron de que aquel xoguete non estaba. Houbéranlo dito. Tiñan tantos...

Pero todo ten romate. A nai de Tomás atopou o pínfano no faiado. Chamou ó rapaz e pídeulle contas. El dixo a verdade. E deseguida veu o castigo. O peor de todos. O máis dooroso e abaixante: foi obrigado a levarlle ós nenos de Torres aquel cativo xoguete musical. E a pedirilles perdón polo delito.

Berrou de novo erguéndose do
leito. A morte. A súa vida. Soa. Non
había ren. Na casa todos durmían,
as rúas estaban desertas, samente
os gatos como homes a esbarrar
cabo das casas, sen acougo. Ás
apalpadas intentou chegar á fiestra,
tiña un degaro irresistíbel por fuxir.
XOHÁN CASAL



Tema 7

*A Nova Narrativa Galega.
Características, autores e obras
representativas*

Lista de autores:

- | | |
|-----------------------|-------------------|
| 1. Rodríguez Mourullo | 5. Carlos Casares |
| 2. Xohán Casal | 6. Camilo Gonsar |
| 3. María Xosé Queizán | 7. Xohana Torres |
| 4. Méndez Ferrín | |



Rodríguez Mourullo

Tema 7. A Nova Narrativa Galega

Obras

- *Nasce unha árbore* (1954)
- *Memorias de Tains* (1956): estrutura epistolar (cartas)

Temas e liñas

- **Existencialismo:** angustia, desasosiego, desesperación, absurdo da existencia e visión pesimista e decadente (as ruínas de Tains)
- **Temas como a tolemia, a soidade, a morte, o illamento, a violencia, o onírico (soños) ou a fusión entre realidade e ficción**

Estilo

- Estilo moi experimental e renovador
 - » Conxugación de diferentes narradores e formatos (carta)
 - » Ruptura da linealidade temporal e fragmentación
 - » Espazos decadentes ou irracionais (sobre todo urbanos)
 - » Antiheroes e personaxes posmodernos
 - » Emprego dun rico simbolismo

Contexto

- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60 (influencias que chegan dende o exterior)
- Existencialismo e pesimismo
- Ansia de renovación a todos os niveis
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*
 - » Xornal *La Noche*, Festas Minervais, colección Illa Nova, fundación da UPG

Influencias da NNG

- Literatura universal (xente con moita formación)
- Nouveau roman francés e obxectalismo
- Existencialismo (Kierkegaard, Heidegger, Camus, Sartre)
- Kafka, Faulkner, Joyce etc.
- Psicanálise freudiana
- Escola de Frankfurt (Adorno, Horkheimer, Fromm)

Memorias de Tains

Gonzalo R. Mourullo (1956)

CARTA AO LEITOR

Se ti te viras chegado alí, ti te preguntaras, como todos: por que precisamente nesta enorme altura, lonxe de todas partes? E despois, xa despois de que o condutor che dixese que un día, hai moitos anos, baixou dunha carruaxe un viaxeiro e dixo “aquí bo sitio, aquí estarei perfectamente soio”, despois, digo, ti pensarás, ao ver así a tains fendido en dous, en dous anacos se non simétricos si case simétricos, que a estrada baixou, sin saberes de onde, pero estando seguro que baixou de algures, e foi a que o fendeu. Pero pouco despois ti daraste conta de que a cousa non foi así senón case todo o contrario: Tains nasceu así, fendido en dous anacos se non simétricos si case simétricos, precisamente porque a estrada estaba alí, ou con máis propiedade --xa que a estrada nunca está a secas-- porque a estrada estaba a pasar por alí.
(...)

Tains entrou na guerra precisamente porque non fora o que aquel viaxeiro que un día, fai moitos anos, baixou dunha carruaxe, quixera que fose. I eu vin a Tains, lector, sen que ninguén me chamase, como aquel viaxeiro. Foi difícil a toma de Tains. Na guerra, cada toma é, ao mesmo tempo, unha destoma.

(...)

Se ti te viras alí, ti te preguntaras: para que loitaron? Porque, lector, Tains xa non é Tains. Tains é unha morea de restos de algo.

CARTA A UN IRMÁN

Irmán:

A terra estaba seca. Incluso o río estaba seco, e o leito seu non era senón un camiño enxoiado. E porque a terra estaba seca, e despois non estivo seca, e despois nin sequera estivo, eu vou cara aí. Cara onde fuches ti fai moitos anos. Espérame. Coñeces o camiño. Sabes ben por onde hei de ir. Somentes debes ter presente que hoxe o camiño é menos tempo.

Todos sabían, irmán, que a terra sufría. Todos sabían —sabíamos— que si a terra quedaba estenuada de tanta sede, despois quedarían eles —nós— estenuados, non de sede precisamente.

(...)

Irmán, vou cara aí porque aquí nada teño que facer, ou quizais vaia porque teña demasiado que facer.

Irmán: espérame.



Xohán Casal

Tema 7. A Nova Narrativa Galega

Obras

- *O camiño de abaixo*

Temas e liñas

- **Existencialismo:** angustia, desasosego, desesperación, absurdo da existencia e visión pesimista e decadente (as ruínas de Tains)
- **Temas como a soidade, a morte, o illamento, a violencia, a incomunicación ou o amor fatal**

Estilo

- Estilo moi experimental e renovador
 - » Conxugación de diferentes narradores
 - » Ruptura da linealidade e fragmentación
 - » Espazos claustrofóbicos e agobiantes
 - » Antiheroes e personaxes feos ou deformados
 - » Emprego dun rico simbolismo (a estancia pequena da vida, a fiestra que dá ao exterior da vida, o berro de angustia ante a morte)

Contexto

- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60 (influencias que chegan dende o exterior)
- Existencialismo e pesimismo
- Galeguismo
- Ansia de renovación a todos os niveis
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*
 - » Xornal *La Noche*, Festas Minervais, colección Illa Nova, fundación da UPG

Influencias da NNG

- Literatura universal (xente con moita formación)
- Nouveau roman francés e obxectalismo
- Existencialismo (Kierkegaard, Heidegger, Camus, Sartre)
- Kafka, Faulkner, Joyce etc.
- Psicanálise freudiana
- Escola de Frankfurt (Adorno, Horkheimer, Fromm)

O camiño de abaixo

Xohán Casal

A VISITA

Entrou na súa habitación. Pechou a porta. Ela permaneceu agachada no teito. Non a viu. Escurecía. Deixou a gabardina riba da cama e dirixiuse á súa mesa. Era peluda. As súas serdas mouras dábanlle, alá no teito, o aspecto dunha gran sombra e o que a vise dende abaixo non podería menos que dubidar sobre a súa natureza. Estivérase quieta toda a tarde agardándoo e agora aínda permaneceu así algún tempo. El sentou á mesa e comezou a ler nun libro. Non había aire, sería mellor que abrise a fiestra. Abriuna. Seguía sen poder respirar. “Quizais --pensou--esteza enfermo. Semella que teño febre”. E pasou o dorso da man pola fronte. “Estou canso, iso é todo”. Mais tiña a sensación de que alguén respiraba no seu cuarto todo o aire. Ademais del había alguén, outra persoa. “Maldito” e virou a testa buscando por toda a peza. “Estou alucinado”.

Pasenñamente arrastrábase polo teito. Non podía afastar del a súa ollada. Temía que se fose. Que puidese fuxir. Ollábao intensamente namentres alancaba alongando apenas as súas patas peludas.

Si, alí había outra persoa. Ollábano. Cravaban nel unha ollada terrible, intensísima. Estaba desacougado. Con asfixia. Ergueuse e dispúxose a tomar algún medicamento.

Procurando avanzar sen ser ollada, a araña, descendeu ata o piso. Andaba moi despacio, alongando primeiro as súas patas dianteiras e logo as outras, a pesar diso non podía evitar un lixeiro renxer nas táboas do piso. COn tiña a respiración e procuraba acollerse ás sombras das paredes.

Un renxer leve mais significativo. Ollou para ela e ficou aterrorizado. Coma un idiota --todo pálido-- retrocedeu ata a parede. Tropezou con ela e estirouse coma nunha cama. Ollábaa sen poder afastar os seus ollos dela. Viña cara a el. Co seu andar lento e renqueante e non sabía o que era exactamente. Semellaba un horrible escorpión mouro ou unha sombra ou un can ferido. Achegábaselle, botando lastimeiros xemidos. Pedíndolle que non a deixase soa.

Aínda que quixese non podería. Estaba completamente frío, paralizado sen vida. Tiña as mans rixidas contra do pantalón e os ollos desorbitados. A araña achegouse a el e ergueuse nas súas patas traseiras, poñendo as de diante nas súas pernas, e pouco a pouco, facendo unha punzante presión nas coxas a través do pantalón, foise erguendo ata ficar apertada co seu abdome pegado ao del. Abrazábao nun movemento opresor e vacilante das súas patas, apertando moito a testa á súa. Chovía fóra. Polos vidros caía a auga facendo un lixeiro ruído. A araña escrutáballe a face cos seus ollos brillantes e redondos, eran dous botóns inhumanos, fríos que se asulagaban nunha maraña de pelos tesos. Nun principio semellou que ía bicalo mais despois, e sen afastar da súa face a ollada, contentouse con acariñarlle a meixela pasándolle pousadamente unha pata pola cara. Pasáballa chea de tenrura sen advertir que o contacto dos pelos no seu rostro producira xa fatais consecuencias.



María Xosé Queizán

Tema 7. A Nova Narrativa Galega

Obras dentro da NNG

- *A orella no buraco*

Temas e liñas

- **Existencialismo: o absurdo da vida, a soidade do ser humano, o paso do tempo**
- **Temas como a alienación, a loita de clases, a violencia ou o Outro (o diferente, o marxinado)**

Estilo

- Estilo moi experimental e renovador
 - » Conxugación de diferentes narradores
 - » Ruptura da linealidade temporal e fragmentación da trama
 - » Espazo urbano (as grandes Vilas do Norte)
 - » Obxectalismo (os personaxes aparecen como unha masa informe e describen moito os espazos e obxectos (reflexión das estruturas sociais nos espazos e nos obxectos)
 - » Emprego dun rico simbolismo (as follas secas)

Contexto

- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60 (influencias que chegan dende o exterior)
- Existencialismo e pesimismo
- Galeguismo
- Ansia de renovación a todos os niveis
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*
 - » Xornal *La Noche*, Festas Minervais, colección Illa Nova, fundación da UPG

Influencias da NNG

- Literatura universal (xente con moita formación)
- Nouveau roman francés e obxectalismo
- Existencialismo (Kierkegaard, Heidegger, Camus, Sartre)
- Kafka, Faulkner, Joyce etc.
- Psicanálise freudiana
- Escola de Frankfurt (Adorno, Horkheimer, Fromm)

A orella no buraco

María Xosé Queizán (1965)

CAPÍTULO I

Pola mañán as grandes vilas do Norde durmen aínda cando os seus moradores espertan, e siguen rezagadas no leito do inverno, cubertas coa fumaxada matinal, nas rúas, os coches ben aliñados, agardan caladiños aos seus donos para voltaren a encher a vila de bruidos e cheiros noxentos.

Os pasos rápidos dalgún madrugador resoan brandamente, coma se a néboa englobara ou retivera o seu son. (Os movementos das persoas, aínda entumecidas, vagarosas, axudan a dar esta impresión).

Alá lonxe, distínguense vagamente as torres da catedral, dúas cuadradas e outra afiada, moi alta, cuxo pico espétase na néboa; unha catedral denegrida polo tempo coma unha chea de vellos e fermosos edificios da vila. Esta pátina moura, dálle aos edificios unha seguridade, unha dignidade e, xunto co río, tamén xelatinoso, negro, a vila adquire un aspecto romántico, gris. Sobre de todo no outono, ao enchérense os xardíns dos paseos de follas secas, mortas e de xente a pisar nelas, esmagándoas como unha ilusión xa madura.

Por iso esta vila é refuxio de xente inadaptada, de artistas, buscadores de arte, de homes que queren atopar algo ou ben que foxen do que lles rodea ou deles mesmos. A vila e mais os seus moradores acóllenos, máis ben asimílanos, con naturalidade, sen curiosidade e deste xeito o ambiente cosmopolita suavízase e os estranxeiros séntense como na súa casa, gozando ao mesmo tempo do total exercemento da súa liberdade.

Nesta vila dáse moi acusadamente o contraste do vello e do novo, do fermoso e do feo, do pobre e do rico. Así, a carón dunha grande mole neoclásica, tan frecuentes na vila, unha miserable casoupa apuntalada con grandes paus estase derrubando. E hai cafés luxosos, non contaminados, illados na promiscuidade da cidade, onde sempre hai frío a pesar da calefacción, frío orixinado nos ocos que separan a xente entre si, no cheiro perfumado e xeadado, nas voces refinadas e apenas perceptibles, nos ollos frigoríficos de ollada elegante. Despois hai os outros, mesturados, ruidosos, humanos. “Os outros” non son sómente os cafés dos pobres senón tamén dos que se senten solidarios con eles, por cuxa razón son chamados snobistas.

Pero onde o contraste resulta máis notorio é no aspecto humano. Polo feito de ter o país un nivel de vida elevado, os pobres, os mendigos, os vagabundos desfarrapados, producen asombro e fan voltar a testa aos transeúntes cunha expresión que varía segundo os casos, no derradeiro dos cales é dun “typical” e risoño estupor, semellante ao que pode producir a vista das pirámides de Exipto.

Non é pois estraño que nas frías mañás do inverno, moi cedo, un madrugador enxergue entre a fumaxada, vultos mouros nos respiradeiros dos metros, nos recovecos das prazas, e nos bancos, vultos que a medida que o madrugador se vai achegando ou que a fumaxada vai despexando, fanse corpos ateridos, suxos, fedorentos e mal cubertos con farrapos.

Cando a lús encha a vila e quizais saia o sol, estes corpos abandonarán os seus postos nocturnos, buscando o sol que lles dea a vida, e deixarannos abandonados aos paxaros e aos ledos e ociosos paseantes, que os limparán meticulosamente, co seu branco pano, diante sde se sentar neles.

Pero a lús aínda está lonxe e os corpos sobre os bancos, protexidos pola néboa, aínda poden disfrutar do seu inqueda sono.



Xosé Luís Méndez Ferrín

Tema 7. A Nova Narrativa Galega

Obras dentro da NNG

- *O crepúsculo e as formigas*
- *Percival e outras historias*
- *Arrabaldo do norte*
- *Retorno a Tagen Ata*
- *Elipsis e outras sombras*

Temas e liñas

- **Existencialismo:** o absurdo da vida, a soidade do ser humano, o paso do tempo
- **Temas como a alienación, a loita de clases, a violencia, o sexo ou a revolución**

Estilo

- Estilo moi experimental e renovador
 - » Conxugación de diferentes narradores
 - » Ruptura da linealidade temporal e fragmentación da trama
 - » Espazos urbanos
 - » Obxectalismo (os personaxes aparecen como unha masa informe e describíense moito os espazos e obxectos (reflexión das estruturas sociais nos espazos e nos obxectos)
 - » Emprego dun rico simbolismo

Contexto

- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60 (influencias que chegan dende o exterior)
- Existencialismo e pesimismo
- Galeguismo
- Ansia de renovación a todos os niveis
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*
 - » Xornal *La Noche*, Festas Minervais, colección Illa Nova, fundación da UPG

Influencias da NNG

- Literatura universal (xente con moita formación)
- Nouveau roman francés e obxectalismo
- Existencialismo (Kierkegaard, Heidegger, Camus, Sartre)
- Kafka, Faulkner, Joyce etc.
- Psicanálise freudiana
- Escola de Frankfurt (Adorno, Horkheimer, Fromm)

O Suso

O crepúsculo e as formigas (1961)

A voz do Suso chegou a min fortemente, como unha corneta que rinchase:
-Manolito. Baixa. Baixa.
Eu obedecín. Todos os rapaces da Barbaña obedeciamos ao Suso. Il era sorprendente. Tiña uns ollos escuros; ollos de animal de baixoterra, opacos, fixos. Non era posíbel deixar de cumprir os seus desexos. Il non mandaba, simplemente desexaba. Estivera tirando pedriñas contra os vidros do meu cuarto. Eu abrira a fiestra e el berroume duro:
-Manolito. Baixa. Baixa.
Baixei. Desencolgueime pola vella cepa, máis vella que o meu avó, aquela tan vella que facía garda inmóbil na porta da nosa casoupa da Barbaña.
-Hai un rapaz no río -díxome o Suso.
Eu non lle demandeí se é que o rapaz afogara. Pero voltei a testa, inquirindo, como a testa dunha víbora. Respondeume:
-Está cerca da Pasarela. Ten os ollos abertos... Éche un rapaz.
Detívose e preguntoume pregando o entrecello:
-Tes medo?
Ía eu permitir que o Suso supuxera aquilo? En verdade tiña medo.
Pero o caso é que tódolos rapaces da Barbaña tolearían de pracer se Suso os fora tirar do leito ás dúas da mañá para ir ver un afogado. E eu mesmo sentía un pracer xugoso e doce, coma se mordera unha grande mazá que me enchera a boca.
Pro eu tiña medo e sabía que chegado o intre había ter aínda máis medo. Díxenlle:
-Non. Non teño medo. E logo?
Puxémonos a andar á beira do río.
A néboa era lixeira, coma un cristal algo suxo. Facía frío. Saíra con roupa de menos e cando me din de conta daba dente con dente.
-Estou atarecado, Suso.
Il non respondeu. Agora que recordo xa non dixo máis nada en todo o tempo que durou o noso camiñar á beira do río.
Daba eu un paso e un medo novo botábame unha poutada igoal que un gato bravo, alritado.
O río da Barbaña fede: alí concéntrase toda a merda de Ourense.
Ergueuse vento e tiven máis frío. Pero, sobre de todo, molestoume o grande rumor dos canavais, axitados coma unha cabeleira erecta que berrase. Fixeime no Suso. O Suso sempre tranquilizaba coa cara morena e fina que il tiña e os xeitos seguros. E a ponto estiven de berrar: o Suso ía coa cabeza baixa, camiñando con pasos inseguros, todo denotando nil inseguridade. Fiquei perplexo e pareime, cos ollos moi abertos. Il non fixo nada máis que isto: olloume fixamente, fixamente. Como soio il sabía ollar. Eu recuperei a calma no acto.
Saquee dous pitos que lle roubara ao meu pai. O Suso dixo que non coa cachola. Eu acendín un. Pareime. O Suso seguía a andar. Dinme de conta de que as pegadas do Suso non erguían absolutamente ningún ruído e por segunda vez estiven a ponto de berrar... Pro mordín o labre inferior e seguí, notando que un delgado sangue me escoaba polo queixo. O Suso parouse. Estaba algo lonxe de min, enriba dunha cañería de formigón armado. Pareceume alto e lonxe. E moito. Berroume como adoitaba berrar, como unha corneta:

-Manolito. Xa chegamos. Está na orela. Ti busca por alí. Eu vou por alá.
As últimas palabras removéronme e puxéronme carne de galiña. Tatexei:
-Non... Non...
E il repitiu:
-Eu vou por alá.
Vin desaparecer os seus ollos opacos e poderosos. Foise.
E eu púxenme a buscar o rapaz afogado ao resplandor escasísimo que viña do bairro do Couto.
O vento rizaba a iauga porca da Barbaña. E batíame o fedor na cara coma unha suxa mao. Metín un pé no río e mordeume un frío agudo.
E atopei ao rapaz afogado, na beira, a flor de auga.
Foise o medo inexplicabelmente.
Era un rapaz -visto antre a néboa, antre a iauga, á luz lonxana do Couto- de proporcións parellas ás do Suso ou ás miñas. Chamei:
-Suso. Suso. Suso.
Fungaban -iso si- as canas, pero o Suso non me respostou.
-Suso. Suso. Suso.
Dinlle a volta moi asustado, pro sen medo. Dinlle a volta. O rapaz afogado tiña ollos de animal de baixoterra. Tiña os ollos do Suso. Tiña a admirada cara do Suso. O rapaz afogado era o Suso.
Botei un berro liso e longo como unha lombriga. A néboa espesara. O vento quería fender os canavais. Voltei a berrar e o berro foi outra vez longo e repulsivo. Caín. Erguinme. Iniciei unha carreira cega.
Ao final da miña fuxida de pequena besta horrorizada, estaba a miña casa. E metinme na cama acorado e molladísimo.
Pasou o tempo.
Pasou o que quedaba de noite, nun estado de semi-inconsciencia.
E toda a rapazallada do bairro comenzou a berrar embaixo da miña fenestra:
-Manolito, Manolito. O Suso afogou onte no río. O Suso afogou onte no río.
Erginme e mirei o río. Era día grande. Non había néboa.

Labirinto

Elipsis e outras sombras (1983)

Co grupo permanecín ata os vinte anos. Fóronme iniciando nos principios dos Circuitos do Non, dos que eles eran o Consello Supremo. Aprendín en longas xeiras esgotadoras. Aprendín en longas xeiras esgotadoras as cen mil mañas da resistencia, do disimulo, da clandestinidade, da loita violenta. Ensináronme o manexo de armas de man, o control das grandes forzas enerxéticas, a técnica da propaganda pola destrución, demolición. Pouco e pouco fun coñecendo, asumindo, os puntos básicos da sabiduría, resumidos nos Principios de Doutrina.
(...)
A grande revelación produciuse inopinadamente o día en que cumpría os vinte anos. A inmensa cúpula lostragaba cilindros azuis, converxentes, nos que danzaba o po en ledas zarabandas. Os meus quince mestres concorreron simultáneos. Explicáronme a necesidade que eu tiña de ser capado, deixándome intactos os testículos, a fin de que a miña coraxe viril fora feroz, constante e insatisfeita. Porque, sinxelamente, eu estaba destinado, por cálculos feitos moitos anos atrás, pra me constituír en Xefe da Revolta, cuxo día, hora e duración estaban sinalados polas máquinas e cuxo final sería favorábel á resistencia, favorábel aos Circuitos do Non.

Arrabaldo do norte

(1964)

Diante miña hai una fiestra. Ou millor dito, un chinelo cadrado de carta e media de lado. Cun único cristal. E máis alá do chinelo, as rúas, as prazas, o arrabaldo sen nome de rúas embeleñadas, de prazas inagardada, o barrio norte da vila. Pouca senté na vila podería decir de sí mesmo que coñece, como eu coñezo, iste sistema de prazas comunicadas antre elas por unha madeixa de rúas incoherentes, que contitúi o arrabaldo do norte. Ante ista zona (tán mollada, tán barolenta) da vila e máis eu, existe unha sorte de comunicación estreita. Disto pode dar fe calquera dos primeiros, dos auténticos viciños do arrabaldo do norte. Pode dar conta calquera habitante do arrabaldo do norte que non seña un dises homúnculos orgullosos, reconcentrados, tímidos e malvados que, desertando das bisbarras esteparias do sul, viñéronse establecer eiquí, antre nós, e pretenden figurar que son algunha cousa porque comparten consnosco o aire, o tépedo e húmido aire de nosoutros. Que o diga calquera de nosoutros, poño por caso o doutor Kleines pra pór por exemplo a un conveciño destacado que ao mesmo tempo pasa por ser un dos millores coñecedores da pequena historia local e, como tal, é consultado polos eruditos que, no centro, investigan sobre do pasado da vila. Que diga o doutor Kleines se eu coñezo ou non coñezo beno o arrabaldo do norte, se eu lle teño suministrado, en ocasións, datos valiosos con que arrenquentar o seu ficheiro, oo non lle teño suministrado. O que digo é ben certo. Eu nacín no barrio norte da vila e sei que, no que respeita a istas cousas, posúo a verdade, anque seña somentes unha pequena verdade.
Nista parte da vila non se trazou plan urbáno ningún, non estaba previsto que a vila medrase cara o norte. O norte era daquela a zona dos prados, dos pequenos corarelos húmidos, dos muíños, dos regueiros por todas partes. Ante prado e prado, carreiros. Ante agrupacións de prados, corredeiras. En realidade, a vila non arrasou, medrando cara o norte, a zona dos prados. Foi a zona dos prados que se modificou de seu, fíxose arrabaldo de seu e axuntouse á vil de seu. Ao pé das corredeiras, sobre do chan tan vexetal e tan vivo, abrollaron as casas, coma fungos. Estendéuse a proliferación de casas-fungo por toda a zona norte dos prados. Despois, as corredeiras deixaron de ser corredeiras e os carreiros deixaron de ser carreiros. Rúas, iso, pequenas rúas; convertíronse en pequenas rúas sen dirección fixa, canellóns, curiosíximos callexóns sen saída. Chegados a iste ponto, omunicipio da vila meteu man e fixo algunha transversal e dispuxo un bon número, un cecais escesivo número, de pequenas prazas de forma vagamente elíptica, ovoide ou polo menos arredondeada. E asín é, sen historia, sen carácter, o arrabaldo noso, o arrabaldo norte da vila.



Influencias da NNG

- Literatura universal (xente con moita formación)
- Nouveau roman francés e obxectalismo
- Existencialismo (Kierkegaard, Heidegger, Camus, Sartre)
- Kafka, Faulkner, Joyce etc.
- Psicanálise freudiana
- Escola de Frankfurt (Adorno, Horkheimer, Fromm)

Carlos Casares

Tema 7. A Nova Narrativa Galega

Obras dentro da NNG

- *Vento ferido*
- *Cambio en tres*
- *Os escuros soños de Clío*

Temas e liñas

- **Existencialismo:** o absurdo da vida, a soidade do ser humano, o paso do tempo
- **Temas como a alienación, a violencia, o sexo ou o fatalismo**

Estilo

- Estilo moi experimental e renovador
 - » Conxugación de diferentes narradores
 - » Ruptura da linealidade temporal e fragmentación da trama
 - » Espazos urbanos
 - » Personaxes variados e cunha psicoloxía moi traballada
 - » Emprego dun rico simbolismo (moscas, por exemplo)

Contexto

- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60 (influencias que chegan dende o exterior)
- Existencialismo e pesimismo
- Galeguismo
- Ansia de renovación a todos os niveis
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*
 - » Xornal *La Noche*, Festas Minervais, colección Illa Nova, fundación da UPG

O xogo da guerra

Vento ferido (1967)

Botaron a sortes e tocoume a min. Eu penso que fixeron trampa, pero calei. Díxome o Rata: “Vai”. Eu non quería ir, digo a verdade. Pero cando o Rata dicía vai, había que ir. O Rata estaba tolo, segundo a miña nai. Pero eu penso que non estaba tolo, que era atravesado e de mala lei. “Vai”, dixo outra vez. E fun. A casa de don Domingo quedaba lonxe. Algo así como a dous quilómetros. Tiven que dar un rodeo para non pasar por diante da zapatería do meu pai. Pensei: “escapo para a casa e xa está”. Pero collín medo. Ademais ía calor e na casa no verán non se para coas moscas.

Ceguei ao chalé de don Domingo e berrei:
-¡Zalo...!
Ladraron os cans. Agardei un pouco e volví chamarrar:
-¡Zalo..!

Cando apareceu, de seguida me dei conta de que viña de durmir a sesta. Díxome: “¿Que pasa!? Eu díxenlle: “O Rata agárdate no río. Cazou unha bolboreta moi bonita. Di que vaias, que cha dá para a colección”. O Zalo era tolo polas bolboretas. E o Rata, que cabrón, como lle sabía dar co gusto á xente.
-¿Onde está o Rata?
-No campo da Bomba.

Saímos correndo. Cando chegamos, o Rata estaba bañándose no río. Ao nos ver, saíu. Mirou ao Zalo con cara de atravesado e díxolle: “Hola, ¿Queres a bolboreta?”. O Zalo volveuse cara a min como preguntando. A verdade, eu non quería. O Rata asubiu e entre todos botáronse ao Zalo. Espírono e atárono a un amieiro. O Zalo choraba e a min déronme ganas de chorar. Eso non se lle fai a ninguén e menos a traición. O Rata chuspiulle alí, naquel sitio, e chamoulle caguetas. “Non se chora”, dixo. Despois colleu un vimbio e pasoullo polas pernas o pola barriga sen lle dar. Botamos a sortes e tocoume a min. Quixen fuxir ou tirarme ao río, pero o Rata miroume así, como mira el, e collín o vimbio. “Veña”. Díxenlle que non. “Mira, Rafael, que te imos atar a ti”. “Non”, “Mira, Rafael, que non me enchas”. “Mira Rafael..” Pola voz souben que me ía dicir o da miña nai. Agarrei o vimbio e funme cara ó Zalo. Eu non quería, ben o sabe Deus. E deille no pescozo. Os outros berraron: “¡Máis!” E eu non vía. E daba. E sentía o sol dentro da cabeza e os chiídos do Zalo, que se me espetaban nos ouvidos. E daba. “¡Máis!” Doíame o brazo de tanto subir e baixar. “¡Máis!” Cando mirei para o Zalo gañei medo. Sangraba por todas partes e comían as moscas. Estaba como morto. Non falaba. O Rata e os outros fuxiron. Eu tamén fuxín.

Eu non quería, digo a verdade. Díxenllo a aquel señor, pero non me fixeron caso. Tamén lle dixen que fora por sortes, que me tocara a min. Pero non me escoitou. Faloume do inferno e entón calei.
Agora estou neste colexio. Aquí levo un ano. É primavera e non podo saír. Ao mellor saio para xuño. Onte leváronme á sala de castigos. Din que non se pode andar sós, que hai que xogar. Tampouco se pode andar de dous en dous. A puta que os pariu a todos. Eu quero andar só para pensar. A min non me gusta xogar ao fútbol nin ao frontón. Gústame xogar no lavabo. E non se pode. Está prohibido. Pero polas noites, cando todos dormen, érgome e vou aos lavabos e xogo á guerra. Polo día collo moscas e gárdoas nunha caixa de mistos. Pola noite meto as moscas na pileta e ábrolle á billa, pouquiño a pouco, paseniño. As moscas soben, foxen pola pileta enriba, pero eu doules para abaixo cunha palliña e afogan. É a guerra. Un día colléronme e leváronme á sala de castigos. E chamáronme marrán por andar coas moscas nas mans. ¿E que? Se non fose pola guerra, podería de noxo. No inverno, como non había moscas, xogaba cos cachiños de papel, pero non é tan bonito.

Para xullo din que saio. O Rata, ao mellor, pensa que me esquecín. Estache bo. ¡Ai, Rata! Estache bo. Heino arranxar ben arranxado. El ha pensar que somos amigos. Estache bo ¡Ai, Rata! “¿Vés ao río?” El vén, que lle gusta moito. “¿Xogamos aos submarinos?” El xoga, que lle gusta moito xogar aos submarinos. Primeiro paso eu. Paso dúas ou tres veces. Despois que pase el. Eu escarránchome e el pasa por debaixo da auga entre as miñas pernas. E así dúas ou tres veces, para que se confíe. Pouquiño a pouco. Paseniño. E entón, hala, cando pase, pecho as pernas e queda preso polo pescozo. Pouquiño a pouco. Paseñino. Como as moscas da pileta.



Camilo Gonsar

Tema 7. A Nova Narrativa Galega

Obras dentro da NNG

- *Lonxe de nós e dentro*
- *Cara a Times Square*

Temas e liñas

- **Existencialismo: o absurdo da vida, a soidade do ser humano, o paso do tempo**
- **Temas como a alienación, o alleamento, a violencia ou o marxinado (cegos, borrachos na noite)**

Estilo

- Estilo moi experimental e renovador
 - » Conxugación de diferentes narradores
 - » Ruptura da linealidade temporal e fragmentación da trama
 - » Espazo urbano (New York)
 - » Obxectalismo (os personaxes aparecen como unha masa informe e describíense moito os espazos e obxectos (reflexión das estruturas sociais nos espazos e nos obxectos)
 - » Simboloxía e gusto polo onírico (mundo dos sonhos)

Contexto

- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60 (influencias que chegan dende o exterior)
- Existencialismo e pesimismo
- Galeguismo
- Ansia de renovación a todos os niveis
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*
 - » Xornal *La Noche*, Festas Minervais, colección Illa Nova, fundación da UPG

Influencias da NNG

- Literatura universal (xente con moita formación)
- Nouveau roman francés e obxectalismo
- Existencialismo (Kierkegaard, Heidegger, Camus, Sartre)
- Kafka, Faulkner, Joyce etc.
- Psicanálise freudiana
- Escola de Frankfurt (Adorno, Horkheimer, Fromm)
- Xeración Beat (Kerouac, Ginsberg, Burroughs)

Cara a Times Square (fragmentos)

Camilo Gonsar (1965)

Voltéi para a cidade. Camiñei de novo polas rúas, mais agora sin ninguén a quen buscar, sin ningunha meta.
Ningunha meta?

A verdade é que escuramente esperaba desembocar diante do night-club. Claro que, por entrar no night-club por segunda vez, non estaba garantizado que atopase, tamén por segunda vez, a nosa show-woman. Mais era igualmente claro que non había atopala en ningunha outra parte.

Quizáis, en vez de busca-la, máis ben debería fuxir dela. Non acababa de asesinar a unha persoa pola que sentira ela un interés manifesto?

Así e todo, eu non podía xuzgar a miña acción como un crime. Si, tirara o Belga ao mar nun arrouto de furia, pero o meu rempuxón, a fin de contas, beneficiá-rao.

* * *

New York era certamente un universo insondable. Por exemplo, un pasaba ás veces por diante dun bar, ou club, ou quizais restaurant, de aspecto hermético, e quedaba intrigado polo tipo de clientela particular que o frecuentaría. Porque, polo que toca a clientelas particulares, New York ofrecía, sin duda, máis posibilidades que ningunha outra cidade da terra. Desde gangster e todo tipo de mafias, se un pensaba mal, hastra, sendo ben pensado, membros de pequenas comunidades como, ocórrese-me agora, albaneses ou lituanos; ou galegos e vascos.

Unha vez no Broadway central, resultábame difícil non botarlles unha ollada aos grandes carteis dos diferentes espectáculos, aínda tendo feito o mesmo xusto a noite anterior.

Os juke-boxes emitían incesantes sucesións de rocks. Tamén sonaba cantidade de música latino-americana, que era a habitual nas moitas cafeterías con presenza portorriqueña.

A vitalidade, a variedade, o movemento de Manhattan constituían unha inesgotable fonte de admiración.

(...)

Demos chegado a Times Square? Teño as miñas dudas. Según lín algúns anos despois, as xentes que daquela adoitaban desembocar na noite de Times Square eran, entre outros moitos, soldados, mariñeiros, hoodlums, rapaces que lavaban pratos nas cafeterías, hitchikers, bébedos, negros, chinos, portorriqueños, xóvenes mecánicos norteamericanos con chaquetas de coiro... Pertencería o Belga a algunha daquelas clases de xentes? Eu non diría que esto fose imposible.

Espero que vostede non se apure a concluír falsamente que a miña aventura co meu amable informante da (suposta) parada de autobús foi soio un sonho que tiveron mentras durmía no meu hotel, ou algún efecto do whisky ue estivera bebendo por Greenwich Village. Non, a min endexamáis se me ocorreu poñer por escrito os meus sonhos, nin os naturais, nin —no caso de que algunha vez os experimentase— os provocados polo alcohol. Os sonhos son infantís, tolos, extremadamente aburridos, en especial se un non é un C. G. Jung para interpretalos mesmo nos seus mínimos detalles.



Influencias da NNG

- Literatura universal (xente con moita formación)
- Nouveau roman francés e obxectalismo
- Existencialismo (Kierkegaard, Heidegger, Camus, Sartre)
- Kafka, Faulkner, Joyce etc.
- Psicanálise freudiana
- Escola de Frankfurt (Adorno, Horkheimer, Fromm)

Xohana Torres

Tema 7. A Nova Narrativa Galega

Obras dentro da NNG

- *Adiós, María*

Temas e liñas

- **Existencialismo:** o absurdo da vida, a soidade do ser humano, o paso do tempo
- **Trátase dunha novela de aprendizaxe (paso á madurez) con todos os seus temas relacionados:** feminismo, familia, amizade, vida urbana, conciencia de clase, emigración dos pais etc.

Estilo

- Estilo moi experimental e renovador
 - » Fluxo de conciencia e monólogo interior da adolescente
 - » Ruptura da linealidade temporal e fragmentación da trama
 - » Espazo urbano
 - » Estilo moi coloquial que reflicte a realidade do momento e a espontaneidade dos personaxes

Contexto

- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60 (influencias que chegan dende o exterior)
- Existencialismo e pesimismo
- Galeguismo
- Ansia de renovación a todos os niveis
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*
 - » Xornal *La Noche*, Festas Minervais, colección Illa Nova, fundación da UPG

Adiós, María
(fragmentos)

Xohana Torres (1971)

Edesúpeto berrei, mamai, mai, así, coma un suspiro longo para desafogar, unha chamada, e total para qué si ti sigues tan lonxe. Cismo verdades e mentiras, no ceo que está negro, nos tellados de Lille, na ferida e no sangue, o sol que xa morreu moi abaixo da ría, na señardá de Cantador, de todos, e berro, mamai, e choro. E total xa non podes contestarme.

* * *

Dicía a avoa, contenta de verdade:
—Son máis forte eu ca un buxo.

Resulta que non. Da noite para a mañá chéganos co conto dos microbios, coidado coidadiño que todo o mal está nalgún contaxio, teñamos precaución que non a temos. Misterios que suceden precisamente cando xa se lle puxo a unha muller o pelo ruzo e está engruñida e ten lixos escuros por enriba das mans, se cadra todo é porque ten medo e séntese triste.

A miña avoa énchese de goteiras e practica o sistema con patente que entendín axiña:

1º) Unha cara de mártir coma se verdadeiramente a devorase unha febre e ela sen queixarse,

2º) Un laio, ou quizais non foi laio, é tan suave este laio, o primeiro que bota avoa Inés para avisarnos de que lle doe a espiña á altura desa quinta costela que estará escachada e para isto necesitamos naturalmente fósforo, calcio, non lle deamos voltas ao manubrio que ha tomar o calcio porque si.

* * *

Sexto e último aviso: Escribe escribe ben o que che pasará se segues comendo as unllas ademais non as leva o estómago ademais fan unha bóla no apéndice, se che dá un retorzón apañaremos todos ademais.

* * *

O tempo pasa unhas veces de moito vagar, entón as horas van e veñen, soben, baixan de moito ten con ten, non se dan acabadas, ata mesmo parece que che pesan. Dicimos, A ver, ¿que hora será? imos ao comedor e son aínda as cinco da tarde, Pero como, aínda as cinco, debe estar mal, parou. Pero non, son simplemente as cinco. Como engañan os días de ceo toldado, chumbo. E aínda a cousa é peor se tes fastío.

Outro día, veña, as horas voan igual que unha poeira do camiño, fechas os ollos para que non entre o pó, ábrelos, e ala, xa vai aló facendo un remuíño ¿Será posible?... E a todo isto, xa é hora de mirar a noi-te ou meterte na casa para cear. Eso do tempo é sempre unha sorpresa. De tódalas maneiras nunca recordo un día tan movido coma o de hoxe.



Nada se dá gratis, Poloño. O
camposanto dano de gratis ós
pobres porque xa o teñen pago
coa súa pobreza
ÁLVARO CUNQUEIRO

Tema 8

*O teatro galego entre 1936 e 1975: a
Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia*

Lista de autores:

1. Cunqueiro (Xer. dos 50)
2. Grupo de Ribadavia (só teoría)



Álvaro Cunqueiro

Tema 8. O teatro entre 1936 e 1975

Obras teatrais

- *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*
- *A noite vai coma un río*

Temas e liñas

- **Temática fantástica**
- Relación coa literatura universal (Shakespeare)
- Temáticas atemporais (morte, suicidio, amor)

Estilo

- Renovación escénica da historia de Hamlet
- Simboloxía moi rica (o vento que simboliza o cambio, a humidade da ausencia de renovación)
- Personaxes que se moven entre o dramatismo e o absurdo
- Presenza de coro (*Don Hamlet*), que rompe a cuarta parede
- Aplicación do complexo de Edipo á historia de Hamlet

Contexto

- Posguerra e represión
- Pezas teatrais feitas para ser lidas
- Pequena abertura dos anos 50 e desarrollismo dos 60
- Importancia da psicanálise freudiana, en especial do complexo de Edipo
- Proxectos que tratan de recuperar a lingua e a cultura galegas tras a Guerra Civil:
 - » Colección Benito Soto
 - » Editorial Galaxia
 - » Revista *Grial*

Xeración do 50 (teatro, non confundir coa poesía)

O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca

Álvaro Cunqueiro
(1958)

XORNADA PRIMEIRA

Unha sala no castelo de Elsinor. Paredes núas, afumadas. Onde non, pousa o mofo verde, que brilla en esmeralda ou ouro vello cando o roza a raiola do sol ou a luz das lámpadas. Á dereita, unha grande escaleira de pedra que rube á Torre dos Esperteiros. Á esquerda, unha cheminea: no fogar arde un lume canso. Altas bóvedas e podentes trabes de carballo. Unha única fiestra, ó fondo, aberta sobre a néboa da mañá. Aquí e acolá, nas paredes, fiteiras e seteiras. A sala é terrea. Non se escoitan os pasos da xente.

O coro baixa amodo polas escaleiras. Un fato de xentes escuras, sen idade nin sexo, que visten roupas pardais, ou da cor do fume e do mofo, que arrimadas ás paredes se confunden con elas. A parte do Coro vana declamando, como por turno, as xentes estas, adiantándose do mesmo grupo para dicila, e voltando presto ó anónimo. Voces, as do Coro, súpetas unhas, apaixonadas outras, outras graves e reflexivas.

ESCENA I

O CORO

Deténdose na metade da escaleira, apoiando as mans na varanda.

Benvidos a Elsinor, señores! Aquí en Elsinor todo temos pechado por mor do vento. Non hai no mundo lugar máis ventado que Elsinor. Todo ten que estar dentro: a xente, o gado, o xardín. E é por culpa do vento irado. A ninguén lle praxe saír de Elsinor con tanto vento fóra, semellante a un grande exército ouveador que cercase Elsinor por toda unha longa noite. Por iso os de Elsinor somos xente de pálida pel. Quen sae ó campo en Elsinor?

(...)

ESCENA IX

HAMLET

Pon ó pescozo o lazo. Está no máis alto das ameas. De pé. O vento de fóra revóalle o roupón.

Nunca deixaron entrar en Elsinor o vento. Unha medida real, Poloño. Un decreto supremo. Pono por escrito. Desde hoxe o vento pode entrar nas estancias de Elsinor. El Rei Hamlet non lle ten medo ó vento que ouvea fóra. Dille a Ofelia que digo Ofelia ó morrer. Fan agora tan ásperos espartos!

Déixase caer do outro lado.



Manuel Lourenzo

Grupo de Ribadavia

Tema 8. O teatro entre 1936 e 1975

Autores e obras

- Manuel Lourenzo
 - » *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*
- Euloxio Rodríguez Ruibal
 - » *Zardigot*
- Roberto Vidal Bolaño
 - » *Saxo tenor*

Temas e liñas

- Teatro comprometido
- Temáticas sociais e políticas
- Fusión da renovación coa tradición
- Temáticas míticas

Estilo

- Renovación do teatro galego
- Experimentación cos rexistros e os subxéneros teatrais (farsa, alegoría, traxicomedia)
- Confluencia entre a figura de autor e a de actor

Contexto

- Desarrollismo dos 60 e pequena apertura cultural
- Feitos teatrais
 - » Asociacionismo cultural
 - » Teatro independente (compañías como O Facho ou Teatro Crico)
 - » Mostras de teatro de Ribadavia (dende o 73)
 - » O teatro desta época abre o camiño para o posterior nacemento do teatro profesional e traballa desenvolvendo publicacións como revistas (en especial, Manuel Lourenzo e Francisco Pillado)



Roberto Vidal Bolaño

l'mostra de teatro en galego

agrupación cultural "abrente" / ribadavia maio 1973



Máscaras de Castelao
pra «Os vellos non
deben de namorarse».
Museu Carlos Maside,
Sada (A Cruña)




Na Galiza, ise vello pobo,
carballo carcomido de raios e bestigos,
loita, dende fai séculos,
o home cas ratas
LUÍS SEOANE

Tema 9

*A literatura do exilio entre 1936 e 1975: a
poesía, prosa e teatro*

Lista de autores e temas:

1. Poesía no exilio
 - 1.1. Luís Seoane
 - 1.2. Lorenzo Varela
2. Prosa no exilio
3. Teatro no exilio



Luís Seoane

Tema 9. A literatura do exilio

Temas, liñas e fontes

- **Liña intimista:** sobre todo en relación coa nostalxia da terra e coa experiencia na emigración e no exilio (moita relación coa liña social)
- **Liña histórica:** evocación do pasado lendario de Galicia
- **Liña social e realista:** denuncia social e política, inxustizas, temas de actualidade e conciencia social. Temas como a emigración ou o exilio son moi propios de Seoane (relación coa liña intimista)

Estilo

- **Estilo social-realista:**
 - » Sinxeleza expresiva
 - » Importancia máis o que se di que a forma de dicilo (predominio do contido fronte á forma)
 - » Mensaxes de denuncia
 - » Mestura de métricas cultas e populares, pero predominio do verso libre
 - » No caso de Seoane, poemas moi narrativos (predominio do descritivo sobre o lírico)
- **Recursos do estilo social-realista:**
 - » Repeticións: anáforas, catáforas, paralelismos etc.
 - » Acumulacións: enumeracións, amplificacións, expolicións etc.
 - » Ironía, retransca, humor, dobres sentidos e esaxeracións (hipérboles) etc.

Contexto

- Guerra Civil, posguerra e represión
- Exilio
- Actividade cultural no exilio:
 - » Revistas como Galicia emigrante
 - » Audicións radiofónicas
 - » Editoriais como Botella al Mar ou Citania (Seoane)

Poesía

Obras de Seoane

- *Fardel de eisiliado* (1952): emigración e personaxes colectivos
- *Na brétema, Sant-Iago* (1957): recuperación do pasado individual e social
- *As cicatrices* (1959): recuperación do mundo celta e liña social-realista

Cabo A Derradeira Imaxe (1936)

Na brétema, Sant-Iago
Luís Seoane (1956)

Seis ou sete séculos despois.
Denantes ou despois. Que máis ten! ...
Poido ter sido mil trescentos trinta e seis
ou mil catrocentos trinta e seis.
Tocaban a morto e non o sabían os culpables.
Tódalas campás da cidade tocan a morto
dendentón.
Foi mil novecentos trinta e seis.
Ogallá endexamais poida sere.
Eran soio ceibes a mar e os paxaros.

A filla do zapateiro, ou do ferreiro, ou do xastre,
era levada en camisa polas rúas,
marcadas a fogo tres letras na fronte,
a cabeza enfeitada, escarnecida,
despoxada dos longos rizos loiros.
Berrábanlle as letras da fronte.
Eran soio ceibes a mar e os paxaros.

Deixaron caír asesiñados sobor das gavias
ós homes que soñaron un mundo diferente.
Á beira dos cadavres vivían abraiadadas
as lagartixas verdes,
os insectos, as prantas, a terra e a iauga.
A eles somente non lles tiñan permitido vivir
máis.
Soio eran ceibes a mar e os paxaros.

A esos estudantes de pousadas probes
da Rúa de San Pedro,
do Campo do Galo, da rúa das Hortas,
de bairros probes, de aldeas probes,
de pais probes,
estudantes de “pan e sardiña”,
con libros amostrándose polos petos
deformados
dos vellos abrigos con lixaduras,
tíñanos matado ao abrente
á beira dos camiños.
Un preto can vagamundo os velaba.
Eran soio ceibes a mar e os paxaros.

A rapaza da fronte marcada a fogo
sin as trenzas de ouro, a cabeza enfeitada,
era aduceda marteirada pola cidade.
Arrempuxábana o falso sacerdote, o falso fidalgo,
o ladrón, o mentiroso, o asesiño.
Relocíanlle na fronte as tres letras de escarno
e ollaba serea cara adiante,
pra estrela lonxana, perta de espranza,
que soio enxergaban ela, os desterrados e os
mortos.
Eran soio ceibes a mar e os paxaros.



Poesía

Lorenzo Varela

Tema 9. A literatura do exilio

Obras

- *Catro poemas pra catro gravados* (1944)
- *Lonxe* (1954)

Temas, liñas e fontes

- **Liña intimista:** sobre todo en relación coa nostalxia da terra e coa experiencia na emigración e no exilio
- **Liña histórica:** evocación do pasado lendario de Galicia (*Catro poemas pra catro gravados*, onde recupera as figuras de María Pita, María Balteira, Roi Xordo e o bispo Adaúlfo con ilustracións de Luís Seoane)
- **Liña social e realista:** denuncia social e política, inxustizas, temas de actualidade e conciencia social.

Estilo

- **Estilo social-realista:**
 - » Sinxeleza expresiva e mensaxes de denuncia
 - » Importancia máis o que se di que a forma de dicilo (predominio do contido fronte á forma)
 - » Predominio do verso libre
 - » Poemas moi narrativos (predominio do descritivo sobre o lírico)
- **Recursos do estilo social-realista:**
 - » Repeticións: anáforas, catáforas, paralelismos etc.
 - » Acumulacións: enumeracións, amplificacións, expolicións etc.
 - » Ironía, retrans, humor, dobres sentidos e esaxeracións (hipérboles) etc.

Contexto

- Guerra Civil, posguerra e represión
- Exilio
- Actividade cultural no exilio:
 - » Revistas como Galicia emigrante
 - » Audicións radiofónicas
 - » Editoriais como Botella al Mar ou Citania (Seoane)

Emigrante

X. Lorenzo Varela
Lonxe

Quen son eu, quen me trouxo,
quen me ten de levar?
Lonxe quedou o muíño,
tamén lonxe o piñeiral.
Quen é o veciño meu,
o polaco que chora ardentes bágoas,
ese loiro rapaz que non vai ó traballo
porque di que o mencer ten veneno de serpe?


Quen son eu, quen me trouxo?
E quen me levará deste inferno das moedas
ó ceo da caridade?

Meu muíño de pan!
Meu piñeiral!
Meu lar!

Compañeiros da miña xeración mortos ou asasinados

X. Lorenzo Varela
Lonxe

Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!
Facíamos un feixe de campos e de estrelas,
e ó pisar ese chao que latexaba
sentiamos subir polo sangue o misterio.
O noso corpo era o camiño da maxia,
a escada pola que viña a lúa,
o zume de tódolos segredos,
a cnación da herba que resucitou.
E o mesmo verme era unha folla leda,
un mensaxeiro do sagrado alén.
Morréchedes, matáronvos, deixáronme.
Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras.
E gardo, coma un morto,
no centro do silencio, da sede, da agonía,
o día que vs poida levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!



Ramón de Valenzuela

Narrativa do exilio

Tema 9. A literatura do exilio

Autores e obras

- Eduardo Blanco Amor (tema 6)
- Xosé Neira Vilas (tema 6)
 - » *Historias de emigrantes*
 - » *Camiño bretemoso*
 - » *A muller de ferro*
- Ramón de Valenzuela
 - » *Non agardei por ninguén* (1957)
 - » *Era tempo de apandar* (1980): experiencia da represión
- Silvio Santiago
 - » *O silencio redimido* (1977)
- Antón Alonso Ríos
 - » *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte*

Temas e liñas

- **Realismo social:** denuncia e crítica social das condicións materiais e históricas (emigración, exilio, loita de clases, problemas da vida rural, represión, miseria)
- **Infancia no rural e recreación do pasado e mais das experiencias da guerra e o exilio**

Estilo

- Estilos variados dentro do realismo social
- Gusto polo autobiográfico

Contexto

- Guerra Civil, posguerra e represión
- Exilio
- Actividade cultural no exilio:
 - » Revistas como Galicia emigrante
 - » Audicións radiofónicas
 - » Editoriais como Botella al Mar ou Citania (Seoane)



Castelao



Teatro do exilio

Tema 9. A literatura do exilio

Autores e obras

- Luís Seoane
 - » *O irlandés astrólogo, Esquema de farsa, A soldadeira* (recuperación do pasado medieval)
- Castelao (tema 4)
 - » *Os vellos non deben de namorarse*
- Eduardo Blanco Amor
 - » *Farsas para títeres*

Temas, liñas e estilo

- **Teatro popular, enxebrista e costumista:** Varela Buxán
- **Teatro culto:** Castelao, Seoane, Blanco Amor
 - » Experimentación teatral
 - » Conxugación de linguaxes (iluminación, decorado etc.)
 - » Obras con elementos fantásticos e satíricos
 - » Temáticas sociais e populares

Contexto

- Guerra Civil, posguerra e represión
- Exilio
- Actividade cultural no exilio:
 - » Revistas como Galicia emigrante
 - » Audicións radiofónicas
 - » Editoriais como Botella al Mar ou Citania (Seoane)
 - » Compañía de Maruxa Villanueva en Bos Aires (estrea d'*Os vellos non deben de namorarse*)

Antes eras un colega
pero agora
me cago en tu puta madre
me cago en tu puta madre
RONSELTZ



Tema 10

*A poesía de fins do XX e comezos do XXI.
Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas
e tendencias actuais máis relevantes*

Lista de temas:

1. Anos 70
2. Anos 80
3. Anos 90
4. Século XXI



Arcadio López-Casanova



Margarita Ledo



Darío Xohán Cabana



Fiz Vergara Vilariño

Anos 70

Tema 10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras que abren novas vías de expresión

- **Méndez Ferrín** (*Con pólvora e magnolias*, 1976, tema 5): mestura o compromiso político (a pólvora) coa estética amorosa, intimista e erótica (as magnolias)
- **Arcadio López-Casanova** (*Mesteres*, 1976): volta a temáticas universais e a un maior formalismo e barroquismo que fai presentir xa a liña culturalista e formal dos 80
- **Cunqueiro** (*Herba aquí e acolá*, 1980): poemario moi importante para os autores dos 80 e os 90 porque mestura a fantasía, o existencialismo e o intimismo dando lugar a un produto con moita sensibilidade, complexidade e coherencia
- Outros autores
 - » Margarita Ledo Andión, Darío Xohán Cabana, Fiz Vergara Vilariño, Vítor Vaqueiro etc.

Trazos máis salientables

- Progresivo esgotamento do estilo social-realista
- Individualismo, volta cara o “eu”
- Conxunción entre compromiso e estética
- Recuperación dos tópicos universais
- Renovación de temas, recursos e estilos: temáticas como o erotismo, o sexo ou a identificación Terra-Nai.
- Apertura ao mundo, con referencias novas e tamén antigas (Manuel Antonio, por exemplo)

Contexto

- Tardofranquismo e falecemento do ditador en 1975
- Etapa de transición / posterior Estatuto de Autonomía en 1980 e Lei de Normalización Lingüística en 1983
- Entrada da lingua galega no ensino
- Ampliación do mundo editorial galego (Xerais, Sotelo Blanco)
- Aparición de grupos poéticos (Rompente, 1975, Crazo Fondo, Alén, De amor e desamor)
- Coincidencia de autores de varias xeracións que se inflúen entre si

Mester de reconciliación

Arcadio López-Casanova, *Mesteres* (1976)

II

Cantar, cantar, cantar. Sempre na danza a luz; sempre na morte a Morte. Vida ten quen tenta pró albor, pró albor... Vencida sombra: que eternidade o corpo alcanza?

Ir e mais ir. Ser, ser. Alta acordanza. Memoria, tecer meu. Ollada. Ardida está a mañá. Quen tenta abeiro...? Ida do amor: pregan as mans dunha arelanza?

Unha arelanza, espranza, danza súa, arelar, agardar, danzar —quén sabe se pra morrer—. Siquer a Noite salva?

Chorar, chorar, chorar. Orfandá núa. Ir e ir, e mais ir —levada nave—, sen cadeas do Tempo pra unha i alba

III

Están os ollos pra velar. Quen vela non morre. Quen sostén o Exilio? Nada é nada contra o Tempo —a túa morada— se as mans arden nos sonhos. Dura estrela

cantar sen patria, lonxe, na rodela da Noite, sen ninguén que escoite, anada do pranto. Lonxe. Lonxe. Ai, vagoada do corazón: qué soio se rebela!

Vivir, vivir. Cantar sen patria. Dura orfandade do corpo. E ser. E terra soñar. Vivir, vivir. Amar a vida.

Sen título

Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (1976)

Podería chamar agora por Kerouac¹ porque entre os dous hai un río de tristísimo outono pero prefiro contemplar as criaturas preciosas - xa sabedes: pérolas, ouro, cando non cristal lucente e mármore- de Bembo² e miro atentamente o máis estéril - xema, libro, lámpada- que denote as propias bases ou pés de barro do meu verbo e agoire fermosamente a cousa a cousa a cousa formal e inerte na que me vou erixindo coidadosa e artificiosa mente podería chamar agora por Kerouac ou mocidade perdida porque entre os dous escoa o río da morte

¹ Escritor norteamericano da Xeración Beat.

² Escritor renacentista italiano.

Sen título

Alfonso Pexegueiro,
Serraogna (1976)

Ouh,
derradeiros homes de Galicia
onde as vosas mans feridas?
Poñédeas nos brancos beizos da noite!

que chíe!

que rebenten as pedras a súa barriga de sonhos!

Hoxe poñemos traxe de vento / no sorriso dos nenos
e sobre cabalos de lume
ímo-los poetas,
queimando...



A muller de Seraogna

Alfonso Pexegueiro,
Serraogna (1976)

Renxe o mastro da noite, no tempo,
e na ribeira do silencio dorme afanosa
a muller de Seraogna. Espiga de luz,
a muller de xiz, introdúcese núa
na terra que traballa, abertos os seus seios e o seu sexo.
Cheira a silva e confúndese co gran
a muller de Seraogna. Saben a vaca os seus dedos
e a leite os seus beizos que o sol mata no centro da eira.
Sabe a tempo, a vida, a río e a soño
a muller que non sabe de contas,
que se perde na praza regateando dúas pesetas e o peso.
Sabe a sol, a uva, a resina recenden
os seus peitos cando anceiosa e cansa me ofrece o seu corpo.
Salvaxe, hierática, muller de herbaluís,
de funcho e de fresa. Que ben me sabes
cando te bico confundido coa túa carne, no chan, no leito.
Humedécete os sabios e os reis ó mollaren
na súa saliva a túa esperanza -¡covardes!-
E só o home que te bebe coñece a túa tristura.
Só el sabe a color das túas pernas
e o cheiro a terra que delas se desprende, muller
de saudade
que con zocas e sen lúa pretendes cruza-la noite.

Cuestións fundamentais

- Ruptura co social-realismo
- Aparición de temas como o erotismo, a sensualidade e a sexualidade
- Identificación da Muller coa Terra

Recoñecemento de Harold Godwinson

Álvaro Cunqueiro, *Herba aquí e acolá* (1980)

Unha noite de cinza caeu sobor da terra, as lanternas andaban soas por entre os mortos e nas feridas do máis ferido de todos Edith Swanehals puña a luz violeta dos seus ollos por se aquel era Harold fillo de Godwin que ela amara tanto. E aquel mesmo era a boca pola que saía un fío de sangue pousada na boca terrea dunha toupeira.	1 5
Viña de lonxe o canto da mar. Edith sentouse a carón do morto e cun fío branco que tirou dos seus soñares comezou a tecer un pequeno pano pra tapar os ollos do Rei.	10
Escoitábase a mar, e mailas follas secas do bosque aremuiñando nos camiños entre os outeiros. A derradeira caricia de Edith foi aquel calado tecer perto do morto, e cando saía a lúa mesturou fíos azuis da luz da viaxeira cos seus -as agullas ían e viñan en silencio as mans movéndose coma quen anaina un neno asegurándose de que aquel morto era Harold o mirar violeta de Edith adentrábase máis e máis nas escuras feridas, recoñecendo o sangue do amante, e maila morte. Así foi que Edith xa estaba cega cando lle preguntaron quen entre aquelas sesenta ducias de mortos era Harold -este, dixo sinalando, a tentas, que facía cantar os reiseñores nas noites de verán cando me bicaba e me decía -Swanehals, Colo de Cisne, envellecemos xuntos pero ti máis lentamente.	15 20 25 30 34

Na outra banda

Álvaro Cunqueiro, *Herba aquí e acolá* (1980)

Na outra banda dixéronme os vellos vanse convertindo en arbres vellos tamén sen follas na cara do sol agardando sen saber o qué mudos.	1 5
Pro súpetamente un arbre calisquer sinte rubir dentro del a seiva dun soño beira da morte xa pro aínda morno como o leite da nai.	
O soño vai rubindo polas veas do arbre unha vida enteira que pasa ate facerse paxaro nunha ponla un paxaro que recorda, canta e vaise denantes de que todos os arbres morran.	10
Si eu me fago arbre vello na outra banda do río e me toca ser arbre que recorda e soña ben segura podes estar de que soñaréi contigo cos teus ollos grises como a alba e coa tua sorriso coa que se vestiron os beizos das roseiras nos días máis felices.	15 20 21

Sen título (tres poemas)

Miguel González Garcés, *Nas faíscas do soño* (1972)

Camiño.
Camiño polos vieiros doutros días
lonxxanos.
Entro naquel despacho de meu pai.
(Que estraño era vivir sen ter o seu consello).
E son de novo neno.
E xa tranquilo, volto.

* * *

Ti andas a beber das miñas horas,
eu bebo das túas horas a modiño.
Vaise o río por lóstrego de rúas.
Nada igual. Corre o berro. O ceo azul é negro.
Azucena, lama, azucena de novo.
Nada igual. Foxe o río. O noso beixo na auga.
No ronsel do río interminable.
O meu amor, o teu amor, o noso amor apiñado.
Amor, única illa.

* * *

Ti tes agora sete anos.
E de súpeto creces, ábrese a túa ollada,
polo río das horas vai aboiando o teu corpo,
póusase nunha praia e surxe un home.
O ser feliz consiste en ver a flor silvestre
—que aínda un pouco é coma o ser noso—
na súa cor, o seu nome —que quizais ignoramos—,
na copia verde do feito entre das augas
ou máis ben no teu riso de xardín tremolante.

Sen título (tres poemas)

Miguel González Garcés, *Sede e luz* (1986)

* * *

Chegaches entre a espuma dos cereixos.
A túa ollada tímida
fuxía polos vieiros da súa luz.
O repique do cuco furaba no silencio.
Cantaban os matices. Ti calabas.
Pola violeta sombra, douraba o musgo o
paso...
Mais non,
a paisaxe esti, ti es paisaxe,
ti enches de presenza, amor, ao mundo!
E eu biqueite. E ti, sinxelamente,
acceptaches o don apaixonado.
O demais tanto dá. Quizais hai nubes.

Ti es copa de luz. Bébote. Eu son copa de sede.
Acaricio en ti a fresa, o merlo e a esperanza.
Abéirasme á ribeira do meu ser. E non che-
gara só.
Enléome e non falo no instante do aloumiño.
Fáloche
daquelas cousas íntimas que son as verdadei-
ras confesións.
E recende o teu corpo a música esculpida.

* * *

E bébedo de luz canta o paxaro.
Mais de súpeto cala. Ti o animas.
Modelan o momento palabras de ternura.
A mañá é un vaso pleno de transparencias
da túa voz amorosa.
Testán cala o paxaro.
E ti teimas, e pregas, enverédalo,
arrólalo e máis cantas.

A sombra dunha flor abala no sorriso.

Xogan delicias íntimas.

Ti pensas que estás soa

coa pequeniña ave.
A escena ten o encanto de verdes na paisaxe
a través dunha bágoa.
Esculpo amor con pedras de silencio.
Froito de paz esvara cara ao soño.
E ti calas tamén.

Amable luz latexa.

O paxaro de novo tece o canto.

Sostén a nota aguda até o milagre.

E máis fermoso foi o trino da ternura.



Xela Arias



Lois Pereiro



Pilar Pallarés



Manuel Rivas

Anos 80

Tema 10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras

- Vitor Vaqueiro (*A cámara de névoa*, 1989)
- Manuel Rivas (*Mohicania*, 1986; *Ningún cisne*, 1989)
- Fernán-Vello (*Seivas de amor e tránsito*, 1984)
- Xela Arias (*Denuncia do equilibrio*, 1986)
- Eusebio Lorenzo Baleirón (*A morte presentida*, 1988)
- Pilar Pallarés (*Sétima soidade*, 1984)
- Lois Pereiro (*Poemas 1981/1991*, 1992)
- Outros: Xulio L. Valcárcel, Manuel Forcadela, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Xavier Rodríguez Baixeras etc.

Trazos máis salientables

- **Gran variedade de poetas, obras e liñas**
- **Ansia de renovación:** renovación de temas, recursos e estilos: temáticas como o erotismo, o sexo ou a identificación Terra-Nai
- **Neosimbolismo, preocupación pola forma e ata barroquismo**
- **Culturalismo** (abundancia de referencias literarias —Pondal, Rosalía, Manuel Antonio, Cavafis, Kerouac—, musicais —Bach, Leonar Cohen, o blues, o jazz— e recreación de mitos e lendas)
- Individualismo, volta cara o “eu”
- Recuperación dos tópicos universais
- Esgotamento do estilo social-realista

Contexto

- Etapa de transición / posterior Estatuto de Autonomía en 1980 e Lei de Normalización Lingüística en 1983 / entrada da lingua galega no ensino
- Ampliación do mundo editorial galego (Xerais, Sotelo Blanco)
- Aparición de grupos poéticos (Rompente, 1975, Crazo Fondo, Alén, De amor e desamor), de revistas (*Dorna*) e de obras colectivas
- Coincidencia de autores de varias xeracións que se influen entre si
- Persoas autoras que comezan a escribir nos 80 e evolucionan ata a actualidade (Ana Romaní, Antón Lopo, Manuel Rivas, Fernán Vello, Rodríguez Fer, Pilar Pallarés etc.)

Vítor Vaqueiro

Saída

A cámara de névoa (1989)

I
Naciches morte e simultánea vida
virada gabián.
Érades dous ou unha
segundo que os reflexos fosen ocre
ou anil. Se prefires,
diréivolo ás avesas:
érades morte e vida delongada
ou proxección de puntos
equidistantes. Érades un ou dúas.
Eu termaba do centro.
Un gaio disfrazado de bubela
axexaba os meus pasos triplicados.

Eu termaba do centro na paseata.

Sen título

A cámara de névoa (1989)

Non vivirán eternamente os deuses
pois, alén da metéria, só se agocha
unha friaxe cósmica, o empoado
de cristais con arestas agumiadas,
un utópico fluír termodinámico
e unha propia materia espaxente.
Non vivirán eternamente os deuses:
uns morrerán furados polas frechas
de arqueiros do porvir. Baixo o dioivo
cíclico dos ideais doutros deuses
finarán afogados. E os que fiquen,
ao seren preguntados polas obras
que teceron no tempo, e na súa roca,
tan só presentarán un mostruário
de cativa entidade. E inexorábel
será a súa sentenza e cumprira-se
a vitoria das cousas ponderábeis,
o trunfo do corpóreo. Bateleiros
de sona atemporal: Puzur-Amurri,
Caronte, folgarán encol dos lemes
durmiñando ao non teren pasaxeiros.
E unha perpetuidade de corpúsculos
vai inzar estas augas, estas praias,
este río que aquí, en Abdera, flui.

Xela Arias

Sen título

Denuncia do equilibrio
(1986)

E agora que agardo de ti unha verba
é cando sei que xamais xa chegará
por que preguntarasme?
sábelo todo: o meu corpo é cheo de ti
Nós —tan inexistentes
Somos crueis —o amor morte antiga

Sen título

Tigres coma cabalos
(1990)

Tes a cara inchada de preguntas
E un peso de desperfectos columna arriba.
Enchéuseche de bandadas o estómago
E de gritos os dedos dos pés.

Revirácheste,
E botaches os paxaros contra os mobles.
Morreron todos

Pero un
Encanóuseche na gorxa e dixo - Es humana.
Quedarei eu para que saibas
que os desexos son os xestos dos teus restos:
O erro,
Esa falla.

Sen título

Darío a diario (1996)

Tódolos bebés son tu e ningún coma ti
Tódolos nenos son tu e ningún coma ti
Tódolos adolescentes son tu e ningún coma ti
Tódolos mozos son tu e ningún coma ti
Tódalas nais son eu e todas, coma min, saben
que es único.

Sen título

Intempériome (2003)

A unidade componse.
Da desorde.

Desordénome, amor,
e dou co punto
único
do centro dos abrazos.

Abrazo a desorde das ideas
e sei
que a unidade se compón.

A unidade componse.

Da desorde.

Manuel Rivas

A terra negra

Mohicania (1986)

DE falar, falarei coa terra.
A terra verdadeira,
a negra terra
onde prende a raíz.
A terra que se pisa.
A terra que se queima e que se crava.
Ese enorme lenzo onde o home debuxa o seu
capricho.
Onde o home se perde e se revolve en sombras.
A negra terra,
ese corpo de puta vella con dentes amarelos de
tabaco,
con olleiras negras de tan azuis.
De falar, só con ela falarei
e falarei coas mans,
docemente coas unllas,
coa paixón dun amante,
como falan, cando albiscan a morte, os
xabaríns feridos.
De falar, falarei coa terra.
Coa terra, con esa negra terra
que cospe, como sangue do peito, primaveras.

Marihuana

Ningún cisne (1989)

A miña irmá botou na horta unha semente
de marihuana.
Saíu adiante vizosa e fidalga
entre honrados legumes,
e meu pai saudouna con orgullo.
—Non sei que carallo de planta é
pero mirade como medra —dicía á
vecindade.
A maría resultou ser macho
e morreu sen gloria,
o día en que casan de branco as patacas.

Lois Pereiro

Narcisismo

Poemas 1981-1991 (1992)

Sigo os pasos do sangue no meu corpo
e coa unlla do meu dedo máis firme
abro un sulco vermello en media lúa
na vea que me acolle tan azul.

Atrocity exhibition

Poemas 1981-1991 (1992)

Deixa un bico no espello
onde arde a miña sombra pola noite
e que podrezan xuntas
a imaxe da túa ausencia,
silueteada en roxo cos teus lavres,
e o perfil violento do meu soño
que enxendra amor gris fume
un odio carmesín
e na lingua e nos dentes
sangue e semen.

Cartografía

Poemas 1981-1991 (1992)

Cal morto xa
ou vencido
falo sen min
e durmo
no desastre

Debera ser posible
facer mapas do odio
e os húmidos monólogos
das cisternas
de noite
descrifrar

Penetration Prayer

Poemas 1981-1991 (1992)

Celebra e recibe
na lingua da rabia
nos límites da euforia
na túa boca
este ouro branco e lóxico veneno
co teu sangue entraberto
a un mundo incerto
en doses fragmentadas da ruína

pois a demolición
é o ferro que nos arma

celebra a nostalxia
e na ausencia do vicio
conserva o teu odio
condénate
amén.

Acróstico

Poesía última de amor e
enfermidade (1995)

(«Eu son a morte...», dixo Oppenheimer, can-
do viu os efectos da bomba atómica que el
contribuíra a crear. Lembrou a frase do Ba-
ghavad Gita: «Eu son a morte, a destructora
de mundos». Isto é algo semellante.)

Somentes
intentaba conseguir
deixar na terra
algo de min que me sobrevivise

sabendo que debería ter sabido
impedirme a min mesmo
descubrir que só fun un interludio
atroz entre dous muros de silencio

só puiden evitar vivindo á sombra
inocularlle para sempre a quen amaba
doses letais do amor que envelenaba
a súa alma cunha dor eterna

sostituíndo o desexo polo exilio
iniciei a viaxe sen retorno
deixándome levar sen resistencia
ó fondo dunha interna
aniquilación chea de nostalxia.

Poderíanos escoller
como epitafio

Poesía última de amor e
enfermidade (1995)

Shall I at least set my lands in order?
London Bridge is falling down falling down
falling down
[...]

These fragments I have shored against my
ruins.

T. S. ELIOT, THE WASTE LAND

(E finalmente, con sono atrasado, mal vivido
pero feliz, sereo e satisfeito, xa podo regresar
ó meu cadavre.)

Cuspídemme enriba cando pasedes
por diante do lugar no que eu repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida e de furia necesaria.

Contra a morte o amor
que vai comigo

Poesía última de amor e
enfermidade (1995)

Dos días que reserva para min o destino
cada unha das súas noites por vivir
sería a derradeira
a única esencial
se puidese vivirte a ti tamén
trasnoitado sobre o teu corpo en calma
cohabitando os teus soños
sobrevivido á miña inexistencia
soñado nas túas noites
ou prorrogado en ti.

Ás veces digo amor

Pilar Pallarés, *Sétima Soidade* (1984)

As veces digo amor
e só teño silencio
ás veces digo patria
e sei somente que esta é a terra que nos deron
e nela asento os meus pasos para sempre
sen máis preguntas ensarillando o vento
ás veces digo amor
e ninguén fala
e segue o tempo caíndo lentamente
medido polo espasmo do reloxe
e ti pasas
sen mirar sen me mirar
como un fantasma enviso aqueloutrado
sen me ver
e sigo un pouco máis
calada
levo o selo do teu desleixamento sobre os beizos
e sinais no meu brazo da tua auséncia
levo o rosto mancado e os dentes malferidos
de tanto afastamento
ás veces verto os ollos sobre a terra
miro de esguello a fiestra do suicida
repito amor
e só ecoa o silencio no baldeiro.

A dúas adolescentes
molladas pola chuva de
primavera

Fernán-Vello, *Seivas de amor e tránsito* (1984)

Saúde neses corpos que levan a frescura
destas sombras chuviosas polo ceu de Maio.
A Primavera chove en doces aguas claras.
Nubens de corazón brillante.

Na brancura das fronte de silencioso vento
tedes a vosa luz e estrelas húmidas
arden nos vosos ollos con íntima alegría.
E sorrides ao tempo nas rosadas meixelas
oferecendo ao mundo un aceno limpísimo
de primeiros amores.

Saúde neses corpos de cabelos mollados
por esta lenta chuva entre o voso perfume
de poros desexados para bebé-los todos.
Baixo os vestidos mornos sodes ondinas ledas
que soña este silencio de lagoa despida.
Na vosa pel levades licor de flores nídias,
azúcar namorado nos vosos lábios finos.
Qué saborosos frutos se inflamarán un día
nos vosos corpos novos de cervas esquisitas.
A redondeza suave dos peitos temesiños
ten maravilla e gozo de cálice anceiado
e qué tenro veludo se adiviña en luzada
nas vosas coxas doces de brancura polida.

Saúde fonda e longa a eses húmidos corpos
de chuva e Primavera,
corpos novos e alegres,
formosuras tan vivas,
adolescentes corpos para deusas futuras...

sodes puras presenzas para un desexo eterno.

Os sinais externos
(fragmento)

Eusebio Lorenzo Baleirón, *A morte presentida* (1988)

Porque o poema está feito
Da materia dos soños,
Arco de pedra e tempo
No que un deus se comprace
E habita
Para xogar coas sombras azuis das cousas.
Porque o poema é
Unha lingua de area
Que se deita entre os mares de outono

Poema II de "Sete
poemas sobre leóns"

Luisa Castro, *Baleas e baleas* (1988)

Miña nai traballa nunha fábrica de conservas.
Un día miña nai díxome:
o amor é unha sardiña en lata. Ti sabes
cómo se preparan as conservas
en lata?
Un día miña nai díxome: o amor é unha obra
de arte
en lata.
Filla,
¿sabes de onde vés? Vés
dun viveiro de mexillóns
en lata. Detrás da fábrica, onde podrecen
as cunchas

e as caixas de peixe. Un hedor imposible, un
azul
que non vale. De alí vés.

Ah! dixen eu, entón son a filla do mar.

Non.
Es a filla dun día de descanso.

Ah! Dixen eu,
son a filla da hora do bocadillo.

Sí, detráis, entre as cousas que non valen.



Luísa Villalta



Lupe Gómez



Olga Novo



Chus Pato

Anos 90

Tema 10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras (para collerdes referencias)

- Antón Lopo (*OM*, 1996; *Pronomes*, 1998; *Corpo*, 2018; *Diarios / 1. Azul Monforte*, 2023)
- Yolanda Castaño (*Elevar as pálpebras*, 1995; *O libro da egoísta*, 2003; *Materia*, 2022)
- Lupe Gómez (*Pornografía*, 1995; *Os teus dedos na miña braga con regra*, 1999; *Levantar as tetas*, 2004; *Camuflaxe*, 2017)
- Ana Romaní (*Arden*, 1998; *Estremas*, 2010; *A desvertebra*, 2020)
- Olga Novo (*A teta sobre o sol*, 1996; *Feliz Idade*, 2019)
- Chus Pato (*Urania*, 1991; *Nínive*, 1996; *m-Talá*, 2000; *Carne de Leviatán*, 2013; *Sonora*, 2023)
- Luísa Villalta (*Música reservada*, 1991, *Ruído*, 1995)
- Poetas anteriores como Xohana Torres (*Tempo de ría*, 1992) ou María Xosé Queizán (*Metáfora da metáfora*, 1991)
- Colectivo Ronseltz (*Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*, 1994)
- Outras figuras: Marta Dacosta, Fran Alonso, Luísa Castro, Baldo Ramos, María do Cebreiro, Carlos Negro, Emma Couceiro, María Lado, Estíbaliz Espinosa, Emma Pedreira etc.

Trazos máis salientables

- **De novo, gran variedade de poetas, obras e liñas**
- **Pluralidade de estilos, voces e tendencias:** imos dende a poesía decadentista ata estilos herméticos ou naíf.
- **Ansia de renovación:** renovación de temas, recursos e estilos:
 - » Espontaneidade
 - » Léxico directo e cotián
 - » Temas xa anteriores (nostalxia, erotismo, compromiso) xunto con temáticas novas (denuncia do consumismo, ecoloxismo)
 - » Poesía decididamente feminista
- **Abandono do culturalismo** (non todos os autores) e achegamento á comunicación co lector
- Moitas destas persoas seguiron evolucionando despois dos 90 e aínda hoxe continúan experimentando coas súas voces poéticas

Contexto

- Etapa de transición / posterior Estatuto de Autonomía en 1980 e Lei de Normalización Lingüística en 1983 / entrada da lingua galega no ensino
- Ampliación do mundo editorial galego (Xerais, Sotelo Blanco) e novos premios literarios
- Novos grupos poéticos (Batallón Literario da Costa da Morte), revistas (*Animal*) e de obras colectivas
- Coincidencia de autores de varias xeracións que se influen entre si
- Persoas autoras que comezan a escribir nos 80 e nos 90 e evolucionan ata a actualidade

Neotrovadorismo (II) (cantiga de amigo, escarnio e mal dizer)

Colectivo Ronseltz,
Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados (1994)

Antes eras un colega
pero agora
me cago en tu puta madre
me cago en tu puta madre



Yolanda Castaño



Colectivo Ronseltz



Antón Lopo



Ana Romaní

Antón Lopo

S.T. / 10

Corpo (2018)

O amor é luminoso
pero só a escuridade cauteriza
a estrañeza virxinal
O significado resulta escaso
[como a roupa dos nenos]
pero rende dos conflitos
de desaparición.
Entrégome aos lobos.

Que me coman.

Polo camiño real

Corpo (2018)

Xa hai un tempo que me preguntas
canto queda do que fomos,
como se antes fósemos máis nós
do nós que somos agora.

Vin crecer e desaparecer bosques.
É o único que podó dicirche.

Sen título

Lampíricos (2020)

[O corazón é fibrilante, / deep-house hipnótico. / O latexo invade os ámbitos comunais e familiares, os cuartos e os armarios. / Aca-rexo as paredes e os muros. Arrastro os de-dos con delicadeza para evitar as erosións. / Pero o sangue resulta inevitable.]

[Poeta namorado. Dúas da mañá]

Lampíricos (2020)

Foi rápido. No coche. Cinco minutos.

Unha descarga.

Eu aínda o amaba pero sabía xa que era inútil.

Il amábame pero non atopaba tempo material.

O destino aliárase na nosa contra ou, talvez, alertábanos

e a cada encontro seguían pequenos incidentes:

obxectos que se rompían, golpes estúpidos, ro-zaduras no coche, prantos, pinchazos, risas de alerxia...

Pero alí nos tiñas, aos dous, no coche,

desafiando as alerxias, os golpes, as rupturas e as bágoas.

Desafiando o destino e a garda civil,

que sempre paraba para informarnos de que estbaamos

nunha área prohibida.

Azul Monforte (fragmento)

Diarios / 1. Azul Monforte (2023)

Desde mediados de agosto, mamá pasaba o día na ventá sinalando o ceo. "O que vedes [dicía] é o Azul Monforte". Por suposto, non era un ceo ameazador senón un ceo máis ben profundo. "ningún fio reflicte a profundidade do Azul Monforte [dicía mamá, experta urdidora de bordados]". Había fíos no nobelo que se parecían ao azul do agosto en Monforte pero incluso os dunha aparencia idéntica acababan perdendo o ton previsto ao bordalos.

Autolítica 3

Diarios / 1. Azul Monforte (2023)

A xeriatra é pesimista ["non pensaron en sedala?"] e realmente ela abandona o hospital como se estivese no estertor da vida. Non come. Non mantén conversas. Non abre os ollos. Oe peor. Dóenlle os ósos e as pernas quédanlle tan delgadas que semellan patas de cegoña. Sácoa quince días da residencia [sempre creo que podó salvala] e ela pasa [neses quince días] por estados distintos de ánimo. Ás veces recobra a capacidade de diálogo e practicamos xogos de realidade convencional. Dígolle que perdeu "definitivamente a cabeza" e pon cara de perplexidade, "que eu saiba, teño a mesma cabeza. Se acaso, perdería o senso".

Nas beiras do Sarela [Azul Santiago]

Diarios / 1. Azul Monforte (2023)

Saio a andar con Lupe e decidimos [por quendas] o itinerario a seguir. A cidade é tan prodixiosa [tan accidental] e vivimos en tantas rúas [ao longo dos anos] que todas as di-reccións nos lembran o regreso á casa. Cruzamos san Lourenzo falando da loucura e baixamos ao Sarela. No medio da ponte, paramos a escoitar o ruído da auga [Nuria Vil]. Sentímonos realmente felices. "Se ando penso mellor [di ela]" e eu asinto, "a poesía é un fenómeno físico. Pensamos co corpo enteiro". Nos agros da Toxeira, o ceo pre-cipítase

sobre o verde dos eidos. As torres da catedral resultan máis esveltas do que nunca as viramos. Saíron estrelas vespertinas e emerxe [fugaz] un azul que se transforma con rapidez en branco saturado, amarelo brillante e laranxa. "O azul en Compostela sempre está indo cara a outra cor", di ela e eu suxiro que o tránsito é

a forma visible da eternidade.

Yolanda Castaño

Sen título

Elevar as pálpebras (1995)

Os individuos de sorriso dirixido e deprendido ritmo en catálogo nadaban a oito na mesta dimensión de fumes, brúidos en tecnicolor, sombras mareantes, confusión. Eles dous non se viran nunca antes. El fixouse no seu escote e ela no seu pantalón vaqueiro. Licor corenta e tres con coca-cola. Cánto se bicaron nun recanto a carón dos bafles mesmo como se fose unha demostración de amor.

QUE É DOR/ A DOR QUE DE VERAS SENTE

Teño cara de gustarme as cousas que non me gustan.

Os labios de toda a xente falan sen despegarse.

Isto tamén é así. As paredes dunha gruta na que alguén, hai dez mil anos, desdoura o natural da pedra. Moedas, corrente alterna, unha rapaza nada cos xenes da beleza, toda picada de complexos. Coma un orgasmo de Hedy Lamarr, os ollos de Nikola Tesla. Un país onde non ser, onde só cómpre parecelo. Luvas desenfundadas, sal, a máis prestixiosa de todas as escolas de dobraxe (...).

A ollada do poema é tamén así: filas de formigas obreiras esmagadas para permanecer,

restos de acenos que parecen outra cousa.

Lupe Gómez

Hemorraxia interna

Pornografía (1995)

Sangro, sangro, sangro, tanto coma un home, ou máis

O amor

Pornografía (1995)

O amor foi un trallazo moi forte que rompeu a ventá. E quedou rota para sempre. Eu limpei do chan os cristais. Corteime con eles en tódolos dedos.

Cerámica

Pornografía (1995)

Construímos o sexo cos nosos dedos.

Sen título

Os teus dedos nas miñas bragas con regra (1999)

Ninguén me prohibirá nunca estar soa.

Camuflaxe (2017)

Varios poemas

Do teu corpo naceu o meu, como se en min compartises o misterio das pegas.

A aldea só parecía grande cando había festa.

Ti eras a caligrafía amada de Galicia.

A morte é un espello redondo, grande. O centro dun océano que peta con forza. Un terremoto de flores. Un abrazo de profundo silencio.

A morte é un espello redondo, grande. O centro dun océano que peta con forza. Un terremoto de flores. Un abrazo de profundo silencio.

A morte é un espello redondo, grande. O centro dun océano que peta con forza. Un terremoto de flores. Un abrazo de profundo silencio.

Os domingos poñías o traxe novo para ir á misa na igrexa do convento. Eu quedaba na praia e cando a misa acababa, ía buscarte e acompañábate á casa.

—"Unha muller non debe andar soa polos camiños" / dicían na aldea—.

Olga Novo
xalundes

as grandes avenidas
a luz
os rañaceos.

como queira que arrole o sol na súa esvástica
eu levo amor aínda
levo
o Courel
na costura das bragas.

Sen título

Esta será na morte
a miña última palabra:
quen me dera ser gata
para vivirte sete veces.

os líquidos íntimos

coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas.

algunhas conservan estirados os nomes que gravei a navalladas
tódalas tardes ó volver da escola.

acostumada a tirar por un poema como por un becerro cando se lle ven as patas,
cando xa non se está en idade de medrar
toda maduración require un desgarro de tendóns
entón é cando corren polo meu peito rabaños de cabras que non se dirixen a ningunha parte,
sóbenme ás paredes desde as que te vexo,
arrancan coa lingua o pasto mentres te vas.

o tacto dos teus violíns faime chorar terriblemente.

e case non podo soportar que as túas mans me acariñen como a la dos xerseis que me facía a
miña nai cando era nena.

pero coa miña pel
coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas.

A teta sobre o sol (1996)

Nós nus (1997)

Nós nus (1997)

Chus Pato
Sen título

Heloisa (1994)

Non podo afirmar que fose tétrica aquela nau
pero si que navebaba por un mar de brañas.
Que o seu era velame de estameña, parda
que na coberta erguían-se as ruínas dunha moi
alta torre
circular e de cristal, e que todo nel semellaba
paradiso,
plúmbeo, solenemente ermo.

Velaqui a caveira do amor
e velaqui a cinza que antano os seus ósos foran.
Velaqui cinza, viño que o meu corazón devora
Velaqui o elmo, o escudo, os arautos, todos.

Como non bater-se no extremo deste mar
como non precipitar-se sobre este coágulo, ar-
dente?

Velaqui as serpes do amor
refulxen como xemas, como loureiro en flor
refulxen como os nosos ollos, chafariz que an-
tano foran.

Non podo afirmar que fose tétrica aquela nau
pero si que foi a estación final do labirinto
que foi o seu velame espada e cíclame negro
que todo nel semellaba púmbeo, paradiso.
Ermo.

Non é que eu / sexa ca-
zador

Carne de leviatán (2013)

Home
Imagem: Werckmeister harmóniák, Tarr Béla
Chus Pato. Carne de Leviatán. Galaxia, 2013.
Amargord, 2016. Douda Correria, 2016.

Non é que eu / sexa cazador

Iso que está só
canoa resto ruína
iso testemuña

non di verdade
mantense entre música e pensamento
senón perderíase no leito dos ríos
senón coma a frecha destruíría o albo
non di nin ti nin eu
di claridade

precipítase
non podes deslindarlle o sensato do insensato
é poroso
lévanos fóra
aí desaparecemos

entón
entón rastrexo ao animal
escoita o animal na boca

o teu ollo
(a miña mao)
ese está só

Xohana Torres

Penélope

DECLARA o oráculo:

“QUE á banda do solpor é mar de mortos,
incerta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.
QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.
QUE un sumario de xerfa polos cons”.

Así falou Penélope:

“Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR.”

Tempo de ría (1992)

Luísa Villalta

Sen título


Ruído (1995)

O ceu cobrou unha cor que facia pensar.
Era a hora en que as botellas se rompen para
dar paso ás
profundidades.
Atrás quedaban as cores álxidas, mortas de
sono. O calor
enfriaba-se no bisturí do horiozonte.
Os nenos, de cóbados na xanela, enfrontaban
a historia
inconscientes, nun palpebrexo tan veloz como
a infancia.
Pero aínda hai un cambio posíbel que se reser-
va no
bolso, un remanente da derrota, para mirar
arredor.
Non nos estábamos separando, por iso nos re-
coñecemos.
Fitabamo-nos na cita imprevista, sen saber
quen nos
chamou ao fio da noite.

Sen título

En concreto (2004)

Isto é poesía, un ruído provocado.
Non ornamento, arabesco para as pontas dos
dedos:
inecesários encaixes para a alma dormir ou
sentir
a levedeza da onda cando apenas chega a rom-
per.
Provocación de boca con fame, isto.
E a fame adormece
ou reclama.
Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel
do mundo: un tambor que desperta. A pel es-
tremece-se
porque reconece a morte que baila fóra da
tumba.
Isto é tamén unha muller que resiste



Caligrama "Rota ao interior do ollo"



Francisco Cortegoso



Carlos Callón



Paula Luís



Silvia Penas

Século XXI

Tema 10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras para collerdes referencias

- **Antoloxías das últimas xeracións:** 13. *Antoloxía da poesía galega próxima, No seu despregar, Dentes para a mazá, Poesía galega novísima*
- **Afinidades vitais (aproximacións):**
 - » Francisco Cortegoso (*Memorial e danza, Suicidas, Nocturno de verán e outros poemas*), Gonzalo Hermo (*Crac, Celebración, A vida salvaxe*), Alicia Fernández (*Mamá pelicano*), Eduard Velasco (*Ruído de trens, O filósofo coxo*)
 - » Ismael Ramos (*Os fillos da fame, Lumes, Lixeiro*), Míriam Ferradáns (*Nomes de fume*)
 - » Nuria Vil (*Simún*), Vanessa Glemsel (*sutura*)
 - » Oriana Méndez (*O que precede a caída é branco, Cero*) Antón Blanco (*A oseira, Tres estudos para un poema da cidade, Voz do arqueiro*), Xiana Arias (*Acusación*), Olalla Cociña
- **Afinidades temáticas** (isto non é algo fechado):
 - » **Gusto polo irónico:** Xabier Xil Xardón (*Detéxtonos, O contaxio*), Samuel Solleiro (*O mundo dos vivos*), Genaro da Silva (*Flor negra, O pintor cego*), Samuel L. París (*Internacional de Poesía Anarquista, O único e verdadeiro deus das cousas que están feitas un cristo*)
 - » **Identidade e identidades:** Nee Barros (*19 poemas para um VÍRUS-19*), Andrea Nunes e María Rosendo (*Diáspora do amor balea*), Daniel Asorey (*Negras, Transmatria*), Paula Luís (*Dendrita*), Noelia Gómez (*O xiro*), Afra Torrado
 - » **Temática social (redes sociais, emigración, precariedade, lingua galega):** Lara Dopazo (*ovella, Claus e o alacrán, dende illa peixe*), Tamara Andrés (*Corpo de Antiochia, Irmá paxaro, Para non concretarme*), Celia Parra (*Pantallas*), Arancha Nogueira (*Hashtags para un espazo / confinamento agónico, Antese*)
- **Outras figuras relevantes das últimas xeracións:** Ismael Ramos (*Os fillos da fame, Lumes, Lixeiro*), Alba Cid (*Atlas*), Leticia Costas (*Ultraluz*), Branca Trigo (*Coñecemento do medo*), Daniel Salgado (*Os paxaros*), Jesús Castro, Isaac Xubín e máis.

Trazos máis salientables

- **De novo, gran variedade de poetas, obras e liñas**
- **Pluralidade de estilos, voces e tendencias:** imos dende a poesía decadentista ata estilos herméticos ou naif.
- **Ansia de renovación:** renovación de temas, recursos e estilos
- Desconfianza na linguaxe e destrución da sintaxe
- Prefírese a naturalidade ao barroquismo
- Gusto polo verso libre
- Moitas destas persoas aínda están construíndo a súa voz poética

Contexto

- Coincidencia de autores de varias xeracións que se inflúen entre si
- Influencias moi variadas, tanto galegas como foráneas
- Presenza das novas tecnoloxías e das redes sociais
- Certames, revistas especializadas e novas canles de comunicación e publicación
- Aceleración dos procesos sociais
- Emigración, precariedade, novas identidades
- Ironía, parodia e pastiche posmodernos ou metamodernos
- Hibridación de produtos (videopoemas, proxectos musicais, performance e palabra falada)



Tamara Andrés



Gonzalo Hermo



Alba Cid



Arancha Nogueira



Francisco Cortegoso

Sen título

Suicidas (2016)

A palabra ofrécese á boca
e toda esa densidade contida no seu rostro

ningunha, ningunha —bágoa

man a man sostéñoa sobre o achegado da noite

caerá

se — entón

man con man o día
como auga

se auga
trazarei unha liña até a gravidade do seu xesto

se clara
desde alí lanzarei o meu nome cara a ti

xa pedra, pedra a palabra

como
de man en man —inutilmente

se pedra

Nocturno de verán
(extracto final)

Se quixermos representar todas as aves,
aínda aquela e xa aqueloutra rama movida
como indicio de crérmonos nalgún lugar;
fóra da forma palmar da figueira, oval da maceira,
que treme.

Cales son os estadios do noso tempo se só herdamos a devolución?
E a rama abaneará un pouco máis alta, aberta cara ao chan.
Estarmos constantemente na contorna e levármonos
definitivamente
á corrosión.

Sen título

Memorial e danza (2014)

É sorprendente
non a noticia circundante para cubrir
a imaxe dun furacán atravesando América
Central
ou o Caribe
mais a compracencia con que o vento
vindo do Norte este día de xullo
trata as pólas do plátano nun xardín da
Europa;
e non o voo dunha gacela sobre os campos
etíopes
atravesado na boca dun guepardo;
e non a portada de National Geographic
testemuñando o cultivo de arroz nas
montañas de Indochina
tras o ciclo do monzón;
e nunca o tempo achegado do Imperio
Macedonio
porque eles xa contemplaban este ceo
nocturno;
porque hoxe me inquieta
só este compasado movemento
sen retorno.

Nocturno de verán e outros
poemas (2023)

Trátase, segundo varios
testemuños, do derra-
deiro poema do autor
antes de falecer.

Gonzalo Hermo

Sen título

Celebración (2014)

Estou aquí. En fronte atópase o resto do mundo.

O vento do norte sutura o teu verbo a esta casa.
Instala o noso medo na raíz.
Ponlle nome a aquilo que cremos amar por moito tempo.

Pensa no instante en que soubemos que este muro caerá.
Abre a porta, deixa pasar os cans: que coman da mesa.

Para que cheire a terra a entroido ou barricada dunha vez.
Para que cheire a algo que se desfai e se compón constantemente.

Non deteñas a ollada na beleza do incendio.

Abre unha fisura.

Rompe o círculo.

Escapa

A vida salvaxe

A vida salvaxe (2018)

Por algunha razón, souben que as palabras
acabarían borrando a experiencia
cando o poema chegase.

Pero eu
atopei o camiño de regreso
ata este encontro:

despídome do pecado.
Os meus pés pisan a terra,
acollen o seu tacto como se tocasen o mundo
e aquilo que é salvaxe dispón a súa orde
ao tempo que a memoria esvaece na textura.

O descoñecido di:

—Hai un peche entre a vida
e a vida dos demais
que estoura nun encontro.

Non se pode escribir ese suceso con palabras
prestadas.
Cando a experiencia se impón, claudica o
seu sentido.

Daquela tiven que escoller
entre a palabra e a vida.

Escollín a vida.

Pedinlle ao mundo que me abraise
o seu rostro salvaxe.

Ismael Ramos

Sen título

Os fillos da fame (2016)

Chego no barco. Parece que rompésemos o coiro da auga.
Unha ferida de escamas que se pecha tras de nós. Así é o
monstro.
Á esquerda as ruínas brancas do tempo.
Disme que esta é unha cidade con moitos deuses. Que o
vento asubía nas gaiolas dos pescadores.
Eu non oio nada pero é como se enterrasen un rei todos
os días.

* * *

Tamén os soños das nais son frescos e espesos pola noite,
coma algunhas drogas

O regreso

Lixeiro (2021)

Aquí estou eu, alí Ivan e a uns cincuenta quilómetros o mar.
Quero escribir sobre esa noite en que o perdemos todo. Aínda que en realidade poida que xa
daquela nos derrotasen.
Que ardesen as naves antes de deixar o porto.
Ao regreso do concerto, en autobús, a cidade brilla fóra, allea. Medra sen nós.
Os corredores prolónganse dentro dos pisos de estudantes coma se fuxisen ou se manifestasen.
Coma se tivesen medo ou estivesen vivos.
Durante anos, ocupámonos de pensar nunha estratexia.
Nunca dubidamos de que existise a oportunidade de cambiar as cousas: correr cunha flor nas
mans dunha punta á outra desta praia.
O caso é que agora, mentres baixamos do urbano e subimos a costa do Hórreo, ule a fume e
non sabemos a que se debe ou quen gañou.
Eu aquí, Iván alí e a uns cincuenta quilómetros o mar, agardando por nós de cada vez.

Miriam Ferradáns

Sen título (dous poemas)

Nomes de fume (2017)

Pertencemos a un lugar escuro chamado casa
onde só compartimos as derrotas e o sangue
que ás veces se derrama por un chan sen lousas.

Intentamos o fogar pero a soga
é demasiado forte.

Somos unha familia de lazos que matan
e ninguén parece coñecer a diferenza

Algunhas nenas van descalzas
por iso se lles cravan os cristais,
as agullas
a verdade
nos pés.

* * *

É difícil entender a tribo,
pertencer sen ser devorado.

Foi primeiro a posesión,
eramos seus antes da chegada.

Os paxaros esvoazan tempestades,
as mesmas que destrúen
as súas ás contra as reixas.

É difícil a tribo, levar o seu nome.

Eu podería derramar todo o meu sangue.

O amor é salvaxe.

Antón Blanco

Sen título

Voz do arqueiro (2020)

Sobre o rostro pousánselle falopas de sombra,
ou letras
ou átomos de voz.
Como así fóra do idioma está
este seu corpo denso,
con boca e abismos que nela se torcen.

Chamádelle arqueiro,
porque lanza a súa frecha,
mortal.

Suspensión

Voz do arqueiro (2020)

Pártese o tempo cando un aletexe.
O trazo que anula a historia,
que fai que se abran vans,
vetas dilatadas.

Dado que é indescritible tal curvatura,
a gravidade exercítase.

A parábola.

Estas ventás que se abren.

Escamas no xisto,
volume que non toca a superficie.

Perforábanse con celosías
e a posición enchíase de todas as chuvias,
liviá:

"Sostena
o ceo.
Pode caer".

Sen título

A oseira (2016)

Joseph Beuys

Outro home accidentárase coas hélices / su-
frira
arredor de tres episodios
incontrolables pero
así (dando con quen o cubrise de feltros
e de fintas de lingua)
evoluciona cara a unha complexidade cre-
cente:

polo primeiro cremos
no rescate
no posterior período de coidados
como causa do diálogo con mamíferos mor-
tos.

Nos seguintes / o home
límitase a escoitar. Sábese
que non escoita.

Aliméntano de mel.

Pouco despois
é quen
de reunírnos ante o cráter / a ferida

e dicir nada.

A ferida mirámola pero non se pronuncia.



Branca Trigo

Definición e primeiro
jumpscare

Coñecemento do medo
(2021)

medo: mal menor para a autoconservación
automático, como as pegadas das monxas que empregan en cada exame fariña e ouro vello
estirpe, tenra cando non hai pais

Nota:
O nome da materia é só unha cuestión xeracional. Poderíase chamar: Ciencias do Arrepío,
Introdución ao Espanto, Panicoloxía ou Reforzo para caganichos. Quizabes o máis apropiado
sería un atemporal "Terror" que camuflase futuras reformas do currículo. Porén, a autora des-
tes apuntes é unha covarde do seu tempo.

Temo os partos que provoco ao decidir a cor do boli.
Oxalá todas as familias fosen tenras.

Refúxianse as infancias
Refúxianse as infancias
Refúxianse as infancias nunha tortilla cruel na que se expanden
ou non

pitiños desangrados.

A familia é morrer cando toca
A existencia obrigatoria que conduce a un
Agradecemento obrigatorio e nostalxias
A herdanza de
Atrocidades.
A extinción dos pais.
H

Tema: identidade e identidades
Nuria Vil e Vanessa Glemsel (Dúas gamberras e un micro)

Paula Luís *Dendrita (2020)*

O pH neutro na Acidez social

1.
Hai un fungo rosa romántico nos contos da infancia. Quédanos a imaxinación dunha única cor, cun só xénero, desa familia en concreto.
2.
O que non se expresa...

corroe?
3.
Non me considero máis macho que outros seres por levar bigote ou dark femia co corpse paint nos ollos.
Quen sabe se cortarei os pelos do sobado ou Afeitarei o cranio.
As revistas de moda e Arte moderna non me representan.
4.
Vivo entre XX que ouvean e XY clásicos.
Osos panda e camioneiras.
Homes que non ocupan o espazo todo.
Sperdykes.
Escritores con pluma tráfugas.
Mulleres Afortunadamente confusas.
Kings e queens da súa propia república.
Fauna variada.

Quixen cambiar de nome e só se me ocorría unha raia horizontal.
5.
Atopei un corpo que cambia de beira a miúdo
e xa non sei se son materia, enerxía,
quebrado na conciencia
ou esfera microcosmos do universo en expansión.

Tema: identidade e identidades

Noelia Gómez

O xiro (2018)

Coñecen de memoria as ofertas do supermercado
os amaños no fogar
na sá roupa

o traballo é a constancia
as fillas á universidade

nos bolsos e mochilas
a estampa á que lle rezan
que aproben todo

non viaxan non comen fóra non bailan

retan o medo

* * *

90 60 90

observas toda a violencia?

na casa
pasamos fame

Daniel Asorey

Transmatria (2019)

Fixéronnos tan dócilas,
boas.
Tan fermoses e obedientas
que non agardan o comezo.
Sermos
a decisiva e impronunciable
Verdade que derruba os muros.
Abatermos para sempre a historia contada
na violencia
Cotizable dos mercados

Andrea Nunes
e María Rosendo

Diáspora do amor balea (2020)

A cartografía da fame

vou apanhando um a um
todos os beijos que me deche
para que me arroupem
no bordo laranja da lua
onde hei dormir esta noite
fazendo do teu sexo cama

fecho os olhos e os teus peitos
fam-se almofada
e eu vou-che lambendo as estrias
coma quen foge por estradas secundárias
e nengum lugar abonda
para fazer destino

percorrer-te é descobrir a cartografia da fame
(e depois febre)
suar-te por todos os poros
aprender novamente a respirar
recuperar o coração indígena
que nos faga sentir sempre Terra

tenho o ventre cheio de ti amor
e amanhã
dam chuvascos

Tema: gusto polo irónico

Samuel Solleiro O mundo dos vivos (2019)

Unha muller escribe unha e outra vez, nuns encerados para nenos que hai no centro comercial, a frase “Estábamos dentro del cielo”. Demasiadas veces. Cando os nenos de verdade se achegan, a muller míraos de esguello e ódiaos. Pintan abellas e casas con chemineas que ela borrará pacientemente. Pintan xeados e liñas que parecen, non gatos, representacións de gatos: un círculo para a cabeza, outro para o abdome. Pero a muller debe transmitir a mensaxe que lle dita a voz, esa voz; a mensaxe inconmensurablemente amarga de que estabamos dentro do ceo pero xa non estamos. Nós, a humanidade. Ten a pel tan branca. Mamás, papás, non teñades medo. É improbable que lles arrinque o nariz aos vossos fillos dun bocado. A ameaza non é desa natureza. Eu fago cola para preguntar canto custa cambiarlle a pantalla ao teléfono. Non sei como fixen, pero esmagueino coa porta do coche e agora vese todo negro, atravesado por raios de cores prodixiosas. Ese teléfono tan barato en que escribín poemas; ese que lancei unha vez dramaticamente contra o chan por desamor e non lle pasou nada. Ese co que mandei corazóns. Mamás, papás, termade deses monstros: este é un momento sagrado. Eu tamén oíro voces, máis discretas. Eu tamén odio os nenos. Cambiarei a pantalla coma quen se amarra á lucidez. E sairei do centro comercial pensando en todo o raro. E sairei do centro comercial pensando en todo o lento. Loada sexa sempre a creación inconclusa.

Samuel L. París O único e verdadeiro deus das cousas que están feitas un cristo (2024)

alí fóra (fragmentos)	
todo o que non ves do universo de alí fóra todo o que está onde non che alcanza a vista pode estar a milleiros de anos luz ou pode estar do outro lado dunha parede de calquera tabique mal planificado ou pode estar nun local comercial do carballiño ou pode estar que non digo que sexa así pero pode estar nun despacho da secretaría xeral de política lingüística porque como non o pisaches na vida para ti é unha incógnita do tamaño de Osiris (...) cando deixaremos de estar tristes se o universo é infinito? e a ver	o universo é infinito pero tampouco unha cousa desorbitada porque podes ser infinito pero todo ten un límite e de que está feito por dentro o universo de alí fóra? pois de tipiñas e tipiños a maioría poetas que van a recitais doutros poetas e mentres os outros poetas recitan escoitan con cara de entenderse entre poetas pero tampouco é que entendan o que se di entender entender (...) porque como imos saber cando comezan as vacacións se non hai mareas que leven por diante o renault megane dalgún madrileño

Samuel L. París O único e verdadeiro deus das cousas que están feitas un cristo (2024)

vós tiñades razón,
PERO EU TIÑA UNHA
NAVALLA

non te preguntes que pode facer a poesía por ti

PREGÚNTATE
POR QUE
NINGUÉN TE QUERE

engancharse na ecoloxía

Plásticos: non biodegradables.
Fachas: biodegradables.

Agora ti decides o que tiras ao mar.

Tema: ironía e tema social

Xabier Xil Xardón Detéxtonos (2018)

-Falta moito pra Europa?

-Cala, neno, e sigue nadando.

* * *

Alguén viu falar un monte?

Se nos pomos ventrílocuos
escarallamos o poema.

Xabier Xil Xardón

A casa lévase por dentro,

coma o contrabando e a caña de herbas;
coma a esencia, o arroteo a ourego do chourizo do porco
do ano do porco do horóscopo chinés, “non sabe?”
O caso é que a vella morreu,
sepultada polo hábitat,
olla como te engole,
olla como te engole,
olla como,
olla
UN MUNDO MELLOR: KRAFTWERK
OU COMO TROCAR O ESPELLO POLO RETRATO ROBOT
Á PROCURA DE MAZA E BISTURÍ ENTRE A FERRALLA,
DO METAL FORXADO NO TEMPO SEN FERREIROS,
DO FLUÍR METÁLICO DAS HORAS A TRAVÉS DUN PEITO
DESECADO
KRAFTWERK
MOTOR DE EXPLOSIÓN
KRAFTWERK
TAXIDERMIA

Genaro da Silva O pintor cego (2021)

4. Tese

Unha muller pide esmola canda as portas do mosteiro,
unha muller en que marra un bodegón estatuario:
As columnas non se abranguen nas pantallas
dos teléfonos dos visitantes
tras das que monxes naufragan nos seus rezos
pola pira dun discurso en que unha muller pide esmola
e nin estatua de sangue é
ante as portas.

Así murcha a figueira no atrio
onde antífonas embuten ouropel e becerro:
non hai enigma que sosteña o desexo se nada máis somos
que da bagatela émulo
e da tremoia escravos.

Tema: novas tecnoloxías

Celia Parra

Pantallas (2018)

Papel

O único que sobreviviu á Actualización
foi a máis caduca das especies.
Aquela que era tacto, rexistro e memoria
antes
da chegada das pantallas.

O resto
eliminouse.

A historia, un longo Canto
escrito en papel.

A polpa do papel
aínda nos alimenta.

Arancha Nogueira

Hashtags para un espazo
/confinamento agónico
(2020)

#landscape

dúas caras
entre a rocha volcánica de sicilia
os cumios sen mácula do nepal
a auga quebrada dos fiordes

e un pau de selfie.

Arancha Nogueira

Antese (2022)

Pra que serve esta canción?

Cursor → abrir → Instagram → compartir canción
(Pra que ti a vexas)

Cursor → abrir → navegador → nova pestana →
webwhatsapp

[ti]
na fase 1 vou ir mercarlle tulipáns

emoji do ramo
e da cara riseira

aínda que as miñas favoritas son as peonias

Ti calas porque non sabes de flores.

Cursor → abrir → navegador → nova pestana →
webwhatsapp

[ti]
(dobre tic azul)
Ela distribúe o pan
Eu desagradezo.

(dobre tic azul)

O silencio é a sentenza

(noto a miña gorxa en extinción).

Tema: emigración

Lara Dopazo

ovella (2016)

cheguei á cidade de pedra coa miña ovella atada da man
tan branca
que reflectía a luz nos vidros dos escaparates
ovella camiñaba amodo porque non sabía o que eran
aquelas lousas de pedra húmida

xa non había ninguén na casa, por iso
tivemos que percorrer as fiestras todas
procurando os ollos, na busca
dos ollos e dos pés de quen agardaban
por nós

(...)

ovella comezou a desaparecer
ás veces, se a busco coas mans na noite
aínda podo sentir o veludo da súa pelaxe
nova, como acabada de estrear

mais ovella xa case non está

aínda hai pegadas dela pola casa e pola cidade
nos recunchos máis absurdos
que describía ao mínimo detalle
cando ela aínda estaba

mais xa case non está

ou botar de menos os seus laios
no medio da noite e o medo que tiña sempre a todo
a súa voz calada de luz e o mundo
chorando aquel seu baleiro

na tiranía da súa ausencia os días
son longos as máis das veces e non sei ben que falar
se as horas pasan axiña entón
ao chegar á casa
a noite é máis mesta e máis triste

xa non está e vai frío
case xa non está

Tema: emigración

Lara Dopazo

hai nada poñía un pé fóra da casa
agora semella que non quero volver entrar
e é que vimos da terra dos emigrantes
somos como anduriñas

-volveremos a casa para acougar no tempo
da calor-
mais non esquecemos de onde vimos
que mortos levamos gardados na retina
que lingua nos sae dos beizos
do máis fondo da gorxa

marchar é o noso destino
e alén da viaxe de ulises
non hai penélope que nos agarde
só hai portos que van quedando vellos
de tan fermosos

isto é un camiño
un xogo
pechemos os ollos
e poñamos a man no mapa
-ao azar-
podemos acabar en nuuk
ou en noumea

tanto ten

I

de quen imos fuxir
se ningún nos coñece?

de quen imos fuxir
se ningún nos persegue?

II

comeza aquí a miña viaxe para ti
comeza agora que aínda non amenceu
e illa peixe cheira a chuvia
comeza porque ti acabas de facer os vinte e tres
e estás lonxe
porque abrín a caixa do correo
e alí estaba a túa postal

dende illa peixe

esa que mandaras antes de fuxir a illa néboa
na imaxe o ceo dunha vella cidade aparecía
tinguido de vermello
mais non nos importan as cidades agora
nós vimos dunha illa
e fuximos cara a outra illa
separadas por todo un océano

e entre unha e outra enviarei miles de barcos
de papel
se o vento vai ao noso favor formarán unha
cadea
e poderei chegar á túa praia
a saltos sobre o mar

só así saberás que aínda lembro as túas mans
frías de inverno

IV

ao primeiro de chegar aquí percorría a illa e
todo cheiraba a novo
tiña que descubrir nos ollos da xente quen
eran

agora levo illa peixe gravada na retina
e non é máis ca un pequeno punto na miña
cabeza
unha cor
un retallo da memoria

a fotografía dun presente que xa é pasado

VI

en illa peixe choro
ódiome
maldigo a miña sorte por sentirme soa

outras veces devezo por saír á rúa
e berrar o feliz que son
canto adoro todo isto

non son quen de explicalo

Máis de Lara Dopazo

Clementina

1.
O día que Clementina fixo os trinta anos rompéronlle o corazón. Non foi un romper fi-
gurado, senón real, físico. Abríronlle a tapa do peito, sacaron o corazón e foron tirando
filamentos del como quen desenvolve unha crisálida, un regalo, a pel dunha pataca.

O corazón, un órgano duro, non se queixou. Pero cando Clementina botou man del estaba
case seco, esmarañado. Inconsciente.

Ese mesmo día, o día que facía trinta anos, decidiu que tiña que marchar.

2.
A Clementina chegáballe o pelo polo medio das costas. Apostara a perseveranza de deixa-
lo medrar e gañara. Tardaba cincuenta e sete minutos en desenredalo cada día. Agora, co
corazón roto, tardaba un pouco máis. Os días menos alegres, unha hora e trece minutos.
Os días tristes, recollíao nunha trenza e deixaba que os nós fixesen da súa cabeza un niño
para paxaros salvaxes.

3.
Custáballe moito lembrar algunhas cousas do día a día. Os ollos dos peixes, por exemplo.
Os nomes das rúas. Non obstante, a súa memoria volvíase prodixiosa cando se trataba de
lembrar historias, detalles, acenos.

A súa cabeza era unha danza de curiosidades que rara vez saían dalí e daba a impresión,
a maior parte do tempo, de que Clementina era unha persoa insulsa, máis ben pouco
interesante.

Outras autoras

Tamara Andrés

Non hai beleza nesas árbores
que danzan senlleiras e suaves
en honra aos seus irmáns.

No derradeiro instante desexamos
extraer do caixón da cómoda
os debuxos que fixemos dos
cumes cando nenos para
imaxinalos como nunca foron,
como hoxe tampouco son,
mais xa non existe fogar,
soamente o espanto e o laio

Silvia Penas

Aquí as casas non teñen fiestras
e as lousas foron fregadas
coa tensión das palabras furia
e dignidade.
Cae a noite nun xesto frío
case azulado pola costura minuciosa
daquilo que xoga a ser un rostro.
Entro contigo e vou ciscando escadas arriba
rastros restos restras
unha percusión de ollares que se trenzan
con inclinación a abrirse polo medio.
Habito o artificio cunha altivez distinta
pídoche que cubras con trapos
a ruína (algúns trebellos
gritos estrados aínda).
É precisa certa suavidade
para poder abandonarse
para mudar de pel
e aquí non se permiten as escamas
nin as sombras do animal
apenas a memoria do que un día
cobrou vida.
Fillo, leva sempre en cada man un candelabro
para abrírnos paso cando o inverno

Corpo de Antiochia (2017)

que acoden a nós a través
do vento.

Porén, sempre nos quedará
o desexo da memoria, único
lugar en que a beleza agarda
a nosa chegada.

Alí volveremos sentir
por fin, en nós,
a fala.

Retratos de vodas, partos e
funerais (2023)

revele o que garda a laranxeira.
Terás que dar a volta no abrente
por se cegas coa luz sonámbula
que vén dalgunha illa.
Sentirás na fondura do sangue
o percorrido do río
esquecerás as tonalidades das hortensias
esquecerás a sede.
Fillo, cando regreses sostén co iris esta voz
o fío de voz
que teceu a travesía

[...]

Será duro o regreso
terás que petar en portas
que nunca contemplaron
a posibilidade dunha chave.

María Lado

Ninguén morreu de ler
poesía (2020)

Este é o momento inmediatamente anterior a.
No seu silencio,
intúese o ruxir crecente do futuro que se está for-
mando
miles de quilómetros mar adentro.
é unha certeza que se oe antes no peito
que nos oídos
como os mellores temas de Massive Attack.
É a certeza de que a onda virá
quen sabe se a erguernos
ou a arrastrarnos polo fondo coa boca chea de
area.
Pero certeza, ao fin, de que virá
e de que neste punto onde a agardamos,
somos o diminuto inicio dunha persoa que aínda
ha de ser.
Ao pairo, flotamos na tensión do océano.
É aterrador
o mar é escuro, é petróleo, é cobizoso da xente,
as sombras dos escualos apenas se perciben.

Pero tamén trepidante, é fermoso, é doce
ver o sol bordar de perlas a espuma
ser parte da canción feliz do mar e saber
que aínda os músculos non coñecen o cansazo
saber que aínda podemos remar
remar co corazón ardente.

Este é o momento inmediatamente anterior a.

e co peito sobre a táboa miramos a praia
por última vez,
e por última vez
vémolos con estes ollos
porque só as que non loitan
permanecen indiferentes ao paso da onda.
Así que agora agora convén remar,
convén non deterse,
convén insistir
e adentrarse no ouvear do océano

que xa nos ergue a súa man e, de súpeto,
facerlle un take off perfecto.


É algo que dura apenas uns segundos
porque es inexperta
e decontado caes
pero un día poderás dicir:
eu pasei anos salvaxes
e comezaron aquí
no momento inmediatamente anterior
a vivir.

"Recorda isto, Moncho. Papá non era republicano. Papá non era amigo do alcalde. Papá non falaba mal dos curas. E outra cousa moi importante, Moncho. Papá non lle regalou un traxe ao mestre"

"Si que llo regalou"

"Non, Moncho. Non llo regalou. Entendiches ben? Non llo regalou!"

MANUEL RIVAS



Tema 11

A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes

Lista de temas:

1. Anos 70
2. Anos 80
3. Anos 90
4. Século XXI



Fernández Ferreiro

Anos 70

Tema 11. A prosa de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras que abren novas vías de expresión

- **Autores anteriores que seguen escribindo:** Méndez Ferrín (*Antón e os inocentes*, 1976), Carlos Casares (*Xoguetes pra un tempo prohibido*, 1975)
- **Autores novos:** Paco Martín (*No cadeixo*, 1976), Xabier Alcalá, Darío Xohán Cabana ou Suso de Toro



Paco Martín

Trazos máis salientables

- Trátase dunha primeira fase de apertura ou embrionaria que chegará ao seu momento álxido na década dos 80.
- **Vontade transgresora:** Renovación de temas, recursos e estilos:
 - » **Temas:** a memoria, a identidade colectiva, a autoficción, a infancia e a xuventude, a experiencia urbana, a tensión entre o rural e o urbano, o mito da Terra-Nai (igual que na poesía)
 - » **Experimentación cos subxéneros:** pois aparecen novelas de tese, narrativa de xénero, novelas de aventuras, relatos policiais, ficción científica, novela histórica etc. Por exemplo, Xosé Fernández Ferreiro publica en 1975 o western *A morte de Frank González*



Suso de Toro

Contexto

- Tardofranquismo e falecemento do ditador en 1975
- Etapa de transición / posterior Estatuto de Autonomía en 1980 e Lei de Normalización Lingüística en 1983
- Ampliación do mundo editorial galego (Xerais, Sotelo Blanco) e creación de premios (Premio Novela Galaxia, 1975)
- Entrada da lingua galega no ensino e apertura do libro galego ao mercado masivo e á literatura en escolas e institutos
- Incremento da presenza feminina (Queizán, Marilar Aleixandre, Marica Campo etc.)
- Coincidencia de autores de varias xeracións que se inflúen entre si (clásicos como Otero Pedrayo ou Blanco Amor conviven con novas fornadas ou con escolas anteriores, como a Nova Narrativa)



Xabier Alcalá

A morte de Frank González

Xosé Fernández Ferreiro (1975)

Esta noveliña -se así se pode chamar- foi escrita dun tirón unha desas noites en que o sono non dá chegado. E, para pasar o tempo, para entreterse, un, do mesmo xeito que pode ler, ponse a escribir sen moitas ganas. Por iso -e isto é o que vos quería dicir- se algún valor ten é a súa espontaneidade. E o de ser a primeira narración do Oeste que se publica en lingua galega. Nada máis.

XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO

I

—Non é verdade que Frank González fose pistoleiro, como ti dis. Ti e mais os outros -dixo un dos homes que agardaban a dilixencia no alboio-. Nada diso. Frank era rancheiro. Un rancheiro rico, iso é certo. Tiña máis de cinco mil cabezas de gando, entre cabalos e vacas, así coma contas correntes de abondo en varios bancos do país. Vivía coa súa familia: a súa muller, Samanta - de gran beleza e moito máis nova ca el - e os seus cinco fillos: Robert, Frank, María, Ida e Linda. Tamén vivía no rancho, Marlon, fillo de Paul, o irmán de Frank. Paul si que foi pistoleiro e atracador de bancos e dilixencias en varios estados. Acabou aforcado, anque sobre isto hai distintas versións. Pois se uns din que foi aforcado en Sacramento, outros din que morreu nun duelo co shérif de White Town, preto de Nevada... Pero Frank, o gran Frank, o famoso Frank, sempre foi home pacífico e honrado a carta cabal, aínda que moitos supoñan o contrario. Ben é certo que, como era irmán de Paul, dicían que nos seus anos mozos tamén fora atracador e pistoleiro e que, logo de dar un gran golpe -asaltar un tren cun importante cargamento de ouro que procedía dunha mina de California-, mercara un rancho, casando coa mestra de Walking Rock: Samanta.

-É a primeira noticia que teño do que estás a contar -dixo o que falara anteriormente.

Ía calor. Unha calor desacougante, mesta, que pegaba as roupas ó corpo. Que facía cóxegas na pel e non deixaba nin respirar. Unhas nubes negras -de tronada- íanse achegando ó poboado, pouco a pouco, dando voltas e reviravoltas, coma corvos xigantes e barrigudos que voaban ameazantes sobre as casas. Máis alá, viase o camiño que atravesaba a infinda chaira, cara ó deserto e a fronteira, por onde viñan -ou se ían- os xinetes e as dilixencias de Little Mann, na banda do río Roxo.

-Frank González era fillo dun mexicano de Sonora que vivía en San Luís. E cómpre dicir que non morreu coas botas postas, como soe dicirse, senón de vello, no seu rancho, ó lado da súa muller e dos seus cinco fillos. No rancho aínda pode verse, segundo din os que alí estiveron, a lousa de pedra que cobre os seus restos. Quen ó parecer se fixo atracador foi Marlon, o fillo de Paul, cando Frank morreu. As malas linguas din, con razón ou sen razón, que Marlon acabou namorándose coma un tolo de Samanta, Cando quedou viúva -pode que a cousa xa viñese de atrás- o rapaz pretendeu o amor da súa lia. Samanta rexeitouno e díxolle sen contemplacións que se fose do rancho.

Non podes seguir vivindo máis na casa do home que te quixo e te coidou coma un pai. Non podes seguir vivindo máis nesta casa desexando a muller de Frank González: a min. Vaite e non volvas máis. O mozo quedou de pedra. Nunca pensou que Samanta o botase fóra de tal maneira.

-Voume -dixo despois duns momentos-, pero volverei por ti. Xúrocho. Queiras ou non

queiras, e penso que queres, has de ser miña polas boas ou polas malas, anque sexa o último que faga no mundo... E a culpa non é miña, senón túa. Quero que o saibas. Embruxáches-me coas túas insinuacións, coas túas provocacións, espíndote cando sabías que eu te velaba. ¿Lémbraste do río, cando te bañabas sabendo que eu ia ollarte escondido entre as árbores? ¿Facíalo adrede? Algunha cousa me deches para namorarme. ¿Un feitizo indio? Eu sei que ti non querías a Frank, o teu home, o meu tío, senón a Paul, o teu cufado, o meu pai, e en min quizais o vias a el, o que el era cando o coñeciches. “Es o vivo retrato do teu pai”, dixéchesme máis dunha vez. ¿Acordas?—¡Fóra!

-Non disimules, muller... Non sei se era por min ou porque che facía recordar ó meu pai, a Paul, pero ti tamén me ollabas. Tamén me desexabas. Quizais me querías. Quizais me queres.. —¡Fóra, fóra!

Marlon foise do rancho e uniuse a unha banda de atracadores que andaba por aqueles contornos. E non parou ata que convenceu ó xefe -un tal colorado- para dar un golpe no rancho da muller de Frank.-Ten moito diñeiro -díciálle Marlon-. Ouro escondido.

-Nunca oín tal cousa. A viúva de Frank, á parte de estar moi boa, ten moitas terras e moito gando, pero ouro, non.

-Ten, ten. Máis do que vostede se pode imaxinar.

-¿Quen cho dixo, ho?

Eu seino. Está escondido debaixo da lousa de pedra que cobre os ósos de Frank... ¿Vostede non ten oído dicir algunha vez que Frank González atracou un tren cun cargamento de ouro?

—Si. Iso sábeno todos. Pero a cousa é moi vella. E ese ouro, ese diñeiro -o do asalto- empregouno Frank en mercar o rancho e o gando.

-Non todo. Sobroulle unha boa tallada. Suficiente para mercar outro rancho tan grande coma o que lle deixou á súa muller. Se o quere comprobar imos un día alá.

O xefe da banda de atracadores pensaba.—Mentres vostede, cos seus homes, levanta a lousa apoderándose do ouro que está escondido debaixo, eu entro na casa e entreteño a Samanta e os seus fillos para que non se dean conta de nada. Colorado seguía a pensar. Dándolle voltas á cabeza. Remoendo a cousa. Tiña cara de ave rapineira.

-Ben -dixo por fin-. Iremos ó rancho da viúva e Frank para buscar ese ouro do que falas. Pero, ¿como sabes ti tales cousas, rapaz?

-Porque eu vivín naquel rancho moitos anos. Desde pequeno. Traballei de vaqueiro para Frank ionzález. ¿Comprende agora o que lle digo?

O atracador mirou de reollo a Marlon.

—Entón verías ben vista á súa muller.

-Vin.

—E verías tamén que está como Deus.

-Si.

—E ti queres ir alá por ela, non polo ouro, ¿non si?

—Polas dúas cousas. Anque, se lle parece, o ouro para vostede e ela para min. Teño unha conta pendente con esa muller.

Colorado volveu ollalo de esguello.

—Pero antes -aclarou- as dúas cousas serán para min. Logo xa veremos como facemos as contas. Porque se non hai ouro...

—Hai, hai.

—Espero que así sexa polo teu ben -ameazou con ton aveso-. Do contrario non che arrendo

as ganancias.

E foron ó rancho unha noite. Mentres varios homes da banda, ás ordes do xefe, buscaban o ouro debaixo da lousa que cubría os ósos de Frank González-ouro que non existía, claro é-, Marlon entrou coma unha sombra na casa, por unha ventá, e deu morte ós seus cinco primos, un por un, cortándolles o pescozo cunha navalla sen que nada oise Samanta. Logo, tamén coma unha sombra, entrou no cuarto dela e plantóuselle diante, arrogante e destemido.

-Dixen que viría e vin -soltoulle Marlon-. Aquí estou. Xa sabes o que quero de ti.

Parece que ela non dixo nada nin se opuxo ó que el pretendía. Ou sexa: deixouse posuír.

—¿E non estaría, no fondo, namorada de Marlon, como el lle dixera ó irse do rancho? -preguntou un home do grupo-. Se se deixou sen opoñer resistencia...

—É posible. Ela era nova e el un mozo ben plantado e forte. Pero a verdade non se sabe. A historia non di máis sobre tal feito, que eu saiba. Só que Marlon estaba namorado de Samanta.

Unha rapariga nova -Sibila- que tamén estaba no alboio escoitando as historias de Frank González, remexeu o corpo suorento e souril dentro das súas roupas, mentres ollaba cara ó camiño do deserto, por onde ían e viñan os xinetes e as dilixencias.

—Ó satisfacer os seus desexos -din que lle botou máis de media ducia, sen descanso nin respiro-.

– Moitos me parecen.

--Hai que ter en conta que era un mozo novo e varudo.

-Ainda así, botar media ducia sen descanso nin respiro é moito botar, ¿non che parece?

-Si, quizais teñas razón. Pero iso é o que se di... Sigo: Cando acabou de botarlle os que fosen, máis ou menos, Marlon matou tamén á súa tia e amante por uns minutos, segándolle a gorxa dun navallazo. Antes, segundo parece, o rapaz pediulle que se fose con el, pero ela non debeu de aceptar tal proposición. Despois púxolle lume á casa. Pero o xefe dos atracadores, Colorado, que non atopara por ningures o ouro do que lle falara, descubriu a artimaña de Marlon e esperouno fóra co revólver na man E cando saía, na mesma porta, meteulle cinco balas no corpo, de xeito que o mozo terminou devorado polas chamas xuntamente cos seus curmáns e a súa tia... Certo: moitos din que Frank González morrera durante aquel asalto, con toda a súa familia, a mans de Marlon. Pero non foi así. Pois, como digo, Frank morrera antes de suceder o que conto, de morte natural.

Oíase o paso do tren pola estación de Blake, camiño de Little Mann. Un home mirou o reloxo. Logo ó ceo escuro, ameazante, ás nubes que se acercaban semellando fume negro, barrigudos corvos. Non se respiraba coa calor. As moscas ían dun lado para o outro, inqueda, aboucando o aire. Oíronse tamén uns disparos de rifle. Todos escoitaron. Oíronse outros disparos secos, espaciados.

-Son os cazadores de búfalos -dixo un home-

Abastecen de carne ó exército.

A xente ía e viña polas rúas do poboado. A pé ou a cabalo. Tripando o po que atragoaba a gorxa e lle tupía os narices.



Román Raña

Anos 80

Tema 11. A prosa de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras que abren novas vías de expresión

- **Autores anteriores que seguen escribindo:** Carlos Casares (*Ilustrísima*, 1980), Camilo Gonsar (*Cara a Times Square*, 1980)
- **Novela histórica:**
 - » Víctor Freixanes (*O triángulo inscrito na circunferencia*, 1982)
 - » Darío Xohán Cabana (*Galván en Saor*, 1989): libro que mestura lendas coa realidade social
 - » Xabier Alcalá (*A nosa cinza*, 1980)
- **Literatura de xénero** (novela policial e negra, de terror, narrativa urbana, ciencia-ficción)
 - » **Ecoloxismo e ciencia-ficción**
 - » **Novela de misterio, temática policial:** Carlos G. Reigosa (*Crime en Compostela*, 1984), Román Raña (*O crime da rúa da Moeda Vella*, 1989)
- **Outros subxéneros:**
 - » **Literatura bravú** (Xurxo Souto, Jaureguizar)
 - » **Literatura infantil e xuvenil:** *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín (1985)



Víctor Freixanes



Darío Xohán Cabana

Trazos máis salientables

- Nos 80 ten lugar a eclosión da narrativa en lingua galega
- Renovación de temas, recursos e estilos
- **Vontade transgresora:** Renovación de temas, recursos e estilos:
 - » Superación do ruralismo
 - » Innovacións temáticas e estilísticas
 - » Temas: a memoria, a identidade colectiva, a autoficción, a infancia e a xuventude, a experiencia urbana, a tensión entre o rural e o urbano, o mito da Terra-Nai (igual que na poesía)
 - » Experimentación cos subxéneros, pois aparecen novelas de tese, narrativa de xénero, novelas de aventuras, relatos policiais, ficción científica, novela histórica etc.
 - » No estilo, hai moita variedade.



Úrsula Heinze

Contexto

- Falecemento do ditador en 1975
- Etapa de transición / posterior Estatuto de Autonomía en 1980 e Lei de Normalización Lingüística en 1983 / medios de comunicación en lingua galega
- Ampliación do mundo editorial galego (Xerais, Sotelo Blanco) e creación de premios (Premio Blanco Amor, 1981; Premio Xerais de Novela, 1984)
- Aumento da produción de narrativa en lingua galega, entrada da lingua galega no ensino e apertura do libro galego ao mercado masivo e á literatura en escolas e institutos
- Incremento da presenza feminina (Queizán, Marilar Aleixandre, Marica Campo etc.)
- Coincidencia de autores de varias xeracións que se influen entre si

A nosa cinza

Xabier Alcalá (1980)

A comezos do ano 40 os meus pais viñeron vivir na aldea. Os herdeiros dun cubano caprichoso vendéronlle ó novo médico unha casa modernista, alegre, aberta nunha ollada [...] á quietude da ría. Nela criouse o Manencho e fomos nacendo o Fuco, o Lourenzo, a Lucía, a Carmucha e mais eu, os fillos do matrimonio que o meu nacemento viría desfacer.

A casa da aldea enmarca os recordos luminosos da miña nenez, que debeu ser unha sucesión de horas tranquilas a formar días, días a encher semanas, semanas definidas por domingos de roupa nova e igrexa, meses que determinaban as idas e vidas dos meus irmáns estudantes, e anos en que o único notable eran os regalos de Reis e San Xoán...

Por veces dáme unha saudosa arrouxada e vou pasar unha fin de semana á casa baldeira. Déixome caer na poltrona do cuarto de estar e concentrándome no silencio da moblaxe fría sinto encherse todo cunha fantasmagoría de imaxes que trato de recompor amorosamente, coma quen xunta as pezas da vasilla atopada nunha escavación:

—Meu rei, meu caravel de cen follas... —é a verba apaixonada da Felisa, que me amou coma o fillo que nunha tivera,

—Dous por dous, catro, dous por tres, seis, dous por... —somos eu e a Carmucha a cantaro-lar matemáticas desusadas baixo a titoría do avó Francisco (...);

E déixome levar, enrodelado, no colo do meu pai que cheira a tabaco e a colonia:

—Non quixo deitarse, don Manuel. Dixo que tiña que esperar polo pai, que non sei o que lle quería.

—Que me queredes, meu ruliño?

Nada. Eu non lle quería nada; simplemente esperar para sentilo chegar.

Xa vai o griffón no vento

Alfredo Conde (1984)

Chovía diante da catedral e abeirouse ó Pórtico. Ofrecíase dende alí unha paisaxe verde-za e gris de carbelleiras e sotos de castaños, de ceo nubento a derramarse polas cortiñas e as brañas de repousados rúidos, que todos xuntos lle inducían unha sensación de pesadume e desacougo á que aínda non estaba afeito, un sentimento de ansiedade que non chegaba a identificar e que lle tollía aquela parte do seu ser que reclamaba a luz, a limpidez do aire, o estourante sol do que el era recién chegado e ó que había de tornar, aínda que hoxe nin o sospeitase. Apoiouse na columna que sostén a Daniel e decidiu abandonarse á contemplación.

Galván en Saor

Darío Xohán Cabana (1989)

O señor Galván tomaba ó abrigo dun penedo a tímida raxeira da mañá invernal, sentado nunha pedra e cunha paviza de herba na boca. Vestía acolchado pantalón de motorista e negra zamarra de coiro con cinto. A carón del estaba arrimada ó penedo unha moto negra e grande, marca Peugeot.

A vista de falcón do señor Galván erraba pola Chaira de Valverde, distinguindo mínimas cousas na lonxanía. Un ventíño suave e frío rizaba as augas da lagoa, alá abaixo. Volveu os ollos cara á tesa pena que se erguía á súa dereita no medio da chá, e ben viu sobre dela o voo circular dun paxaro branco que gazmeaba. Era o corvo.

O corvo branco revouu tres veces sobre o petouto, e logo saíu largado cara ás carballeiras de Saor. O señor Galván montou na motocicleta e deulle ó pedal. O motor bruou poderoso. Meteu primeira cun rexo golpe de pé, soltou o embrague pouco a pouco e botou a andar pola estrada do Leste. Chegado á Valeca, colleu a man destra por entre as carballeiras de Calibón, en segunda e a medio gas.

Sentiu un berro de lonxe e meteu esporas ó cabalo. A súa negra armadura e o escudo coa sina do falcón vermello resoaban metalicamente cos golpes das ramallas máis baixas dos caxigos, pero señor Galván corría a galope na dirección do berro, ata que chegou a unha clareira da fraga. Un anano estaba atado con corrizas de coiro a unha vella carballa.

—Non vos baixedes do cabalo, señor cabaleiro —berrou o anano—, non vos baixedes, pola vosa vida: vede que aí vén o cabaleiro verdoso que me ten aquí preso, vede que vén contra vós a todo correr do seu corcel.

Fixo Galván volver o seu cabalo, e viu chegar o mentado polo anano coa lanza tendida en contra del. Era un xigantesco guerreiro vestido cunha espantosa armadura ourizada de púas, case da cor do lidro sobre augas repochadas. O helmo verde coroábase de verdes plumas, e verdes tamén eran as coberturas do seu cabalo, que levaba un afiado esporón na fronte abaixada en acometida.

O crime da rúa da Moeda Vella

Román Raña (1989)

Correu sen circunspección, sen cautela. Mirou para atrás dificultosamente. Durante un instante resplandeceron, como un espello diante do sol, as dúas figuras que o perseguían. Pensou, fugazmente, coa rapidez dos perseguidos, que aqueles individuos non coñecían con exactitude o lugar onde moraba. Decidiu entón afastalos de onde descansaba Marta, tentando perdelos de vista. O puro horror impulsaba os seus pés sobre a calzada irregular. Desviouse por unha travesía adxacente onde as persoas o miraban con altivez e despeito. El chocaba ocasionalmente, sen pedir perdón, con anciás e con nenos, entre o apresuramento das persoas que vestían con elegancia funcionarial. Baixou con agobio por unhas escadas hediondas. Case dislocou un nocello nun escalón decrepito. Os dous perseguidores imitaban o seu descenso con pasos de ansiosa perseverancia. O home groso penosamente descía os degraus. O seu bandullo tremíalle con compases de vertical inmisericordia como impelido por un seísmo.

Fuxía sentindo o ancho vento entre os cabelos, acariciándollos como un pente teimoso entre o torbeliño das rúas que se bifurcaban. Baixou por unha vía anexa e detívose na conxunción de dúas travesas. Perdera de vista aos dous agresores. Apoiouse nunha parede limpa. Respirou fondamente.

Suso de Toro (Polaroid, 1986)

Discurso caótico	• Repeticións constantes	• Estrutura fragmentada
	» Interxeccións	• Agresividade
• Temas do cotián	» Palabras comodín	• Contido escatolóxico ou sexual
• Monólogos interiores e fluír da conciencia	» Bocaladas, insultos	• Frases breves
	» Coloquialismos	

Interior

Estas tardes de outono. Qué frío debe ir fóra, na rúa, a xente pasando. O aire frío na cara. Qué agradable aquí, no café. O gusto espeso do café no padal. Apetece o fume doce dun cigarriño rubio. Sacar o paquete a despacio do peto da americana. Sacudilo. Unha. Dúas veces. Sae o cigarriño. Collelo entre os dous dedos deixando que colgue algo. Coller o acendedor no outro peto, e prender o cigarro. Unha calada fonda. Así. E o fume percorréndoo todo. O pocillo do café a un lado e cruzar as pernas. As enrugadas no pantalón. Estirar. Así, agora. Sentir o respaldo da cadeira. O clinclín da louza no ambiente morno do café. Coller outra vez o libro de enriba da mesa, sentindo o frío vesgoso das pastas plastificadas. Pasar as primeiras follas do papel áspero e morno, mol e algo amarelo. Ir pasando o dedo polo canto ata a páxina sinalada. Aquí. Dar unha calada, botando o fume contra o cristal, vendo pasar a xente apresada. Pasar os dedos polas guedellas lisas, unha e outra vez. O rizo na fronte. Arrimalo para atrás. Volver a mirar o libro e reler o poema no que quedara.

A man do amor

Cando rapaz, desde a primeira vez, unha tarde no cuarto de baño, pasárao mal atormentado polo sentimento de culpa. Pero caeu e volveu caer. Despois soubo que todos o facían, pero axiña comprendeu que o del era distinto, e iso fíxoo sentir outra volta culpable.

Agora ten uns trinta e cinco, é un solteiro calado e amábel que ao peitear o pelo mira de tapar as entradas e pasa as tardes dos domingos paseando solitario ou no cine. Trátase con pouca xente, esas presentacións nas que sempre se pon nervioso e tarda en dar a man fanlle gañar antipatías. Os seus compañeiros de traballo pensan que é un maniático e un mans delicadas, sempre movéndoas ao xeitiño, como mirando de non se mancar, aínda que todo llo perdoan porque é un bo compañeiro. Pero ninguén sabe dos seus intres de agarimo en silencio, das arroutadas de desexo entre el e a súa man dereita.

Agora, a ver

Estívolle ben por pelexa. E que? Pois xa ves. Que si, que non, que tal, que tumba. E tiña que ser, e tiña que ser. E foi. E estalle ben. E que se foda. E todo o día a nai a rifar nela. E nada, andaba coa parrocha quente. E estívolle ben. E empreñou, e que se foda. Unha cadela, unha fodona. Talmente unha cadela. E o Jojito... E o Jojito... Ao Jojito púxolla tesa. E foi ela. Ela a peor. O Jojito fixo o que puido e arreando. E xa ti ves, si te he visto no me acuerdo. E ala. E agora que? Eh? Agora a ver. Dime ti.



Agustín Fernández Paz



Fina Casalderrey



Gonzalo Navaza



Mª Vitoria Moreno

Anos 90

Tema 11. A prosa de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras que abren novas vías de expresión

• Narrativa de evasión

- » **Novela policiaca ou negra:** *Un home que xaceu aquí* (Aníbal G. Malvar, 1993)
- » **Realismo suxo e xénero negro:** *Ambulancia* (Suso de Toro, 1990), *Os comedores de patacas* (Manuel Rivas, 1990)
- » **Ciencia-ficción:** *A sombra cazadora* (Suso de Toro, 1994)
- » **Ecoloxismo e ciencia-ficción:** *As flores radiactivas* (Fernández Paz, 1990), *Perigo vexetal* (Ramón Caride, 1995)
- » **Novela sentimental**
- » **Novela de terror:** *Cartas de inverno* (Fernández Paz, 1995)
- » **Narrativa humorística:** *Erros e Tánatos* (Gonzalo Navaza, 1996)
- » **Relato erótico**
- » **Novela de aventuras:** *Latitude Austral* (Xavier Alcalá, 1991), *A expedición do Pacífico* (Marilar Aleixandre, 1994), *Morning Star* (Xosé Miranda, 1998)

• Narrativa realista

- » **Novela histórica e relacionada coa Guerra Civil:** *O lapis do carpinteiro* (Manuel Rivas, 1998)
- » **Relato sociolóxico:** *Dúas bágoas por Máquina* (Fina Casalderrey, 1992)
- » **Crónica**

• **Literatura Infantil e Xuvenil (LIX):** tras a inclusión da lingua galega no ensino, o sistema literario galego encheu un oco baleiro. Isto fíxose grazas á adaptación de textos clásicos (Neira Vilas, Blanco Amor), á edición de obras foráneas (da literatura catalá ou inglesa, por exemplo) e ó desenvolvemento de coleccións senlleiras nas principais editoriais (“Merlín”, “Merliño” e “Xabarín” en Xerais; “Árbore” de Galaxia etc.). Isto dá lugar a unha eclosión de persoas autoras como Paco Martín, Agustín Fernández Paz, Pepe Carballude, Xabier P. Docampo ou Mª Vitoria Moreno.

Trazos máis salientables

- Nos 90 ten lugar a consolidación das liñas exploradas durante os 70 e os 80
- Pluralidade de temas, recursos e estilos
- **Continúa a experimentación**
 - » Innovacións temáticas e estilísticas: dende a exploración de novos rexistros máis achegados ao coloquial (Suso de Toro) ata outros máis clásicos
 - » Continúa a experimentación cos subxéneros (novelas de tese, narrativa de xénero, novelas de aventuras, relatos policiais, ficción científica, novela histórica etc.)

Contexto

- Etapa de transición / posterior Estatuto de Autonomía en 1980 e Lei de Normalización Lingüística en 1983 / medios de comunicación en lingua galega
- Consolidación do mundo editorial galego no mercado masivo (aumento da produción de narrativa en lingua galega, asentamento da lingua galega no ensino)
- Consolidación da mirada de xénero e feminista
- Coincidencia de autores de varias xeracións que se influen entre si

As cousas

Manuel Rivas, *Que me queres, amor?* (1995)

Como espectador non era moi expresivo, esa é a verdade, dixo a Televisión. Sentaba aí, no sofá, cun vaso de whisky, e miraba con frialdade, como se só as pedras de xeo se lle subiran á cabeza. Esa noite, non. Esa noite moveu os labios canda o personaxe da pantalla. Parecía estar nunha sesión de dobraxe. E creo que non lle gustou o que dixo. Nin o que viu. Facía acenos, como quen se mira deforme nun espello de feira e quere acentuar a fealdade.

A televisión, contra o seu costume, meditou durante uns segundos.

Bo, recoñezo que esta última observación miña está condicionada polo sucedido.

Non era de moita lectura, dixo o Hamlet pousado na mesa da sala. Polo menos, non o era nos últimos anos. Pero esa noite, esa noite veu cara ao estante e os libros démonos os uns aos outros cos cóbados nos riles. Tocou varios lombos, pero ao final colleume a min. Leu dunha tirada ata a escena segunda do acto terceiro. Deixoume marcado aquí, na páxina onde se di iso de *Let me be cruel, not unnatural*.

Máis claro, auga, dixo o Vaso con voz rouca.

Por que?, preguntou a Lámpada.

Como que por que? Velaí a explicación que buscan.

(...)

Balangandán Gonzalo Navaza, *Erros e Támatos* (1996)

Nas semanas que seguiron Adela viviu momentos críticos. Perdida de vez toda esperanza con Ricardo, pechouse no seu apartamento para chorar a soas e non saíu en tres ou catro días. Rescatárona os seus pais, alarmados porque non collía o teléfono. Trámitáronlle unha baixa no traballo, levárona para a súa casa, instalárona no seu cuarto infantil e ofrecéronlle todo o cariño do mundo. A calor do agarimo familiar reconfortouna e volveu ser unha nena para poder esquecer e liberarse do peso que a atafegaba.

Pasara case un mes cando a nai, que sabía dos desvelos da súa filla, volveu pronunciar o nome de Ricardo naquela casa. Oíra dicir que a moza que tiña, Belén Feixó, sacara unhas oposicións e que era moi probable que lle tocara praza en Cataluña. E no primeiro destino había que botar polo menos cinco anos. Aquela relación tiña pouca traza de saír adiante.

Agustín Fernández Paz**O caso do estraño empregado (fragmento)** *Contos por palabras* (1991)

—...
— **B**oas noites, don pedro. Perdo que o moleste a estas horas, pero é para dicir-lle que hoxe pasei todo o día facéndolles as entrevistas aos candidatos que se presentaron para o posto de representante. Mañá a primeira hora heille mandar por mensaxeiros un informe co resumo de todas elas.

—...
 —Aínda houbo ben deles. Presentáronse doce. Só hai uns minutos que acabei co último.
 —...
 —Pois, se quere que llo adiante xa, na miña opinión hai un candidato que merece o posto moi por riba dos outros (...).

—...
 —É que algún problema si que hai. Por iso o chamaba, para lle consultar (...). Verá, non sei como dicirlle. Pero é que me atopei un pouco estraño mentres falaba co derradeiro candidato.

—...
 —Mire, a cousa xa non empezou dun xeito normal. Díxenlle por teléfono que o recibiría ás catro, e el insistiu en que o pasase para o final, para as oito, cando xa vai vencido o día. Pero é que logo, xa no despacho, pedíume que pechase as persianas, que lle molestaba a pouca luz que entraba. E abofé que debe ser certo que lle molesta, porque estaba pálido, dispensando, coma calquera dos nosos clientes.

—...
 —Claro que hai de todo entre os nosos clientes, don Pedro! É que non me expliquei ben. Referíame aos pobres finados, aos que ocupan os nosos ataúdes.

Cartas de inverno (1995)

Non me vas crer, has pensar que estou tolo! Pero teño que contarcho, teño que contar-mo, teño que deixar constancia das cousas no papel, ou acabarei crendo tamén eu que desvarío. Lembras ben a descrición que che fixen do gravado, a primeira vez que o vin? Pois cando o mirei de novo, a rapaza non estaba asomada á fiestra! Mal podía estalo, porque as follas da ventá aparecían pechadas e a rapaza estaba a durmir na cama, cunha expresión tensa no seu rostro, coma se estivese pasando por un mal sono. Desta vez puideren verlle ben a cara, de faccións case perfectas. É moi noviña, como xa sospeitaba, seguro que non pasa dos dezaseis anos. Agora mesmo o teño diante de min, mentres escribo estas liñas, e todo está tal como che digo.

Foi real o que vin pola mañá ou é real o que estou vendo agora? Soñeino antes ou estou a soñalo neste intre? Será que no faio, coa excitación do momento, crin ver o que a miña imaxinación me suxeriu? Pero é case imposible, son unha persoa cunha memoria visual excelente, como ben sabes. Só dunha cousa estou seguro: nin estou tolo nin quero tolear.



Leticia Costas



Berta Dávila



Begoña Caamaño



Sica Romero

Século XXI

Tema 11. A prosa de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras

- **Narrativa de evasión**
 - » **Novela policíaca ou negra:** *Infamia* (Leticia Costas, 2019), Domingo Villar (*A praia dos afogados*, 2009; *O último barco*, 2019)
 - » **Ciencia-ficción:** *Gastrulación* (Pablo Pesado, 2023)
 - » **Ecoloxismo, ciencia-ficción e identidades:** triloxía *Cobiza* (*Cobiza*, *Multitudes*, *Retorno*), de María Reimóndez
 - » **Novela de terror:** *Non cantan paxaros neste bosque* (Carlos Negro, 2021), *Besta do seu sangue* (Emma Pedreira, 2018)
- **Narrativa íntima e autoficcional**
 - » **Autoficción:** Berta Dávila (*Carrusel*, *Illa Decepción*, *Os seres queridos* e *A ferida imaxinaria*)
 - » **Relato íntimo e retrato social:** *A parte fácil* (Ismael Ramos, 2023), *Avelaiñas eléctricas* (Sica Romero, 2022)
 - » **Estilo próximo ao lirismo:** *Sol de inverno* (Rosa Aneiros, 2009)
- **Temática social**
 - » **Cuestión da muller e reinterpretación dos mitos:** Begoña Caamaño (*Morgana en Esmelle*, *Circe ou o pracer do azul*), María Reimóndez (*O club da calceta*, 2008)
 - » **Identidades:** *Nom estamos quebrades*, Nee Barros, 2023
 - » **Liminaridade e emigración:** Brais Lamela (*Ningún queda*)
 - » **Estrutura social, pasado e memoria:** Diego Ameixeiras (*O cervo e a sombra*, *O anarquista*)
- **Literatura Infantil e Xuvenil (LIX):** Leticia Costas, Agustín Fernández Paz, Rosa Aneiros, María Reimóndez etc.

Trazos máis salientables

- O século XXI supón o mantemento da apertura, a experimentación e a pluralidade
 - » Novas temáticas, como a autoficción ou o tratamento das identidades
 - » Mestura entre narratividade e lirismo
 - » Hibridación dos produtos narrativos con outros xéneros e outras artes

Contexto

- Coincidencia de autores de varias xeracións que se influen entre si
- Morte de autores consagrados ao longo das décadas (Begoña Caamaño, Luisa Villalta, Neira Vilas, Agustín Fernández Paz, Domingo Villar, Darío Xohán Cabana etc.)
- Influencias moi variadas, tanto galegas como foráneas
- Presenza das novas tecnoloxías e das redes sociais
- Certames, revistas especializadas e novas canles de comunicación e publicación
- Aceleración dos procesos sociais
- Emigración, precariedade, novas identidades
- Ironía, parodia e pastiche posmodernos ou metamodernos
- Hibridación de produtos (videopoemas, proxectos musicais, performance e palabra falada)

O sol do verán

Carlos Casares (2002)

No pouco tempo durante o cal puiden ver o corpo espido de Carlos, morto e tirado na bañeira, antes de que Arturo me sacase pola forza do cuarto de baño, pareceume que da parte dereita da cabeza do cadáver, á altura da tempa, penduraba un cacho pequeno de óso esmigallado en anacos minúsculos e afiados, igual que se fosen os fragmentos da casca dunha noz que se acabase de partir. Desde aquela noite, o estoupido da pistola que acabou coa vida de Carlos asociéino con esa imaxe, non polo ruído da arma en si, senón porque me parecía que o cráneo, ó ser rebentado pola bala, rachara daquela mesma maneira. [...]

Agora, transcorridos dez días da morte de Carlos, a imaxe dese ruído segue dentro de min, agrandada ademais polo sentimento de que el se foi daquela maneira inesperada, como se partise de viaxe para sempre sen avisar, fuxindo pola noite, amparado pola escuridade e sen dicirme adeus, como un ladrón. Pechada eu soa nesta vella biblioteca, paso horas ordenando papeis, movendo libros dun sitio para outro, ou simplemente sentada na butaca de coiro que está ó pé da ventá que se abre cara ó río, pero coas contras arrimadas porque me molesta a luz do sol. Refuxiada na penumbra, penso en Carlos, naquel ruído de noz cascada que me espertou xusto cando me acababa de deitar, poucos minutos despois de despedirnos no medio do salón. Pero sobre todo penso no Carlos que coñecín aquí nesta casa hai preto de vinte anos, cando eramos nenos e el veu pasar o primeiro verán con nós, invitado pola miña nai. As lembranzas de todo ese tempo soben e baixan pola miña memoria, ás veces desordenadas e confusas, como un rabaño atacado polo lobo, e outras veces claras e precisas, mesmo como se fosen vivencias en relevo, igual que se máis alá desa fiestra entornada que me defende da intensidade deslumbrante do sol, o mundo fose de novo aquel que era, aqueles días felices de tantos veráns azuis que pasamos xuntos na casa de Beiro, esta mesma casa onde vivo desde que casei.

As chaves do tempo
(fragmentos)

Luísa Villalta (2001)

No tempo en que había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre, xusto e de bo corazón. Durante o seu reinado nada faltou ás xentes, nin o millo, nin o peixe, nin o gando. As vilas eran pequenas, pero todas elas ben diferentes. Se en Carral había pan, en Cambre queixos e leite, en Muros e Vigo peixe a manchea, en Santiago artesáns cantos se quixer, e na Coruña comerciantes que vendían e compraban, ademais de facer beneficiosos tratos cos outros países de alén-mar. Este rei chamouse Arturo, en honra de outro que disque fora seu parente entrego.

Pois, que se saiba, este rei tivo dous fillos, don Afonso e don Pedro, criados severamente, porén sen descuido das máis nobres artes como son a música e as cantigas, nas que axiña destacaron como moi bos tanxedores de zanfona, tiorba e lira, que os instrumentos de sopro, segundo dicían os manuais, non conviñan aos de avoengo real pola deformidade que o esforzo puña no xesto de tan nobres facer.

* * *

Sabede que naquel tempo a Galiza era terra de pousadas e hospedaría e aínda mesóns onde se preparaba o compango de peregrinos para todos os que chegaban provenientes dos moitos camiños do mundo. Algúns peregrinos botaríanse a andar por vontade de achar reparación para penas espirituais, pero moitos outros, os máis, por traer e vender mercadorías e non poucos viñan fuxidos de extraños lugares onde deixaban pleitos, por roubo, adulterio, rebeldía no pago de tributos, así como soldados escapados das levas. Por iso os hospedeiros soían rexerse polas súas propias leis co fin de asegurar a paz e a convivencia entre persoas de tan diferente condición e miraban moi mal que embozados ou descubertos, aínda que chegasen no nome da xustiza ou dos mesmos reis polo brazo dos seus sicarios, viñesen impor o seu propio respecto.

Berta Dávila

Autoficción

- Carga de lirismo
- Procura da intensidade literaria en feitos do cotián

• Temas:

- » Relacións familiares
- » Saúde mental
- » Temas universais
- » Temáticas sociais

- Estilo coidado
- Narradora en 1ª persoa
- Mestura entre accións e reflexións
- Trama dilatada

Carrusel (2019)

Cóntolle a Natalia que estou embarazada uns días antes de que ela marche a traballar ao Brasil, onde seu pai é médico nun hospital privado da capital. É verán e ela leva un pantalón curto de gasa con flores azuis. Eu reparo en que ten as pernas longas. Pareces unha garota de Ipanema, dígolle. Nunca saberei se alí a agardaba un traballo máis precario do que quixo confesarme (Natalia non se queixaba nunca) ou unha soidade menos soportable do que contaba. Sinto que os meus amigos marchan ao exilio. Os aeroportos que os levan lonxe son todos iguais. E os apartamentos provisionais e as cidades en que estamos sen querer estar nelas tamén son todas iguais, como un monstro de dúas cabezas que sorrí cando estamos de paso e ouvea cando non temos ningún lugar preciso ao que volver.

Illa Decepción (2020)

Soñei que perdía a miña casa. E soñei que a miña casa non era o lugar onde agora vivo senón un territorio de meu ao que lle chamaba así: a miña casa, e era de verdade miña. Soñeir que a perdía non porque se esvaea no fume dun incendio nin porque algo ou alguén me obrigase a marchar senón porque cando ía buscala xa non estaba onde debería estar, coma se as casas tivesen a particularidade de extraviarse igual que fai un libro detrás dos mobles ou un calcetín entre as sabas. Emprego con coidado cada palabra, coma se as escollese dunha caixa de cereixas do mercado. Apreixo soamente as que me parecen maduras: o lugar, o territorio, a casa.

Espertei co meu fillo dentro da cama e xuntos fomos limpando os poucos espaxados do soño sobre as primeiras horas da mañá. Cando chegou de novo a noite xa non lembraba case nada do argumento do soño pero aínda permanecía intacta a estrañeza.

Os seres queridos (2022)

As clínicas privadas para interromper un embarazo parécense ás clínicas privadas de fertilidade. Nelas só hai persoas que están alí por unha imperfección delicada, que non confesarían ás primeiras de cambio a propios e estraños. Teñen ambas un aspecto de consultorio médico de mentira, falsamente acolledor. Nas clínicas privadas de fertilidade hai fotografías penduradas das paredes (...). Os sofás son brancos, e os mobles, de madeiras claras.

Nas outras clínicas nada é branco. Non hai paneis diáfanos, non se respira un ambiente de pureza e unha pode atopar cartelaría de cores sólidas —verde, negro— e agocharse detrás de cristais translúcidos (...).

Acudo con Carlos á primeira das citas para interromper o meu embarazo tal e como acudira con Miguel, cinco anos antes, a unha clínica de fertilidade na procura dunha explicación para o que nos ocorría —despois do segundo aborto— e co desexo de ter un fillo, algo que naquela altura parecía irrenunciable.

Sol de Inverno

Rosa Aneiros (2009)

Es Inverno. Inverno. Nena de pel branquísima e fazulas coloreadas polo sol alto do verán. Es Inverno, cativa de xílgaros nas mans e notas musicais na cuberta do peito. Ti es Inverno, Inverno, aínda que no teu corpo nunca callou unha mísera folerpa. Si. Es Inverno, a muller náufraga que fuxiu dunha batalla para recalar noutra guerra moito peor. Nesoutra guerra en que os homes non se feren con balas de chumbo, só se asasinan con silencios e ameazas, desatados da terr da que foron capitáns. Lémbrao, es Inverno, aférrate a iso con unllas e dentes. Esgaza a carne e retorce o pelo pero non perdas iso. Apaña os recordos desde estoutra beira da vida que agora te mira. Apaña, Inverno, os restrollos que che arrastra a maré. Sé unha crebeira, Inverno, apaña o refugallo a refugallo as esmolos que che concede esta loita contra o tempo. Es a cativa que cruzou o mundo para te defenderes das lembranzas, para fuxires do insoportable retrouso da metralla de lume... E mírate agora, Inverno, só deveses por lembrar. Por seguir existindo nas palabras que che vai perdoando esta intensa vida.

Comeza polas lembranzas primeiras. Serache máis doado. Vai amodiño, gorenta palabra a palabra, cada imaxe, cada son. Vai devagar, fai que perdure ese instante en que todo volve. Vai tirando do fío e deixa que o nobelo vaia esmigallando entre os teus dedos. Agarra cada centímetro de memoria e baila outra volta por riba dela. Coma se foses unha buxaina nun torreiro. Farás que todo volva, se é que algunha vez marchou. Se é que algunha vez existiu. Ti, Inverno, eras nena de moitas palabras. Sabías poñerlle nome a todo, sabías posuír o mundo. Pero o tempo irachas roubando. Esquecerás os significados e tamén os significantes. Esquecerás saber que nome recibe o tempo, os abrazos, os sentimentos, as ausencias. Borrarás cada son para que as lagoas sexan menos fondas. Esquecerás o teu propio corpo. Mais hoxe precisas volver a aquel espazo. Precisas volver a Antes, o lugar onde medraba o salitre e o azafrán. As cereixas e o sal. Alí, Antes, xusto ao norte de todos os latexos. Onde o vento dá a volta e forma rodopíos na memoria.

Agora, Inverno, só agarda lembrar. É o último facho que queda aceso para continuar vivindo. Volver a Antes.

Avelaíñas eléctricas

Sica Romero (2022)

Podería estar a vivir un soño, pero fáltasme. Lembro esa tarde naquel faiado con bufarda en que me mirou e me dixo que non se fiaba dela mesma. Non me fío de min, Mariña. Como fas ti, Mariña, pra fiarte de min? Sinxelamente, fágoo. Confío en ti. Pero como? Porque iso é o que sucede cando alguén te quere. Pero como sabes que non che hei fallar? Non había resposta que llo fixese comprender. O resto do día, Olivia desapareceu no seu mundo dándolle voltas a saber o que.

* * *

Saes do café á tardiña. Por fin. Xente de máis na rúa. Barcelona invadida polos flashes que bombardean monumentos e paisaxes: intento de recuperar o pasado, de faser da vida algo importante que pagha a pena ser recordado ou introducido nunha carpeta do iphone. E que vas disir ti. Non tes un iphone, pero si unha ghalería con mil imaxes e un instagram cunha morea de seghidores ós que non coñeses, pero dos que che encanta resibir likes e comentarios.

Un sol máis alto

Ismael Ramos, *A parte fácil*, 2023

Non digas iso. É terrible iso que dis, cortouna mentres collía outro cigarro. Ninguén é deste lugar.

Despois de tantos anos? Mesmo tes o teu cuarto. Nótase que é teu, insistiu.

Este lugar pasa por ser unha casa, pero non te enganes, Sariña, é unha prisión. Fíxate. Estamos no centro deste lugar idílico: unha hectárea de herba sempre cortada, brillante. Este rectángulo no medio dun bosque magnífico, como a pegada dun dedo de Deus. Pero non é así. O cuadrilátero está para vermos e ser vistas. Se unha de nós pon un pé fóra sen autorización, non tardarían nin dous minutos en devolvernollos ao noso cuarto. Ninguén corre tanto coma eles, ninguén alcanza nunca o límite, as árbores. E mentres, permanecemos aquí, neste lugar que finxe ser casa. Estamos todas aquí suspendidas nesta pegada de Deus que é coma unha condena, unha acusación. Coma es apagasen sobre nós unha cabicha. Eu levo vinte e cinco anos aquí.

De súpeto parecía cansa. Levaba o pelo —débil, máis escaso e branco cada vez— recollido nun moño diminuto.

E por iso segues viva, aclarou Sara.

Equivócaste, equivócaste outra vez, berrou. Estar aquí non é estar viva. Estar aquí é ser o xoguete de teu pai, o teu xoguete. Quen dixo que eu queira estar viva?

Súa nai mirouna aos ollos fixamente. O fume do segundo cigarro xa comezara a encher o teito do cuarto, flotaba sobre elas coma un soño.

Levo vinte e cinco anos atrapada, Sara. É que non o entendes?

Mamá, estás enferma. Nós só queremos coidar de ti. Non hai un lugar mellor, creme.

Non o entendes, non. Ti tampouco o entendes. Pensei que o comprenderías, tan parecida a min.

A Sara sorprendeulle que súa nai dixese aquilo. Ergueuse e sentou no chan, a carón da butaca. Súa nai seguía fumando. Apoiou a cabeza contra aqueles xeonllos agudos, incómodos e agardou ata que ela comezou a acariñarlle o pelo.

A vida está fóra, cariño. Aí fóra están o aire, o mar. Aí fóra hai un sol máis alto. Un sol que brilla máis ca este, con máis intensidade. Eu quero ese sol. Morro de fame por ese sol, por esa luz. Sabes cal é a diferenza entre facer algo moi lentamente, con moito coidado, e non facer nada en absoluto? O rigor, a constancia, non perder de vista nunca o obxectivo. Levo vinte e cinco anos nese camiño.

Sara chorou e molloulle a tea da saia deixando manchas pequenas dun azul escurísimo. Súa nai seguiu acariñando durante dous ou tres cigarros máis.

Canto hai que non usas o xampú de camomila?



O importante, queridas alumnas, non é a
resurrección da carne, senón a resurrección
da memoria

PAULA CARBALLEIRA

Tema 12

*O teatro de fins do XX e comezos do
XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90.
Dramaturgos, tendencias e compañías
máis relevantes*

Lista de temas:

1. Anos 70
2. Anos 80
3. Anos 90
4. Século XXI



Euloxio Ruibal

Fases do teatro galego da época

- 1. Teatro independente (1965-1978)
- 2. Teatro profesional (1978-1984)
- 3. Teatro institucional (1984-1995)

Anos 70

Tema 12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras

- Grupo de Ribadavia (tema 8)
 - » Manuel Lourenzo
 - » Euloxio Ruibal (*Zardigot*, 1973)
 - » Roberto Vidal Bolaño
 - » Manuel María (Premio Abrente en 1973 coa obra *A farsa do Bulubú*)

Trazos máis salientables

- Trátase dunha primeira fase de apertura que chegará ao seu momento álxido na década dos 80 coa creación do Centro Dramático Galego e a eclosión dos espectáculos teatrais
- Publícanse obras anteriores que permaneceran inéditas
- Fase de transformación:
 - » Vontade transgresora e pluralidade de tendencias
 - » Innovacións temáticas e estilísticas: aparece un teatro mítico (*Tebas namorado dunha forca*), trátase a materia da Bretaña (*Todos os fillos de Galaad*, de Manuel Lourenzo, 1978) ou mesmo o teatro experimental
 - » Experimentación cos subxéneros e gusto polas pezas breves
 - » Hibridación, non só entre subxéneros, senón entre xéneros e artes (contacontos, performances etc.)

Contexto

- Contexto xeral:
 - » Tardofranquismo e falecemento do ditador en 1975
 - » Etapa de transición / posterior Estatuto de Autonomía en 1980 e Lei de Normalización Lingüística en 1983
 - » Ampliación do mundo editorial galego (Xerais, Sotelo Blanco) e creación de premios (Certame de Teatro Infantil da Asociación “O Facho”, 1973)
 - » Entrada da lingua galega no ensino
 - » Apertura do libro galego ao mercado masivo e á literatura en escolas e institutos
 - » Incremento da presenza feminina (Queizán, por exemplo)

- » Coincidencia de autores de varias xeracións que se inflúen entre si
- Contexto no mundo do teatro
 - » Creación das Mostras de Teatro de Ribadavia (1973)
 - » Precusores no Grupo Abrente ou Grupo de Ribadavia (Tema 8)
 - » Aparición das compañías profesionais: (“Antroido”, “Artello”, “Caritel”)
 - » Creación da Escola Dramática Galega (1978) e dos “Cadernos”

Zardigot (1973)

Euloxio Ruibal

(O CAPITÁN e mais ESTRELA. Están apertados mesmo xeito que SABELA e XAQUÍN. Rin os dous.)

CAPITÁN
Quédanos pouco tempo...

ESTRELA
(Agarimosamente) Cala...!

CAPITÁN
Volverei por ti!

ESTRELA
Non... Non pode ser... (*Danse unha aperta máis forte. Aos poucos, ESTRELA arrédase e fálalle ao público*).

Fiquei co Capitán máis tempo, moito máis do que agardaba. Unha estraña forza empuxoume a seguir con el e, xa que logo, a esquecerme dos meus, do meu fillo principalmente.

Daquela, o Capitán tiña que cumprir unha secreta misión lonxe de alí, e eu decidín seguir cara á fronte, sempre na procura do meu Mingos. (*Volve onda o CAPITÁN*) Que facemos mentres?

CAPITÁN
Xogar á brisca... ou deitarnos.

ESTRELA
Pavero...!

CAPITÁN
Foron uns bos días, non si, ruliña?

ESTRELA
Foron, Capitán.

CAPITÁN
Volverémonos ver...

ESTRELA
Non.../(...) Non podo. Teño... teño home...

CAPITÁN
Non debía cumprir moi ben...

ESTRELA
Coma un reloxo. Por que o dis?

CAPITÁN
Pareceumo. Precisabas... agarimo.

ESTRELA
Pois erras. Se o dis porque fiquei contigo, has de saber que non me atopaba eu ben daquela.

CAPITÁN
Quen o diría! Co traballo que me custou engaiolarte!



Luísa Villalta

Fases do teatro galego da época

- 1. Teatro independente (1965-1978)
- 2. Teatro profesional (1978-1984)
- 3. Teatro institucional (1984-1995)

Autores e obras

- María Xosé Queizán (Antígona, a forza do sangue, 1989)
- Roberto Vidal Bolaño (Aga-sallo de sombras, 1984)
- Manuel María (Auto do Maio esmaiado, 1985)
- Cándido Pazó
- Henrique Rabunhal

Anos 80

Tema 12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI

Trazos máis salientables

- Nos 80 ten lugar a eclosión do teatro institucional
- Renovación de temas, recursos e estilos
- Eclosión e pluralidade de voces e liñas
 - » Vontade transgresora
 - » Innovacións temáticas e estilísticas
 - » Temas que van dende a lectura comprometida ata o cultis-mo lúdico de Luísa Villalta, pasando pola comedia urbana ou o posmodernismo de Reixa. Tamén ten lugar o auxo do teatro infantil e xuvenil
 - » Experimentación e recurso do metateatral
 - » No estilo, hai moita variedade: simbolismo, humor, ironía, culturalismo

Contexto

- Falecemento do ditador en 1975
- Etapa de transición / posterior Estatuto de Autonomía en 1980 e Lei de Normalización Lingüística en 1983 / medios de comunica-ción en lingua galega
- Ampliación do mundo editorial galego (Xerais, Sotelo Blanco) e creación de premios (Premio de Teatro Breve da Escola Dramática Galega)
- Aumento da produción en lingua galega
- Entrada da lingua galega no ensino
- Apertura do libro galego ao mercado masivo e á literatura en esco-las e institutos
- Incremento da presenza feminina (Queizán, Luísa Villalta, Xohana Torres xa dende a década dos 60)
- Coincidencia de autores de varias xeracións que se inflúen entre si
- Creación do Centro Dramático Galego en 1984
- Importancia dos Cadernos da Escola Dramática Galega

Concerto para un home só (1989)

Luísa Villalta

(Cando se ilumina a escena haberá unha sala con mobiliário antigo preparada para dar un pequeno concerto de salón: sofá, cadeiras, mesa etc. Haberá tamén un estrado cun atril de pé e un espello grande que duplique a figura do concertista á vista do público cando se poña diante do atril. Todo estará disposto de tal xeito que, cando o artista se dirixa ao público imaxinário da escena, estexa, de feito, dirixíndose ao público real, criándose ao mesmo tempo distancia e ambi-güidade. Escóitase amplificado un acorde de violino en pizzicato que fica resoando un momento. Sai un Home vestido de fraque, co andar decidido e pasos sonoros. Trai na man un violino sen cordas. En medio de fortes aplausos, diríxese ao seu estrado e saúda repetidas veces.)

HOME


Amadísimo público, señora condesa, ilustres espectadores. Gracias, gracias (Os aplausos vanse apagando.) Un lamentábel accidente, tan inoportuno como inexplicábel, fai imposíbel o meu concerto de hoxe. Non podo dicir se Deus ou o demo, quizais os dous a un tempo dis-putándose a miña alma, rebentaronme as catro cordas do violino. Portanto, vexome na obriga de pedir-lles disculpas e suspender esta actuación, na que habia de executar a Partita número dous para violino só, de Bach, nos seus tempos de Allemanda, Courante, Zarabanda, Xiga e Chacona, como lles tiña prometido. A promesa, non obstante, fica en pé para outra ocasión, en agradecimento e correspondencia aos señores condes, á sua hospitalária amizade, á sua benevolencia e apoio para con este humilde artista que percorre o mundo con este violino e o seu talento como única bagaxe. (Pausa.) En fin, mais nada. Reitero as miñas disculpas e espero poder compracelos en breve. Moitas gracias.

(Saúda, dá a volta e dispónse a sair por onde entrou. No extremo mira para o violino. Pensa, virase e, cunha idea súbita, diríxese novamente ao público.)

Se me permiten... (indeciso) quiereria facer-lles unha confesión. Éme tan difícil deixar a esce-na... preferiria seguir aquí. É todo tan fermoso. (Contemplando todo, arranxa o fraque, pon o violino debaixo do brazo e examina o arco). Ah, o meu violino. Sen o meu instrumento sinto-me, non sei como dicir, orfo, inútil... iso é, inútil. E iso non pode ser. Un artista ten sempre un deber que cumprir, e é poñer ao serví-cio do público todo o que leva dentro. (Mais decidido). Creo que esta é unha magnífica ocasión. O violino cala, pero agora falo eu. (Pausa.) Podemos comprobar, de feito estou xa comprobando, que sigo a ser o centro das atencións. (Deixa o violino sobre unha cadeira, perto do seu lugar, de pé contra o respaldo.) Eu só, sen violino. O artista só, o artista nu.

Si, agora falarei eu. Ouvirán de min o que son realmente, o que sinto, todo o que son capaz de transmitir. Pero, conto co seu interese e a sua colaboración? (Mira para as cadeiras esperan-do aprobación.) Vexo que asenten. O que vale é estar entre amigos. Amigos e colaboradores. O artista e o seu público son dúas caras da mesma moeda. Estamos destinados a celebrar xuntos un grande mistério: a Arte. Brindemos por iso.

(Toca unha campaiña e entra un criado cunha bandexa, botella e copa que deixa sobre a mesa antes de retirarse. O Home serve-se cantaruxando o “Libiamo ne’lieti calici” da Traviata.)



Roberto Vidal Bolaño

Fases do teatro galego da época

- 1. Teatro independente (1965-1978)
- 2. Teatro profesional (1978-1984)
- 3. Teatro institucional (1984-1995)



Anos 90

Tema 12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras

- Autores de épocas anteriores
 - » Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal, Roberto Vidal Bolaño
- Autores novos
 - » Cándido Pazó (*Raíñas de pedra*, 1994), Lino Braxe (*A promesa*, 1991), Miguel Anxo Murado (*A grande noite de Fiz*, 1994)

Trazos máis salientables

- Nos 90 ten lugar a consolidación das liñas exploradas durante os 70 e os 80
- Pluralidade de temas, recursos e estilos
- Dáse unha comunión entre tradición e modernidade
- Confluencia das figuras de autor-director-dramaturgo-tradutor
- Consolidación das tendencias anteriores
- Eclosión e pluralidade de voces e liñas
 - » Vontade transgresora, hibridación e exploración
 - » Innovacións temáticas e estilísticas
 - » Continúa a experimentación
 - » Relación co medio audiovisual

Contexto

- Etapa de transición / posterior Estatuto de Autonomía en 1980 e Lei de Normalización Lingüística en 1983 / medios de comunicación en lingua galega
- Consolidación do mundo editorial galego no mercado masivo (aumento da produción de narrativa en lingua galega, asentamento da lingua galega no ensino)
- Consolidación da mirada de xénero e feminista
- Coincidencia de autores de varias xeracións que se influen entre si
- Consolidación da divulgación do teatro (revistas especializadas, artigos)
- Compañías como Chévere, relevante ata os nosos días

Saxo tenor (1991)

(A cada pouco escóitase ó lonxe o monótono fungar das sirenas erguéndose fachendosas sobre o rebumbio rutineiro do tráfico, e máis preto, alí mesmo xa, sobre o enlousado da rúa, o bater duns pasos achegándose. Dous homes dobran a esquina e intérnanse na encrucillada. Un é vellouco e cano, e o outro está na flor da madurez. O vello portado cun frac choqueirón e provisorio, do que destaca sobremaneira unha paxarela vermella, das de lazo, salpicada de lunares brancos, o que lle imprime á súa figura un certo aire de louco ou de pallaso. O outro viste con coidada informalidade e cóbrese cunha gabardina longa, das de cinto.)

O Tío SAM
Non esqueza o que acordamos. Nome completo, alcume e retrato. O meu e o dela. Tome nota Ramón Freire Taboada, alias "O Tío Sam" e Hortensia Fontes López, alias "Rita Hayworth". En primeira páxina e en letras ben grandes. Vai saber ese cabrón o que é bo! (*No medio da praza xa.*) Mire, aquí foi onde mataron o rapaz vai para dous anos e onde onte veu morrer ela.

O HOME GRIS
Por que di veu morrer? Matárona, non?

O Tío SAM
Si, pero... eu enténdome. Como é que me dixo que se chamaba?

O HOME GRIS
Quen? A tipa esa?

O Tío SAM
Non, ela non, vostede.

O HOME GRIS
Non llo dixen.

O Tío SAM
Pois non o faga! Canto menos saibamos un do outro, mellor. E non era unha tipa, era unha señora. Impórtalle que así, entre nós lle chame Johnny?

Roberto Vidal Bolaño

O HOME GRIS
Por que me habería de importar?

O Tío SAM
Quen sabe? O mundo está cheo de xente moi rara, e non a todos lles gusta que os chamen por un nome distinto ó que teñen de seu. A min é que sempre me tirou moito todo o americano, e de aí que lle poña á xente nomes de alá. De coñecidos, ou de famosos. Vostede lémbreme a alguén a quen apreciei moito. Era de Cincinatti, e chamábase así, Johnny. Traballaba para a mafia, sabe?, pero era legal cos amigos coma poucos. Díxenlle xa que, aquela noite de marras, mentres pasaba o que pasou, puñan na española *Un tranvía chamado desexo*?

O HOME GRIS
Dixo. Do que aínda non soltou prenda foi do resto.

O Tío SAM
Cada cousa ó seu tempo. O que é a vida, non si, Johnny? Ás veces relembro todo, teño chegado á estraña conclusión de que, no fondo, aquela non tería sido unha noite moi distinta a outra calquera, se non fose porque... Como se chama o tipo ese célebre da camiseta suada?

O HOME GRIS
Brando, Marlon Brando.

O Tío SAM
O actor non! O personaxe! (...) Prendeu xa o aparato?

O HOME GRIS
Non, aínda non...

O Tío SAM
Pois préndao, a que agarda?
(O home faille caso. Quita un magnetófono pequeno dun dos petos da gabardina e pono en marcha.)



Paula Carballeira



Nee Barros



Esther F. Carrodegua



Helena Salgueiro

Século XXI

Tema 12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI

Autores e obras

- Paula Carballeira: *As alumnas*, 2022
- Nee Barros: *Identidade*, 2021
- Esther F. Carrodegua: *Iribarne*, 2024

Trazos máis salientables

- De novo, gran variedade de obras e liñas
- Pluralidade de estilos, voces e tendencias
- Ansia de renovación: renovación de temas, recursos e estilos
- Prefírese a naturalidade ao barroquismo

Contexto

- Coincidencia de autores de varias xeracións que se inflúen entre si
- Influencias moi variadas, tanto galegas como foráneas
- Presenza das novas tecnoloxías e das redes sociais
- Certames, revistas especializadas e novas canles de comunicación e publicación
- Aceleración dos procesos sociais
- Novas identidades
- Ironía, parodia e pastiche posmodernos ou metamodernos
- Hibridación de produtos (Performance, danza, produtos que se moven entre o poético e o dramático)

Fragmentos d'As alumnas (2022) Paula Carballeira